

CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.
DIRECCIÓN GENERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.

PLAN FORESTAL DE GALICIA
SÍNTESE

XUNTA DE GALICIA

Imprime:

Galicia Editorial, S.A. - Gaesa
C. Gambrinus, 97. La Grela-Bens. La Coruña

I.S.B.N.: 84-453-0401-1

Depósito Legal: C. 396-1992

ÍNDICE

	Páxina
A POLÍTICA FORESTAL GALEGA	7
1. CONCEPCIÓN E FUNDAMENTOS DO PLAN FORESTAL DE GALICIA	17
1.1. Metodoloxía do Plan Forestal de Galicia.....	18
1.2. Obxectivos e metas operativas do Plan Forestal de Galicia.....	19
2. O MEDIO NATURAL COMO CONDICIONANTE BÁSICO DO PLAN	23
2.1. O medio físico.....	24
2.2. Os espazos sensibles incluídos no Plan Forestal de Galicia.....	30
2.3. A fauna.....	31
2.4. Os recursos cinexéticos.....	33
3. O MARCO XERAL DO SECTOR FORESTAL	35
3.1. Consideracións sobre o marco xurídico-legal.....	35
3.2. As Administracións Públicas.....	37
3.3. O contorno socioeconómico do sector forestal.....	39
4. O SECTOR FORESTAL GALEGO	46
4.1. A ocupación do chan e a propiedade.....	46
4.2. Estructura das masas forestais.....	50
4.3. Os produtos do monte.....	51
4.4. A industria forestal.....	54
4.5. As empresas de servizos forestais.....	62
4.6. Emprego total directo.....	63
4.7. O comercio e os fluxos da madeira.....	64
5. CULTURA FORESTAL E OPINIÓN PÚBLICA	69
5.1. A cultura profesional do monte.....	71
5.2. A cultura forestal na sociedade galega.....	72
5.3. As formas do discurso forestal.....	75
6. O MODELO DE MONTE E O SECTOR FORESTAL DERIVADO	80
6.1. Definición do modelo de monte.....	80
6.2. Metas operativas do modelo de monte.....	81
6.3. Metodoloxía de elaboración do modelo de monte.....	81
6.4. Os resultados do modelo.....	83

Plan Forestal de Galicia. Síntese.

6.5. Consideracións sobre os resultados do modelo.....	87
6.6. Transformacións necesarias para acadalo modelo.....	88
6.7. Evolución do sector forestal derivado.....	92
7. OS INSTRUMENTOS DE EXECUCIÓN DO PLAN FORESTAL DE GALICIA.....	97
7.1. Modernización da Administración Forestal da Comunidade Autónoma Galega.....	98
7.2. Plan de Mellora Xenética.....	106
7.3. Plan de Comunicación e Divulgación Forestal.....	106
7.4. Plans Comarcais de Intervención.....	108
7.5. A defensa contra os incendios forestais.....	113
7.6. A investigación e as ensinanzas forestais.....	114
7.7. Incentivos ó investimento no monte.....	116
7.8. Apoio ás Comunidades veciñais e á xestión dos montes en man común.....	118
7.9. Apoio á industria e comercio dos produtos forestais.....	119
7.10. Apoio ás organizacións do sector.....	121
7.11. Rede de parques periurbanos e espazos sensibles.....	123
7.12. Soporte xurídico e mecanismos de seguimento e avaliación do Plan Forestal de Galicia.....	125
8. INVESTIMENTOS, FINANCIACIÓN E BALANCE ECONÓMICO.....	128
8.1. Resume dos investimentos previstos.....	128
8.2. Distribución dos investimentos entre iniciativa pública e iniciativa privada.....	131
8.3. Incentivos ó investimento privado.....	131
8.4. Fontes de financiación.....	132
8.5. Balance económico.....	133
8.6. Prazo de execución do Plan Forestal de Galicia.....	135
9. PLAN ESPECIAL PARA O QUINQUENIO 1993-1997.....	137
9.1. Introducción.....	137
9.2. Plan Especial 1993-1997.....	139
9.3. Presuposto para o Plan Especial 1993-1997.....	142
9.4. Distribución de investimentos e gastos entre a iniciativa pública e a privada no Plan Especial 1993-1997.....	144
9.5. Incentivos públicos ó investimento privado.....	145
9.6. Financiación.....	146

MAPA DO MODELO DE MONTE E USOS DO TERRITORIO.

A POLITICA FORESTAL GALEGA

A POLITICA FORESTAL GALEGA.

Os recursos forestais son de trascendental importancia dentro da nosa Comunidade Autónoma e cada vez máis no novo marco da Comunidade Económica Europea. Os dous tercios da superficie territorial de Galicia, aproximadamente 2 millóns de has., eran xa de vocación forestal antes da recesión agrícola.

O bosque nas sociedades avanzadas está adquirindo un valor crecente polo seu carácter de recurso escaso de alta calidade. E isto é así tanto pola súa aportación á mellora da calidade de vida, á estabilidade dos ecosistemas xerais e á xeración de actividades de lecer, como pola produción de materias primas renovables con posibilidades de alto valor engadido que requiren tecnoloxías punta na súa transformación.

As condicións estruturais sitúan a Galicia nun lugar privilexiado en Europa para o desenvolvemento da riqueza forestal. Na situación actual, cun saldo de un millón de hectáreas destruídas polo lume nos últimos vinte anos, a produción forestal de Galicia xera un elevado número de empregos, maioritariamente no mundo rural, e un produto bruto que supera o 4% do total galego. O conxunto do sector proporciona emprego a un colectivo cercano ás 40.000 persoas. O seu privilexiado valor estratéxico maniféstase no feito de que aparece como un dos ámbitos con maior capacidade de atracción de investimentos.

Ademais deste potencial económico, o monte constitúe un dos determinantes fundamentais do medio natural. Por esta razón, da súa mellora e xestión correcta dependen en gran medida a calidade ambiental, a diversidade da paisaxe, a conservación da flora e a fauna e a satisfacción das crecentes demandas sociais de actividades de ocio. En estreita relación con estas cruciais funcións do monte está a súa singular capacidade de contribuír ó desenvolvemento rural nas zonas de montaña. Mellora-lo benestar destas comunidades, promovendo un aproveitamento integral

e equilibrado dos recursos forestais, aparece como unha forma viable de evitar que se consume o proceso de despoboamento, facilitando ó mesmo tempo a conservación da diversidade e a calidade do medio natural.

O desenvolvemento rural implica dous procesos básicos. O primeiro fai referencia ó acondicionamento do hábitat mediante unha serie de equipamentos que fagan posible unha vida de calidade e permita contrapesa-lo forte atractivo da vida na cidade. O segundo céntrase na promoción de actividades económicas viables e capaces de proporcionar un nivel aceptable de ingresos familiares, permitindo deste xeito a consolidación dos núcleos de poboación.

Este último requisito é o que obriga a tomar, unha vez máis, como espacio de referencia para calquera intervención, a comarca, porque constitúe a unidade territorial mínima para a implantación e o funcionamento dunha serie de servicios hoxe imprescindibles. A intervención comarcal parece a única forma de artellar unha poboación que vive en núcleos de poboación minúsculos, dispersos e illados.

O acondicionamento do espacio rural céntrase no tratamento harmónico das diferentes producións e actividades que se xeran no seu territorio. Por esta razón, o seu manexo debe tomar en conta a diversidade das súas características, non só como instrumento productivo, senón como un ben a mellorar en sí mesmo. Esta perspectiva facilitará a configuración de espazos diversificados, reducirá tensións, incrementará a rendibilidade e producirá un notable incremento do valor da paisaxe. Desde esta óptica, non pode sorprender que o deseño destes proxectos encontre o principal soporte para a súa viabilidade nas novas demandas urbanas dos bens e os servicios que poden producir estas comunidades. Segundas residencias familiares e vivendas para vacacións ou para turismo de fin de semana, alimentos de calidade producidos no bosque —cogumelos, mel, castañas...—, o turismo forestal, coas actividades de caza e pesca ou deportes de montaña, a recuperación da artesanía e da cultura tradicional poden xerar un importante nivel de ocupación que, unido ó aproveitamento forestal, darían revitalizado un bo número de comarcas de montaña. Unha das aportacións máis relevantes deste modelo é facer compatible o aproveitamento de diversos recursos co mantemento e a mellora do medio natural.

Esta situación require a formulación dunha política forestal específica e a asignación de medios extraordinarios que permitan, por un lado, o aproveitamento dun recurso estratéxico para o desenvolvemento integral de moitas comarcas e, por outro, responder ás enormes expectativas que ofrece a este sector o horizonte do Mercado Unico Comunitario.

Criterios básicos da política forestal galega.

O obxecto da política forestal é o monte, en canto medio físico e natural, e o sector forestal, como conxunto integrador das actividades humanas relacionadas cos bens, e os servizos que produce ou que nel teñen a súa orixe.

O monte, de acordo coa Lei de Montes en vigor, é a terra en que vexetan especies arbóreas, arbustivas, de mato ou herbáceas, sexan espontáneas ou procedentes de semente ou plantación, sempre que non sexan características do cultivo agrícola ou fosen obxecto do mesmo (Tít. 1º Cap. I da Lei de Montes).

Pola súa parte, enténdese por sector forestal o monte como medio natural, as súas producións, os sucesivos procesos industriais que as transforman, a súa comercialización, os servizos demandados por estes subsectores, incluída a formación, o ensino e a investigación. A harmonización de intereses que inciden no monte require do desenvolvemento dunha cultura forestal na sociedade acorde coas particularidades do sector forestal galego. Por todo isto, a política forestal debe ser:

Autónoma, formulada sobre bases e con obxectivos propios, contemplando os intereses xerais do país e do sector e en interrelación con outras políticas, especialmente as agrarias.

Global, concibida para o sector forestal no seu conxunto.

Integrada, que asegure, mediante unha xestión polivalente e unitaria dos recursos,

o cumprimento da triple función do monte e que satisfaga as demandas dos diferentes subsectores e da sociedade.

Solidaria, atendendo a tódolos intereses implicados no sector.

Estable, proxectada a longo prazo a fin de garanti-la continuidade das accións.

Obxectivos programáticos.

O carácter fráxil da estrutura do monte require investimentos a longo prazo, soporta mal os cambios bruscos de actuación e o seu aproveitamento integral ha de responder a tres tipos de obxectivos programáticos:

- a) Conservación e protección de recursos naturais.
- b) Mellora da calidade de vida mediante formas de uso social e recreativo.
- c) Económico, en canto produtor de materias primas renovables e inductor de procesos de transformación.

Estas tres clases de demanda definen os obxectivos fundamentais que debe promover dun xeito harmónico a política forestal. A primeira dimensión a ter en conta é a conservación e aproveitamento integral do monte como ben de utilidade social e como produtor de materias primas renovables. En segundo lugar, isto só é posible mediante o desenvolvemento dunha rede de servizos especializados dedicados á xestión, a explotación e a mellora do monte. En terceiro lugar, non pode ter pervivencia un monte de calidade se non existe unha industria de transformación diversificada que engada valor ós seus produtos. Por último, unha visión unitaria capaz de dar cohesión ó monte e ó sector forestal, así como de resolver-las posibles tensións entre as diferentes demandas requiren o desenvolvemento dunha cultura forestal que permita recoñecer-las valores do monte e dea orixe entre a poboación galega a unhas actitudes e comportamentos acordes á súa nova importancia.

O obxectivo prioritario de partida de calquera política forestal en Galicia, é a erradicación dos incendios forestais. Unha vez superada a xeneralización dos in-

condios e reducidos estes a lumes esporádicos e controlables, a política forestal debe pretender un equilibrio entre as funcións ambientais do monte e a obtención de rendementos económicos satisfactorios.

Puntos estratéxicos da política forestal.

Se os obxectivos definen a dirección que cómpre imprimir ó sector a longo prazo, os puntos estratéxicos sinalan as accións claves para conseguilos. O atraso das estruturas do sector, a escaseza de recursos dispoñibles e as fortes demandas do sector, esixen delimitar con precisión os puntos neurálxicos de intervención que poden ter un maior efecto multiplicador en Galicia. Neste sentido considérase estratéxico o desenvolvemento das seguintes accións:

- a) Crear unha rede de espazos naturais que satisfagan as demandas sociais de mellora da calidade ambiental, recreo e ocio, procurando o desenvolvemento das actividades das sociedades locais e o respecto ós seus costumes.
- b) Impulsar, xunto coa concentración de montes, a creación de sociedades e, en xeral, de asociacións de pequenos propietarios como medida de choque para a introducción dunha silvicultura moderna, amplia-lo tamaño das explotacións e canalizar de forma eficaz as axudas para a recuperación dos terreos incendiados.
- c) Estimula-lo investimento forestal por parte da iniciativa privada e en particular as transferencias de capital desde as empresas forestais cara ó monte.
- d) Elaborar plans integrados de desenvolvemento que contemplan a importancia estratéxica do sector forestal galego e que faciliten maximiza-lo financiamento con fondos comunitarios, en particular destinados á creación de infraestruturas, reforestación e recuperación de sistemas forestais, investigación forestal e formación especializada de recursos humanos.
- e) Procura-la integración organizativa dos diferentes axentes dentro do sector (produtores, transformadores e Administración) mediante o apoio ás súas organiza-

- cións representativas e a creación dun órgano institucional de negociación e diálogo.
- f) Dotar ás comunidades de servicios especializados de asistencia para a xestión dos montes veciñais, con implantación comarcal onde a importancia dos predios o requira.
 - g) Para conseguí-los obxectivos desta política e dado o volume esperado de negocios e a complexidade crecente do sector, é imprescindible a existencia dunha autoridade forestal con competencias e recursos acordes coa súa nova dimensión. Isto implica, ó mesmo tempo, unha nova organización da Administración Forestal Autonómica. A eficacia esixe que os servicios desta nova organización forestal teñan unidades comarcais.
 - h) Dispoñer con urxencia dun Centro Superior de Estudos Forestais que sexa capaz de ofrece-los técnicos e especialistas que require o sector.
 - i) A forte innovación que supón esta política require a organización dun grupo *ad hoc* de expertos para o deseño e o seguimento das políticas a establecer.
 - j) Senta-las bases que posibiliten o desenvolvemento de planos de divulgación de cultura forestal que respondan ás novas demandas sociais e do sector.

PLAN FORESTAL DE GALICIA

SÍNTESE

1. CONCEPCIÓN E FUNDAMENTOS DO PLAN FORESTAL DE GALICIA.

Falando de planificación forestal, cómpre distinguir dúas dimensións diferentes e complementarias: a política e a técnica. En canto instrumento político, o Plan Forestal de Galicia quere ser un proxecto de futuro para o monte galego, compartido por tódolos axentes sociais e cun contido no que a sociedade galega recoñeza un horizonte que responda ós seus valores e sexa capaz de satisfacer as súas demandas. Desde esta perspectiva, o Plan recolle os obxectivos comúns para definir unha política «de Estado», capaz de transcender os cambios conxunturais e de perdurar no tempo.

Desde a perspectiva técnica, o Plan Forestal de Galicia defínese como un instrumento que diseña un modelo forestal a longo prazo, que responde ós obxectivos que se lle marcan e que se axusta ó volume de recursos dispoñibles. O punto de partida vén establecido por:

- as condicións físicas e estacionais do noso territorio e as súas posibilidades para xerar recursos renovables,
- as demandas actuais que se lle fan ó monte en relación coa súa función ambiental, os usos sociais e recreativos e a produción de materias primas,
- a situación actual dos montes, caracterizada en especial por un alto grao de deterioro, do que a expresión máis notoria é o elevado risco de incendios,
- a importante contribución que os recursos forestais poden proporcionar ó desenvolvemento integral de Galicia e en especial ó seu desenvolvemento rural.

O Plan toma en consideración os procesos de cambio, en particular as profundas transformacións da nosa sociedade rural, a evolución das tecnoloxías, as estra-

textias desenvolvidas pola CE e a evolución dos mercados internacionais.

Todos estes factores sinalan o ámbito no que se sitúan os instrumentos que han de provoca-la evolución desde a situación actual deica o modelo deseñado. Tal como recolle o *Documento de Bases para la elaboración del Plan Forestal de Galicia*, o Plan prevé as fontes de financiamento e propón os mecanismos de seguimento e avaliación que o axusten ó longo da súa vixencia.

1.1. METODOLOXIA DO PLAN FORESTAL DE GALICIA.

A elaboración do Plan seguiu dúas grandes etapas. A primeira dedicouse ó estudo e a análise das dimensións fundamentais que afectan ó Sector Forestal. A partir de aquí, a segunda etapa ocupouse do deseño dun modelo de monte para o futuro e do seu axuste ós recursos dispoñibles no tempo, así como do establecemento dos instrumentos que fan posible a posta en marcha do Plan.

Estudiáronse, como punto obrigado de partida, as políticas sectoriais dos países forestalmente máis avanzados e das rexións europeas que dispoñen de programas forestais específicos. Con este marco de referencia analízanse así mesmo as liñas centrais e as prioridades da política forestal en Galicia. Creouse, a través de enquisas e entrevistas en profundidade, un banco de datos coas demandas sobre o monte da sociedade e dos diferentes axentes e institucións implicadas no sector. A análise destas demandas constitúe un elemento imprescindible á hora de axustalos obxectivos, establece-lo modelo de monte e defini-los instrumentos para a súa implementación.

Así pois, o Plan presenta dúas partes ben diferenciadas. Unha primeira que describe o medio natural e o marco en que se desenvolve o sector e unha segunda que recolle os temas de planificación. Todo isto acompáñase coa cartografía que, ademais do modelo de monte deseñado e usos do territorio, inclúe a mapificación das principais variables físicas que interviñeron na construción do modelo.

En canto ás fontes utilizadas, cabe destacar que os documentos básicos para a elaboración do Plan foron: o Proyecto Marco de Repoblaciones de Galicia (1986), o Mapa Forestal de Galicia (1986), o Avance del Segundo Inventario Forestal de Galicia (1988), Estudio Sobre los Flujos Comerciales y Procesos Industriales de la Madera en Galicia (1991), o Inventario de las Poblaciones Cinegéticas de Galicia (1989) e a Encuesta sobre Cultura Forestal en Galicia (1991).

1.2. OBXECTIVOS E METAS OPERATIVAS DO PLAN FORESTAL DE GALICIA.

O documento de bases para a elaboración do Plan Forestal de Galicia, establecido pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes en novembro de 1990, define as metas operativas para o monte e o medio natural, como base territorial cunhas características das que van depende-los parámetros principais dos demais compoñentes do sector forestal. Así, propóñense como metas operativas principais:

- a) Dotar á Comunidade Autónoma de Organos Administrativos axustados ó horizonte e necesidades que sinala o Plan Forestal.
- b) Realiza-los investimentos necesarios en infraestructuras forestais e establecer un sistema de incentivos que posibilite a explotación do monte e faga atractivo o investimento.
- c) Conseguir unidades de explotación de tamaño viable mediante o impulso do asociacionismo, a concentración de montes e medidas fiscais incentivadoras que favorezan a reforestación e a ampliación das parcelas.
- d) Alcanzar un modelo de monte cunhas funcións básicas que teñan en cada territo-

rio unha alta correspondencia coas condicións estacionais, conteña no seu conxunto unha distribución equilibrada dos seus usos e sexa capaz de:

- Manter na condición de espazos protexidos aqueles que na actualidade houberen sido calificados como tales. Incorporar a esta condición os espazos forestais que pola súa vexetación, fauna ou valores paisaxísticos consideranse representativos da diversidade natural galega para conseguir un conxunto equilibrado co resto dos usos forestais.
- Destinar ó aproveitamento cinexético, ó pastoreo extensivo e ó desenvolvemento da vida silvestre os espazos forestais con condicións estacionais desfavorables. Procurarase o establecemento dunha vexetación espontánea en equilibrio con estes usos.
- Duplica-la produción actual de madeira nos espazos forestais dos que a función preferente sexa a productiva, procurando o mantemento do capital xenético galego.

e) Apoia-la actividade da industria transformadora:

- Programa-las condicións satisfactorias para a reconversión do sector de serra.
- Acorde coa progresiva mellora da produción forestal, incentivaranse os procesos de segundas e posteriores transformacións para conseguir-lo maior valor engadido.
- Estimula-lo consumo interior de produtos forestais (derivados da madeira, cogumelos, castañas, ...).

f) Poñer en marcha un sistema de Formación e Investigación acorde coas demandas do futuro modelo de monte e do previsible desenvolvemento do sector forestal.

- Cumprirá establecer con urxencia estudos superiores que formen enxeñeiros forestais e especialistas en xestión, organización e economía forestais.

- Urxe igualmente deseñar modelos de extensión forestal entre os propietarios a fin de crear silvicultores.
- Igualmente é perentorio contar coa organización necesaria para responder á demanda de capacitación e especialización dos traballadores das industrias forestais e das empresas de silvicultura e explotación forestal.
- O desenvolvemento dunha silvicultura moderna e a dimensión industrial do sector forestal obriga a crear unidades de investigación ben dotadas e altamente cualificadas nas que se integren a Administración, os produtores de madeira e a industria.

O modelo de monte do futuro debe contemplar pola súa parte a necesidade de mante-la diversidade xenética e a complexidade xeral dos ecosistemas e debe ter en conta a conveniencia de amplia-lo número de especies forestais e de produtos a obter. O modelo debe atender ós seguintes usos ou utilidades:

1. Terreos de uso cinexético preferente ou para pastoreo en alta montaña, cuando reúnan todas ou algunha das seguintes condicións estacionais:
 - Altitude superior a 1.400 metros sobre o nivel do mar.
 - Pendente superior ó 45%.
 - Solos de profundidade inferior ós 25 cms. con rocha nai compacta.
2. Terreos de protección especial polos seus valores naturais ou por seren ecosistemas fráxiles, ben sexa debido ás súas propias condicións estacionais ou ben sexa pola alta incidencia que a actividade humana poida ter sobre eles:
 - Zonas húmidas litorais e continentais.
 - Illas de propiedade pública.
 - Terreos de interese pola súa flora ou pola súa fauna.
 - Terreos necesarios para establecer parques periurbanos de recreo.

- Montes protectores.
- Formacións vexetais climáticas.
- Formacións ripícolas e plantacións lineais relevantes.

3. Terreos arborados con función productora preferente, que serán os forestais non incluídos nos usos anteriores e os terreos agrícolas marxinais.

2. O MEDIO NATURAL COMO CONDICIONANTE BASICO DO PLAN.

A elaboración dun modelo teórico que afecte ó medio natural debe partir necesariamente dun coñecemento analítico preciso dos recursos e características físicas. A discontinuidade da paisaxe topográfica galega, a diversidade de climas e estacións, a variabilidade litolóxica e edáfica ou a heteroxeneidade de usos e costumes dificultan enormemente a análise global dos factores físicos determinantes do ecosistema forestal. Por tanto, resulta obrigado buscar unidades de análise con certo grao de homoxeneidade, que permitan aproximarse á realidade e, unha vez examinadas, percibir unha visión do conxunto.

Dos distintos criterios que poden ser considerados para identificar estas unidades espaciais, procurouse elixir un que correlacionase un número suficiente de variables determinantes das estacións forestais. Así, considerouse a vexetación climatófila galega como elemento diferenciador por ser síntese dos principais factores físicos dos ecosistemas forestais e as súas interaccións: clima, solo, litoloxía, xeoloxía e topografía.

A partir das divisións bioxeográficas establecidas por Braun-Blanquet e seguindo a síntese de Rivas Martínez, á que se lle efectuou un axuste fundamentalmente en función de parámetros xeográficos, establecéronse sete comarcas xeoforestais para todo o territorio galego. Cinco delas, Costa Norte, Costa Atlántica, Meseta Central, Montaña Nororiental e Interior Sur, pertencen á rexión Eurosiberiana e as dúas restantes, Vales Interiores e Montaña Sudoriental á rexión corolóxica Mediterránea.

2.1. O MEDIO FISICO.

A orografía do territorio galego está formada por unha estrutura aplanada, que conforma a Meseta Norte; polas estruturas montañosas do leste, Serras Orientais, e do sur, macizos montañosos de Ourense e de Pontevedra; e polas depresións que conforman os vales interiores e o sistema das Rías Baixas. As altitudes chegan ós 2.124 m. e a cota media é de 508 m. A metade da súa superficie ten pendentes superiores ó 20%. Presenta unha rica composición litolóxica, con rochas efusivas, metamórficas e sedimentarias, ácidas, básicas e ultrabásicas.

Os climas son variados dentro dun carácter xeral húmido, con precipitacións anuais que oscilan desde 600 mm. a máis de 3.000 mm., dando un predominio case total a tipos de bosque da Aestilignosa. Benefíciase dun medio físico heteroxéneo que ofrece unha rica gama de recursos naturais, entre os que destacan os de natureza forestal ou derivados do monte.

Galicia sitúase no Planeta a medio camiño entre o Polo Norte e o Ecuador, ocupando latitudes do máis representadas nas terras emerxidas, e que tan adecuadas teñen sido, polo menos no pasado, para o desenvolvemento da sociedade humana. A estas latitudes corresponden numerosos países en diferentes continentes, que en conxunto ofrecen unha gran riqueza de formacións boscosas elaboradas en millóns de anos de evolución incesante, illadas pola distancia ou outras barreiras de diverso tipo que a presenza humana agora pode romper cando interese.

Comparando, por exemplo, Galicia con zonas homólogas en latitude e clima doutros continentes, obsérvase unha gran pobreza de especies arbóreas, máxime se se ten en conta a situación corolóxica de Galicia, a cabalo de dúas importantes rexións fitoxeográficas, Eurosiberiana e Mediterránea, pobreza que se pode atribuír simplemente ás características continentais que a rodean.


O mellor exemplo comparativo ofrécenolo o Sudoeste de Oregón (EE.UU.) onde, coa mesma extensión que Galicia, as mesmas latitudes, forma, fisiografía e climas, e tamén á beira oriental dun grande océano, crecen espontaneamente unhas catorce

especies frondosas case todas caducifolias, moi próximas botanicamente ás dezaseis que se dan en Galicia e de porte mediano como as nosas, que inclúen carballos, amieiros e freixos. Pero, alternando con elas cóntanse ata 33 especies de coníferas pertencentes a trece xéneros botánicos (o xénero piñeiro está representado por 10 especies), entre os que se encontran árbores de desenvolvemento xigantesco, gran lonxevidade e calidade de madeira superior. Como contraste, en Galicia as coníferas arbóreas nativas só están representadas polo teixo, rarísimo e lentísimo de desenvolvemento. A orixe destas diferencias haberá que buscala, polo menos en parte, na disposición latitudinal de mares e cordilleiras en Europa que, unido ás bruscas alteracións do clima no Cuaternario, non permitiron a moitas especies subsistiren movéndose ó compás dos fortes cambios do clima.

A topografía.


A topografía galega foi e é un factor natural de primeira importancia que ten condicionado e condiciona o medio e os recursos naturais de múltiple forma, principalmente pola súa influencia, de sempre, no clima local e, desde a chegada da agricultura, na intensidade da acción modificadora antropoxénica.

Gráfico Nº 2.1. : DISTRIBUCION SUPERFICIAL DAS COTAS EN GALICIA.



Cota media : 508 metros.

FONTE : Elaboración propia.

Gráfico Nº 2.2. : DISTRIBUCION SUPERFICIAL DAS PENDENTES EN GALICIA.

FONTE : Elaboración propia.

No gráfico clinométrico pódese ver a distribución superficial por pendentes cun valor medio que é para Galicia 21,5% e, no altimétrico, a distribución superficial por cotas cunha altitude media como xa se dixo de 508 metros.

A climatoloxía.

O clima galego nas súas características xerais está tamén condicionado polo emprazamento xeográfico de latitudes medias e ó bordo oeste do continente e polas modificacións que introduce logo a orografía local.

O anticiclón atlántico, cos seus movementos estacionais, é quizais o factor máis influínte. No verán intensifícase, sobe de latitude e desprázase cara ó leste, meténdonos perifericamente no seu radio de acción, orixinando os veráns secos que caracterizan a toda Galicia en contraste coa alta pluviometría anual. De aí vén o forte matiz mediterráneo do réxime de chuvias, matiz que se vai agudizando ó avanzar cara ó sudeste, provocando cambios importantes na vexetación espontánea, quedando unhas catro quintas partes de Galicia enmarcadas na rexión bioxeográfica Eurosiberiana (comarcas xeoforestais 1, 2, 3, 4 e 5 das definidas neste Plan Forestal) e a outra quinta parte, máis seca, na rexión Mediterránea (comarcas xeoforestais 6 e 7).

No inverno, ó afrouxarse o citado anticiclón das Azores e retirarse cara o sudoeste, deixa paso libre ós ventos e borrascas do oeste que traen masas de aire marítimo cargado de humidade e de temperatura superior á que corresponde pola nosa

latitude, aínda cando veña ás veces cun compoñente norte, por ter sido, neste caso, quentado pola corrente mariña do Golfo. Isto fai que en xaneiro teñamos na zona litoral unha temperatura media superior en 8 °C á que nos correspondería por latitude, non estando en cambio apreciablemente modificada a de xullo. Consecuencia desto é unha amplitude térmica baixa entre as medias mensuais ó longo do ano, que varía desde 8,5 °C en puntos da costa ata 17 °C no extremo sudoriental que caracterizan os climas oceánicos e de transición. Segundo o índice de Gorezynski de continentalidade,


$$K = \text{amp.} \times 1,7 / \text{sen lat.} - 20,4$$

moi aceptado para este mester, clasifícanse como oceánicos cando K vale entre -11 e +10; como de transición entre +10 e +20 e como continentais a partir de +20 ata +100, nos de máis extrema continentalidade. A metade de Galicia máis litoral entraría no primeiro grupo con $K = 0,5$ en puntos da costa, e a outra metade encadraríase no segundo grupo de transición, con só algún punto do extremo oriental de Ourense no clima continental ($K = 23$).

Outra característica climática de Galicia de moita trascendencia forestal é a carencia de xeadas excepcionais como, por exemplo, as que se dan cada 20 ou 30 anos no sudoeste de Francia, (-20 °C a poucos metros sobre o nivel do mar), cunha latitude semellante á do norte de Galicia e clima, polo demais, suave e oceánico coma o galego. Este fenómeno nunca ten sucedido en Galicia, onde os mínimos rexistrados en estacións baixas non descenden duns -5 °C, tendo que remontarse ás serras e mesetas altas do interior para encontrar rexistros, nos peores anos, de -15 °C. As masas polares ou árticas incubadas no anticiclón invernal de Siberia non afectan a Galicia nas súas incursións cara a Occidente.

Consecuencia da situación a escala continental citada e da nosa orografía particular son as diferentes variantes climáticas que se dan dentro da rexión e consecuencia destas, e en menor grao das circunstancias litolóxicas, son as series sucesionais de vexetación que se reparten a área e que serviron, como síntese dos factores ecolóxicos, para delimita-las sete comarcas xeoforestais que se distinguen no presente Plan Forestal.

Gráfico Nº 2.3. : AS COMARCAS XEOFORRESTAIS.



- 1 Comarca Costa Norte.
- 2 Comarca Costa Atlántica.
- 3 Comarca Meseta Central.
- 4 Comarca Montaña Nororiental.
- 5 Comarca Interior Sur.
- 6 Comarca Vales Interiores.
- 7 Comarca Montaña Sudoriental.

—●— Límite provincial.
— Límite de comarca.

Litoloxía e solos.

En Galicia hai unha gran variedade de rochas. Parga Pondal resúmeo dicindo que é un complexo de materiais ígneos e metamórficos en diverso grao, de idades comprendidas entre o Proterozoico e finais do Hercínico, ós que se unen depósitos sedimentarios do Terciario e Cuaternario. Falta representación da era Secundaria (Mesozoico).

Os granitos e granitoides cobren un 45 % aproximadamente do territorio e entre eles o grupo máis estendido é o dos granitos alcalinos de dúas micas, homoxéneo, aunque tamén é frecuente en zonas de forte metamorfose a variante de anatexia.

Outro tipo de rochas que ocupan parecida extensión có anterior é o das rochas xistosas máis ou menos metamorfizadas. Completan o cadro dos grandes grupos litolóxicos de Galicia as rochas básicas (anfíbolitas, glabros e piroxenos) e ultrabásicas (peridotos, dunitas e serpentinas) situadas principalmente na provincia da Coruña (Ortegal, Melide, Santiago, Carballo) e, menos, en Pontevedra (Vila de Cruces) e os sedimentos aluviais pouco ou nada consolidados do Terciario e Cuaternario en depresións e terrazas de ríos (As Pontes, Terra Cha, Sarria, Lemos, Ourense, etc.).

A excepción das rochas ultrabásicas de serpentina por un lado e as excesivamente cuarcíticas por outro, o resto das rochas nais, que son a maioría en Galicia, reúnen unha composición de partida en elementos nutrientes maioritarios plenamente favorable para a produción forestal, como o demostran os excelentes crecementos que se logran cando a profundidade do chan ou razóns climáticas non o impiden.

O carácter chuvioso da rexión produciu unha evolución dos solos cara á acidez que, nos casos extremos, pode chegar a pH 3,5 pero, en xeral, mantense entre 4 e 5,5. Esta acidez, limitante para moitos cultivos agrícolas, non afecta á produción forestal, cando non é excesiva, pois son maioría as árbores que prefiren chans ácidos para o seu desenvolvemento. Os solos máis frecuentes dos montes son os rancker dístricos e húmicos, os cambisoles dístricos e húmicos e os cambisoles gleicos.

2.2. OS ESPACIOS SENSIBLES INCLUIDOS NO PLAN FORESTAL DE GALICIA.

Neste apartado considerouse oportuno cita-lo número e superficie dos espazos sensibles que se sinalan no Plan Forestal de Galicia. Son espazos que deben dispoñer dunha planificación e tratamento específicos. Todos eles foron cartografados e preséntanse nos mapas.

Baixo esta denominación de «*espacios sensibles obxecto de planificación especial*» inclúense os Espazos Naturais Protexidos que figuran nas *Normas Complementarias y Subsidiarias de Planeamiento de la Xunta de Galicia* e outros que foron identificados e delimitados na elaboración deste Plan Forestal tendo en conta criterios de protección e función social. Figuran entre estes últimos zonas de altitudes moi prominentes con respecto ó medio circundante, de fisiografía complicada, con fortes pendentes e abundancia de solos superficiais, erosionados por unha frecuencia excesiva de lumes, expostos a fortes ventos que, unidos ó anterior axente, ó que reforzan, dificultan a recuperación do manto vexetal perturbado e o seu beneficioso efecto protector precisamente contra o vento, en persistente círculo vicioso.

Figuran tamén zonas de alto valor florístico e para a vida silvestre, con pouca interferencia, sen embargo, nos procesos agrícolas, gandeiros ou forestais: conservación de bosques relictos como faiais, carballeiras, aciñeirais, olmedas, teixedos e galerías riparias, etc. Protección árica fauna, ó menos potencialmente, de esteiros, lugares húmidos e montaña agreste.

Espazos tamén de alto valor paisaxístico ou para o lecer da poboación, cada vez máis necesitada de contactar coa natureza que lle ofrece capacidade ilimitada para absorbe-los seus ocios.

Dedicouse unha atención especial ás formacións riparias e liñais por mor do interese que teñen para a protección dos sistemas fluviais, para a diversificación estacional e para a riqueza de nichos ecolóxicos, anque pola súa escasa dimensión transversal non se poidan representar na Cartografía.

Cadro Nº 2.1. : DISTRIBUCION PROVINCIAL DOS ESPACIOS SENSIBLES CONTEMPLADOS NO PLAN FORESTAL DE GALICIA.

PROVINCIAS	Nº	SUPERFICIE (has.)
Coruña	67	30.960
Lugo	42	92.766
Ourense	27	165.255
Pontevedra	40	52.540
GALICIA	176	341.521

FONTE : Elaboración propia.

2.3. A FAUNA.

En Galicia salváranse ata épocas recentes uns espazos particularmente ricos en fauna silvestre, especialmente aves, debido á dificultade que presentaba a súa posta en cultivo: gándaras, lagoas e esteiros. Citemos como exemplo as 5.000 has. da lagoa de Antela, que aprendían nos manuais de Xeografía tódolos estudantes españoles da xeración anterior. Ofrecía condicións ideais onde se desenvolvía unha activa vida silvestre, a pesar do furtivismo e a caza incontrolada. Cando se desecou, hai cousa de 30 anos, perdeuse a posibilidade de dispoñer en Galicia, con medidas doadas de control de caza e control do furtivismo, dun parque natural riquísimo en especies acuáticas endémicas ou de paso entre Europa e África occidental, co enorme interese turístico e subseguinte impacto social e económico para a comarca, se fose intelixentemente manexado.

Cómpre, pois, recomendar moita prudencia cando se trate de invadilos poucos espazos que lle quedan á fauna silvestre con obras como a descrita, de natureza agraria ou doutro tipo, como a construción de urbanizacións e avenidas, complexos industriais, explotacións mineiras, etc., que, promovidas por necesidades do momento, poden ocasionar danos irreversibles ou de difícil emenda.

A fauna presente actualmente en Galicia é froito da interacción dun conxunto complexo e variado de factores que determinan a presenza ou ausencia de calquera

especie e, no seu caso, a maior ou menor abundancia. Entre todos eles poden destacarse os seguintes:

- O pasado (eras, glaciacións, etc.).
- A situación xeográfica (latitude, rexión zooxeográfica, presenza de mar, etc).
- A xeoloxía local.
- A formación do hábitat apropiado.
- A dispoñibilidade de alimento.
- As interaccións intra e interespecíficas (competencia, parasitismo, predación, etc).
- E sobre todo, na actualidade, o home.

Galicia entra de cheo no chamado Imperio Holártico. Este termo bioxeográfico pódese concretar máis reducíndoo a Euroasia, falándose daquela de Paleártico. Os sucesivos achegamentos e illamentos dos bloques euroasiático, americano e africano, así como a evolución do clima nun pasado recente, actuaron como determinantes decisivos nos procesos de especiación que deron lugar ás especies actuais da fauna holoártica e, xa que logo, de Galicia.

Estas son as razóns básicas de que na fauna galega atopemos, xunto a especies tipicamente europeas, especies de orixe africana. Por outro lado, a situación relativamente apartada da cornixa atlántica e a existencia de serras altas e vales illados motivaron a aparición dun número apreciable de endemismos, especialmente naqueles grupos cunha baixa capacidade de dispersión, como é o caso dos anfibios e os réptiles e, en menor grao, de mamíferos pequenos.

En resume, Galicia posúe unha fauna propia da rexión Holártica misturada con elementos mediterráneos e con ausencia dalgunhas especies norteñas que, sen embargo, habitan na rexión cantábrica. A presenza de elementos mediterráneos afecta máis ás zonas costeiras de Galicia e ós vales dos seus grandes ríos, pero tampouco faltan na zona media e montañosa. En consecuencia Galicia é unha ampla zona de transición.

2.4. OS RECURSOS CINEXÉTICOS.

A riqueza cinexética de Galicia, en liñas xerais, presenta un nivel bastante baixo en comparación co resto da Península Ibérica. En contraste con esta situación, existe unha gran práctica da actividade da caza. Segundo datos oficiais, o número de licencias regulamentarias existentes en Galicia é de 120.000, o que supón cerca do 20% das licencias de toda España. Este elevado número pode ter, entre outros factores, unha relación coa dispersión da poboación galega, co baixo custo da práctica desta actividade e, quizais tamén, pola protección persoal que dá a escopeta á xente que vive illada no campo. A escaseza de caza nótase máis cando se analizan as especies de caza maior. Sen embargo, nas dúas últimas décadas os cambios producidos nos usos do chan (abandono do monte e diminución dos cultivos) favoreceron as especies de caza maior. Hai que recoñecer que o gran desfase entre a elevada afección pola práctica da caza e a pobreza desta entraña un fracaso políticosocial, do que haberá que busca-la orixe, loxicamente e en último termo, na inadecuación da regulamentación vixente, no seu incumprimento ou na falta de xestión.

En canto á xestión da caza, os estudos e informes elaborados por expertos e sociedades de cazadores poñen en evidencia a ausencia dunha ordenación e aproveitamento idóneo dos recursos cinexéticos, sendo preciso un control estricto das repoboacións cinexéticas e do impacto que se produce no medio, na poboación existente da especie ou raza que se introduce e noutras poboacións animais, das que se pode romper-lo equilibrio e ata facer desaparecer algunhas delas. A mobilidade da fauna silvestre dificulta o control sanitario e a reparación do dano cando se iniciou. Especial coidado deberá terse cando a especie cinexética xa está presente, caso no cal, para evitar contaxios e dexeneracións, será preferible fomenta-la súa autodifusión sen recorrer a soltas periódicas para alcanza-la renda cinexética desexada. O sucedido coas enfermidades introducidas e a dexeneración producida coas hibridacións do coello pódense repetir con outras especies, como parece está ocorrendo tamén coa perdiz rubia. Igualmente cómpre sinala-la grande necesidade de vixilancia, pa-

ra combater na medida do posible o furtivismo, e de adecuación da cultura do cazador á cambiante situación das poboacións cinexéticas.

Facendo referencia á situación do medio natural galego e as súas implicacións respecto á caza, cómpre sinala-la grande desigualdade na distribución dos recursos. A excepción do coello, a zona oriental (provincias de Lugo e Ourense) actúa como un núcleo ou reserva cinexética a partir do cal se produce a expansión destas especies cara a zonas onde a caza é máis escasa; é dicir, a zonas máis occidentais. Sería de grande interese establecer hábitats ben protexidos que poidan actuar como reservas cinexéticas.

Se se analiza o efecto producido polos numerosos incendios forestais en Galicia vese que, polo tipo de vexetación e pola extensión queimada, a caza maior é a máis prexudicada. Da caza menor non se pode dici-lo mesmo, posto que a substitución de masas forestais por mato, como consecuencia do lume, pode favorecer a especies como o coello, a lebre ou a perdiz, se non se dan repeditamente.

3. O MARCO XERAL DO SECTOR FORESTAL

A existencia dunha pluralidade de Administracións con competencias en materia forestal, e a diversidade de ámbitos normativos implicados no sector dan lugar a unha dispersión normativa de difícil sistematización.

Deben resaltarse dúas constantes que presiden o panorama competencial e legal no sector forestal. Por unha parte, a gran amplitude de competencias asumidas pola Comunidade Autónoma de Galicia na materia e, por outra, a presenza dunha normativa, fundamentalmente estatal, en certa medida desfasada e, por eso mesmo, necesitada dunha urxente revisión.

A Comunidade Europea impuxo algunhas obrigas en canto a comercio de material de reprodución forestal a ter en conta, aínda que o máis interesante da súa lexislación é a amplitude de accións financiáveis ou cofinanciáveis con fondos europeos, a política sobre o medio ambiente e os convenios internacionais nos que participa en canto a conservación de especies e hábitats específicos e ós criterios comúns para a elaboración da lexislación medioambiental nos países membros.

3.1. CONSIDERACIÓNS SOBRE O MARCO XURÍDICO-LEGAL.

Ao abeiro dos artigos 148.1 .7 .8 .9 .11 e .19 da Constitución Española e dos artigos 27.10 .11 .15 e .30 do Estatuto de Autonomía de Galicia e de acordo coa competencia estatal formulada polo artigo 149 da Constitución Española nos seus párrafos 1, 13 e 23, fundamentalmente, a distribución competencial entre a Comunidade Autónoma de Galicia e a Administración do Estado en materias de conservación da natureza e forestal axústase ó esquema que establecen os seguintes Reais Decretos: R. D. 3318/82 de 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servicios do

Estado á Comunidade Autónoma de Galicia baixo a rúbrica xenérica de «Agricultura e Pesca»; R. D. 3425/83 sobre traspaso de materias referidas á investigación agraria e o R. D. 1535/84, de 20 de xuño, de ampliación de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia.

Dun modo xenérico pódese afirmar que a C. A. de Galicia dispón de competencias e capacidade xurídica suficiente para desenvolver unha política forestal. Soamente as competencias respecto ó medio natural e á fiscalidade se apartan desta consideración xeral.

Por un lado, a especial situación provocada pola impugnación da Lei de Conservación de Espacios Naturais e da Flora e da Fauna —que impide exercer unha serie de actividades á C. A. en favor do Estado— non aconsella unha explicitación de competencias deica que no se aclare este contencioso. Por outro, o actual sistema de xestión tributaria -no que o Estado se reserva competencias absolutas no Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e o Imposto sobre Sociedades, o manexo do cal aparece como o máis axeitado para incentivar os investimentos no monte-, deixa á C. A. nunha posición na que a instancia ou a recomendación son os únicos instrumentos ó seu alcance.

Outro aspecto que se deriva da análise do corpo xurídico vixente en materia forestal é a falta de adaptación das leis básicas forestais ás novas situacións, demandas e tecnoloxías. Así, pódese dicir que requiren unha revisión actualizadora a Lei de Montes de 1957, a Lei de Pesca de 1942 e a Lei de Caza de 1970.

Por outra parte, as características dos incendios forestais en Galicia xunto coa nova situación creada pola implantación dunha organización comarcalizada e específica de detección e extinción de incendios, aconsellan dispoñer dun soporte xurídico acorde que substitúa a Lei de Incendios de 1970, o contido da cal resulta hoxe claramente desfasado. Parece aconsellable que tal normativa forme parte do corpo dunha futura Lei de Montes galega.

Por último, merece unha mención especial a Lei de Arrendamentos Rústicos ata agora vixente, pola súa incidencia no destino de moitos predios agrícolas gale-

gos. O proceso de emigración do campo á cidade co conseguinte avellentamento da poboación rural orixinou o abandono de moitas propiedades. Esta circunstancia contribuíu notablemente a incrementa-lo risco de incendios forestais pola aparición de extensas superficies de matos de alta combustibilidade.

A nova situación derivada da crise das produccions agrícolas está provocando que moitos propietarios ausentes se decidan a transformar estas fincas en montes arborados. A Lei de Ordenamentos Rústicos, que mantén importantes limitacións á capacidade contractual da parte arrendadora, adoece na actualidade de excesiva rixidez. Na práctica, isto equivale a que sexa moi difícil establecer novos contratos de arrendamentos porque case equivale a una perda do dereito de propiedade. Se cadra, unha revisión desta Lei pode chegar a flexibilizar e facilita-la utilización destas terras abandonadas permitindo a entrada a novos capitais.

3.2. AS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.

As administracións públicas que con distinto grao de competencia afectan ó sector forestal galego son a do Estado, a local e a autonómica. A Administración do Estado ten en Galicia unha Delegación Rexional do ICONA que exerce as competencias deste Instituto no manexo de medios aéreos do Estado para a loita contra os incendios forestais así como a coordinación cos servicios de montes autonómicos en competencias compartidas, tales como a loita contra a erosión, o manexo de cuncas hidrográficas e a dotación de infraestruturas cofinanciadas conxuntamente coa CE e a CA . Igualmente existen catro Direccións Provinciais do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación que, en temas forestais, tramitan e remiten ós órganos centrais as solicitudes de subvencións para a mellora da eficacia das estruturas agrarias en labores tales como repoboación de terreos agrícolas, construción de camiños, construción de devasas, etc., financiadas conxuntamente co MAPA e a CE .

A Administración Municipal ten competencias directas sobre incendios e sobre autorización de industrias forestais. A vixente Lei de incendios forestais atribúe a súa extinción ós Alcaldes e Gobernadores Civís. Sen entrar nas razóns históricas que o condicionaron, os municipios galegos non tiveron os servicios, a organización nin as dotacións mínimas para poder atender estas competencias, pero tampouco os Gobiernos Civís teñen nin tiveron, nin antes nin despois do proceso autonómico, unha organización permanente, profesional e coa especialidade suficiente para auxiliar ós inexistentes servicios municipais.

No ano 1990 a Administración da C. A. de Galicia foi dotada dunha Subdirección Xeral de Defensa Contra Incendios Forestais, cunha organización comarcalizada que asume tódalas competencias da C. A. nesta materia e cunha importante dotación de medios para colaborar con aquelas autoridades.

As competencias administrativas da Comunidade Autónoma de Galicia en relación co sector forestal e os seus servicios están distribuídas en tres Consellerías e varias Direccións Xerais. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria é competente nas materias de formación profesional e universitaria. A Consellería de Industria e Comercio é competente en parte das industrias de primeira transformación da madeira (taboleiros e pasta de celulosa), na fabricación de mobles, carpintería, etc. A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asume na actualidade as competencias en montes, incendios forestais, conservación da natureza, caza, pesca continental, outras industrias forestais de primeira transformación, investigación e divulgación.

Todo ó longo dos últimos nove anos de autonomía fixéronse cinco reorganizacións da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, que tivo catro denominacións distintas nese tempo, coincidindo a actual coa primeira, de 1982. Sen embargo, o bloque principal de competencias en temas forestais mantívose na Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural que na actualidade inclúe: montes en xeral, recursos, produción, industria e comercialización forestal, espazos naturais, caza, pesca fluvial, recreo, protección do monte, montes veciñais e montes de Utilidade Pública, incluídos os de propiedade da C. A. e, de modo global, política forestal.

Outras Direccións Xerais desta mesma Consellería asumen competencias con incidencia directa no sector forestal: investigación, divulgación silvícola, concentración parcelaria de superficies forestais, infraestructuras forestais (camiños) e capacitación forestal.

A Administración de Galicia presenta unha certa especificidade que a diferencia da doutras comunidades autónomas españolas. Estas, ou ben adoptaron sen cambios o transferido, é dicir con separación funcional en grupos pouco ou nada relacionados entre sí (producción forestal, industrias e comercialización, capacitación e investigación, reformas das estruturas forestais, caza, pesca e espacios protexidos), ou ben separaron de maneira estanca por un lado montes e reforma agraria e por outro medio natural.

3.3. O CONTORNO SOCIOECONÓMICO DO SECTOR FORESTAL.

Galicia posúe unha densidade de poboación (hab./km²) superior en máis de quince puntos á española, pero eso non implica na nosa Comunidade a existencia de superpoboación xeneralizada no sentido das sociedades industriais avanzadas, senón que vén explicado fundamentalmente pola excesiva concentración espacial dos sectores secundario e terciario. Na recente evolución histórica obsérvase un forte crecemento dos sete grandes núcleos urbanos e zonas costeiras occidentais, acompañado dun intenso desprazamento da poboación de zonas rurais deprimidas. Así, segundo datos do Censo de Poboación de 1991, as provincias da Coruña e Pontevedra agregadas posúen unha densidade de poboación, medida en habitantes de feito por km², de 159,5 o que duplica sobradamente a densidade española, en tanto que o territorio de Lugo e Ourense ten unha densidade de 42,5, máis de trinta puntos por debaixo da nacional.

A perda de poboación intercensal (1981/1991) das zonas rurais e o incremento das urbanas pódese analizar no cadro Nº 3.1.

Cadro Nº 3.1. : EVOLUCION DA POBOACION GALEGA POR PROVINCIAS ENTRE 1981 E 1991.

PROVINCIAS	CARACTERES	1	2	3	4	5	6	7
		RURAL	SEMI RURAL	SUBTOTAL RURAL (1+2)	SEMI URBANO	URBANO	SUBTOTAL URBANO (4+5)	TOTAL (3+6)
CORUÑA	Nº Municip.	36	34	70	20	3	23	93
	Pob. Feito 91	111.353	237.728	349.081	299.455	441.360	740.815	1.089.896
	Var. Interc.	-17.777	-15.065	-32.842	15.778	23.545	39.323	6.481
LUGO	Nº Municip.	50	10	60	5	1	6	66
	Pob. Feito 91	147.060	68.968	216.028	76.104	86.960	163.064	379.092
	Var. Interc.	-28.317	-8.823	-37.140	4.073	12.974	17.047	-20.093
OURENSE	Nº Municip.	84	3	87	4	1	5	92
	Pob. Feito 91	182.546	16.969	199.515	40.776	107.247	148.023	347.538
	Var. Interc.	-69.287	-2.180	-71.467	495	11.162	11.657	-59.810
PONTEVEDRA	Nº Municip.	21	18	39	20	2	22	61
	Pob. Feito 91	74.149	123.331	197.480	330.970	351.422	682.392	879.872
	Var. Interc.	-6.615	-6.995	-13.610	6.024	27.561	33.585	19.975
TOTAL	Nº Municip.	191	65	256	49	7	56	312
GALICIA	Pob. Hecho 91	515.108	446.996	962.104	747.305	986.989	1.734.294	2.696.398
	Var. Interc.	-121.996	-33.063	-155.059	26.370	75.242	101.612	-53.447

Nº Municip. = Número de municipios.

Pob. Feito 91 = Poboación de feito segundo Censo 1991.

Var. Interc. = Variación intercensal (91 respecto a 81).

Rural = Menos de 5.000 habitantes.

Semirural = Entre 5.000 e 10.000 habitantes.

Semiurbano = Entre 10.000 e 50.000 habitantes.

Urbano = Máis de 50.000 habitantes.

FONTE : Elaboración propia a partir dos Censos de Poboación. I.N.E.

Historicamente obsérvase unha perda do peso relativo da poboación galega respecto á poboación total española. Así, en 1900 a poboación de feito galega superaba o dez por cento da española, encontrándose na actualidade en arredor do sete por cento. Se ata hai pouco este fenómeno podería vir explicado polo forte fluxo migratorio padecido por Galicia, na actualidade hai que o explicar en base á baixa taxa de natalidade galega que se encontra a máis de dous puntos por debaixo da media de España, e conduce a un avellentamento da estrutura demográfica particularmente acusado nas zonas do interior.

O sector primario e a estrutura da poboación activa.

O cadro sobre poboación ocupada por sectores económicos pon de relevo o desproporcionado peso da poboación agrícola en Galicia, sobre todo nas provincias de

Lugo e Ourense, respecto de España, o que confirma a existencia dun excedente de man de obra aproveitable noutras actividades.

Cadro Nº 3.2. : POBOACION OCUPADA POR SECTORES ECONOMICOS EN 1989. (%).

S E C T O R E S	CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA	ESPAÑA
Agricultura e Pesca	28	56	51,6	28,1	36,7	13
Industria	14,7	9,3	10,8	20,3	14,9	23,6
Construcción	9,5	5,6	9,4	9,6	8,9	9,3
Servicios	47,8	29,1	28,2	42	39,5	54,1
T O D O S	100	100	100	100	100	100

FONTE : Enquisa de poboación activa. I.N.E.

As características básicas do comportamento global do mercado de traballo en Galicia son a carencia de signos de mellora estable no problema do paro e o grave incremento da proporción de empregos precarios respecto ós estables e todo eso no marco dunha excesivamente baixa produtividade.

A pesar da continuada tendencia descendente do emprego no sector primario, resulta aínda excesivo o número de persoas ocupadas nel, estimándose que terán que sufrir unha forte redución para que o sector resulte competitivo. A diminución a realizar avalíase en máis do 50% do número de persoas ocupadas na actualidade, o que xeraría un excedente de man de obra potencialmente reconvertible e que sectores ou subsectores rexurdentes —e en concreto as actividades forestais e as industrias derivadas poderían reabsorber ó menos parcialmente.

3.3.1. INCIDENCIA DA POLITICA AGRARIA COMUNITARIA (P.A.C.) NO SECTOR FORESTAL.

A reforma e futuro da Política Agraria Común (P.A.C.) é un tema moi debatido no seo da Comunidade. Os problemas existentes e a necesidade de solventalos foron postos de manifesto, pola Comisión das Comunidades Europeas ó Consello,

nun documento de reflexión (COM (91) 100 de 1 de febreiro de 1991). Con posterioridade a este documento saíron á luz varias propostas de Regulamento (COM (91) 415 final) sobre axudas a medidas forestais na agricultura, métodos de produción agraria compatibles coas esixencias de protección do medio ambiente e axudas á xubilación anticipada no sector agrario, que recollen, nalgunha medida, o contido do documento de reflexión.

A CE non desenvolveu ata o momento unha verdadeira Política Forestal nin conta aínda cun soporte institucional neste ámbito capaz de deseñala. A análise dos documentos elaborados amosa, sen embargo, unha clara evolución nesta dirección. As preocupacións centrais da Comunidade están dominadas polo peso dos países máis avanzados, nos que a compoñente forestal ten unha menor entidade relativa e están en cambio máis sensibilizados ós problemas da contaminación do medio ambiente e ó da erosión da cunca mediterránea.

Desde esta óptica, a Comunidade elaborou unha serie de estratexias encamiñadas á protección dun recurso, que considera crucial para o mantemento do equilibrio ambiental e que se encontra gravemente ameazado polo risco de incendio, a chuvia ácida, a diminución da poboación nas zonas de montaña, así como por prácticas sociais abusivas e presións económicas doutros sectores que actúan a máis curto prazo. En particular, establecéronse liñas de investigación e programas de actuación para a prevención dos incendios, o mantemento da poboación nas áreas de alta montaña, a mellora da silvicultura e a restauración de bosques. Ultimamente a preocupación central da Comisión neste campo é a reforestación de terras agrícolas, co propósito de reduci-los excedentes agrarios.

Estas medidas non van máis alá da preocupación por conservar ecosistemas fráxiles, reduci-la contaminación e sobre todo buscar unha saída a unha agricultura excesivamente protexida. Falta unha perspectiva global e integrada dun sector, que necesita establecer previsións e instrumentar programas á longo prazo para cubri-lo alto déficit comunitario en produtos forestais, en especial de madeira (máis dun 50%).

Por ser un dos maiores consumidores do mundo e o cuarto produtor mundial,

a CE está prestando cada día maior atención a este mercado, que os bosques do sur de Europa están chamados a liderar. Convén lembrar a este propósito que o mercado forestal, despois do agroalimentario, constitúe o segundo mercado máis importante a escala mundial, e que a competencia se establece entre os produtos dos bosques artificiais.

A importancia crecente do mercado forestal europeo vese acrecentada porque a CE constitúe a unidade económica máis solvente. Por esta razón, a política de produción forestal é unha asignatura pendente na Comunidade e da que o deseño e aprobación se fai cada día máis urxente. A CE necesita modifica-la súa óptica, obsesionada polo proteccionismo agrario, para responder coa súa enorme capacidade productiva a unha demanda na que é fortemente deficitaria.

En definitiva, estase apoiando, por un lado, a retirada de terras co fin de reduci-la produción agrícola e, por outro, a reforestación desas terras. Desta maneira conseguiríase desenvolver outras actividades económicas (sector forestal) e protexe-lo medio natural.

Nunha comunicación da Comisión ó Consello e ó Parlamento Europeo (COM (91) 258 de 12 de xullo de 1991) ponse de manifesto a debilidade das axudas existentes para levar a cabo a reforestación de terras agrícolas. Así, proponse a mellora das mesmas co fin de promover unha repoboación sobre unha base ecolóxica, crear unha fonte de ingresos diversificada para os agricultores e reduci-lo déficit de madeira.

Por último, as axudas dirixidas case exclusivamente a fomenta-lo paso de terras agrícolas a forestais están provocando críticas por parte dos silvicultores que ven nestes estímulos unha marxinación á súa actividade e unha competencia desleal.

3.3.2. OS INVESTIMENTOS NO SECTOR FORESTAL GALEGO.

A análise dos investimentos realizados no sector forestal durante os últimos anos resulta clarificador para situa-lo medio económico no que se desenvolve a actividade forestal galega.

Cadro Nº 3.3. : ESTIMACION DOS INVESTIMENTOS NO SECTOR FORESTAL GALEGO. PERIODO 1985 - 1989. (Millóns de Pts.).

I N V E S T I M E N T O		PERIODO 1985 - 1989	MEDIA ANUAL
P U B L I C O	Reais	7.726	1.545,2
	Subvencións ó monte	2.109	421,8
	Subvencións á industria (1)	2.052	410,4
	SUBTOTAL PUBLICO	11.887	2.377,4
P R I V A D O	Serradoiros	7.011	1.402,2
	Taboeiros	14.605	2.921
	Fábricas de pasta	10.834	2.166
	Propietarios e comunidades de montes (2)	8.436	1.687,2
	SUBTOTAL PRIVADO	40.886	8.177,2
T O D A S	---	52.773	10.554

(1) Das subvencións á industria soamente se inclúe a cifra referente ós serradoiros xa que non se dispuxo de datos sobre as restantes.

(2) A estimación dos investimentos dos propietarios de montes e das comunidades de montes veciñais en silvicultura calculouse a partir das cantidades destinadas a subvencionar as actividades silvícolas considerando que o 80% da cantidade que destina a Dirección Xeral de Montes a subvencións invístese en silvicultura, que as subvencións cobren, consideradas globalmente, o 40% do investimento real e que soamente o 50% dos investimentos no monte se benefician de subvención.

FONTE : Elaboración propia a partir do *Estudio Sobre los Flujos Comerciales y Procesos Industriales de la Madera en Galicia*. Dirección Xeral de Montes e M.A.N. e Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma Galega.

Analizando os investimentos públicos obsérvase que en 1987 se produce un salto cuantitativo importante na atención pública a este sector respecto a anos anteriores. Esta tendencia crecente vese acentuada aínda máis a partir de 1990. Así, se no ano 1986 os investimentos reais e as transferencias de capital da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural supoñían o 5,44% do total da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, nos mesmos capítulos orzamentarios nos anos 1989, 1990 e 1991, a porcentaxe elévase ó 21,6%, 29,4% e 27,9%, respectivamente. Pola súa parte, se se consideran os investimentos da Dirección Xeral de Montes desde 1986 a 1991 e se acepta que o incremento no monto das subvencións vai asociado a un crecemento notable dos investimentos privados no monte, os mesmos supostos baixo os que se calculou o investimento en silvicultura durante o período 1985 -1989, aplicados ás subvencións concedidas durante os anos 1990 e 1991, dan

unha cifra de investimento no monte por parte da iniciativa privada de arredor dos 5.200 e 10.000 millóns de pesetas, respectivamente.

Respecto ós investimentos da industria de primeira transformación, é de destacar que o subsector con máis investimentos, en termos absolutos, é o de fabricación de taboleiros. En canto ó reparto dos investimentos, a maior cantidade asígnaselle á compra de maquinaria nos tres subsectores, seguida dos investimentos en edificacións e oficinas. Os investimentos en investigación e innovación tecnolóxica son apreciables na industria de pasta para papel.

4. O SECTOR FORESTAL GALEGO.

A paisaxe forestal galega está determinada basicamente por catro grandes formacións vexetais: os bosques de folla perenne, os matorrais, os cultivos e os mosaícos de frondosas e cultivos.

Os bosques de folla perenne son piñeirais, eucaliptais, masas mesturadas de piñeiros e de eucaliptos e masas mesturadas destas especies e de frondosas varias, xeralmente carballo pedunculado. Ocupan as terras máis setentrionais na Mariña lucense, a vertente atlántica, o val inferior do río Miño, a depresión de Ourense e o val inferior do río Limia; son terreos de aplanamento ou depresións con relevo suave ou de outeiros, con alto grao de humanización, agás as gargantas dos ríos Eo, Sor, Tambre e Ulla.

Os matorrais galegos máis extensos son os queirugás, que ocupan aproximadamente a cuarta parte do país. Son na súa maioría resultado de deforestación, aínda que nalgúns casos son formacións climáticas. En xeral, son grandes masas de matorral abertas con baixo grao de humanización. Os cultivos máis extensos e contínuos ocupan as depresións e, como é obvio, presentan o maior grao de humanización.

As formacións en mosaíco de cultivos e formas arborizadas máis extensas danse na chaira lucense. Nelas, os bosquetes de carballo pedunculado están integrados na explotación agrícola, á que proporcionan leña, estrume e pasto para o gando no inverno. Teñen un grao medio de humanización.

4.1. A OCUPACION DO CHAN E A PROPIEDAD.

Pódense distinguir en Galicia, a efectos forestais, tres grandes tipos de ocupación do chan: montes arborizados, matorrais e terreos non forestais.

O Mapa Forestal de Galicia de 1986 dá unha superficie forestal de 957.031 has. de monte arborizado, 903.816 has. de monte raso e 19.045 has. doutros terreos arborizados, como montes ocos e ribeiras. Comparando estes datos cos proporcionados polo Primeiro Inventario Forestal Nacional de 1.972/74 obsérvase unha diminución importante de superficies arborizadas e un incremento de terreos agrícolas e de matorrais.

Cadro Nº 4.1. : OCUPACION DO CHAN EN 1.986. (Sup. en has.).

FORMACION	CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA
Montes arborizados	334.795	293.113	192.322	136.801	957.031
Monte oco, ribeiras	1.155	6.640	10.802	448	19.045
Matorrais	145.410	284.803	324.750	148.853	903.816
Terreos non forestais (*)	302.559	392.998	196.759	154.031	1.046.347
T O T A I S	783.919	977.554	724.633	440.133	2.926.239

(*) Inclúe plantacións lineais.

FONTE : Mapa Forestal de Galicia 1.986 (MFG 1.986). Consellería de Agricultura.

Polo carácter xurídico do titular da terra, pódense distinguir cinco tipos de propietarios ós efectos de planificación:

- Os propietarios particulares, sexan persoas físicas ou xurídicas.
- As comunidades de veciños.
- Os municipios.
- A Comunidade Autónoma de Galicia.
- O dominio público.

Das 1.879.892 has. de monte que hai en Galicia, incluíndo ribeiras e monte oco, o 63,9% é de propiedade particular, o 32,9 é de propiedade veciñal e das institucións públicas é o 3,3% restante.

Acorde coa calidade das estacións onde están enclavados e o grao de descapitalización que presentan, os montes veciñais en man común teñen unha maior proporción de matorrais. A propiedade particular aporta a meirande proporción de terreos arborizados.

Cadro Nº 4.2. : PROPIEDAD DO MONTE EN GALICIA SEGUNDO FORMAS DE MASA. 1.986. (Sup. en has.).

PROPIEDAD	FORMACION			TOTAL
	MONTE ARBORIZADO	MATORRAIS	MONTE OCO, RIBEIRAS	
Particulares	780.284	402.113	15.301	1.197.698
Veciñal	144.579	470.720	3.744	619.043
C. A. e Estado	19.198	11.636	---	30.834
Municipal	12.970	19.347	---	32.317
TOTAL	957.031	903.816	19.045	1.879.892

FONTE : Elaboración propia a partir do Mapa Forestal de Galicia 1.986 (MFG 1.986).

A propiedade forestal particular ten unha gran importancia tanto por súa maior extensión como por ocupar as mellores terras e ser, en consecuencia, a de mellor produtividade potencial. Ademais, case dous tercios do monte de particulares está arborizado.

A maior extensión de monte arborizado de propiedade particular dáse en Coruña, que ten o 39% deste tipo de propiedade e formación; segue Lugo co 30% e o resto dáse a partes iguais en Ourense e Pontevedra. Os montes de matorral de particulares de maior extensión están en Lugo; Coruña e Ourense teñen unhas extensións semellantes e en Pontevedra os matorrais privados teñen, proporcionalmente, moita menor extensión. Os soutos de castiñeiros máis extensos están en Ourense e en Lugo, namentres desapareceron practicamente das outras dúas provincias.

As superficies medias dos montes de particulares por propietario é moi semellante nas catro provincias. Pódese estimar que o tamaño medio da propiedade oscila entre 1,5 e 2 has. repartidas nun alto número de parcelas.

Aínda que de menor extensión superficial, os montes veciñais en man común representan unha terceira parte da superficie forestal galega, se ben ocupan as terras de peores calidades estacionais e é evidente a súa menor produtividade potencial. O número de comunidades con monte veciñal, segundo datos dos Xurados Provinciais de 1986, é de 2.430 e a superficie media por monte é de 255 has.

Cadro Nº 4.3. : ESTIMACION DO NUMERO DE PROPIETARIOS DE MONTES PARTICULARES E TAMAÑO MEDIO DAS PROPIEDADES.
(Base Padrón Municipal de Habitantes 1.986).

PROVINCIAS	Nº de propietarios particulares	%	Media da propiedade (has.)
Coruña	246.888	36,7	1,70
Lugo	116.280	17,3	3,23
Ourense	137.234	20,3	1,80
Pontevedra	172.216	25,6	0,90
TOTAL GALICIA	672.718	100	1,78

FONTE : Elaboración propia a partir dos resultados da *Encuesta de Cultura Forestal* (Maio 1991), realizada polas empresas *ALEF - MB* e *SESFOR*. Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural. Xunta de Galicia. Padrón Municipal de Habitantes de 1.986. Mapa Forestal de Galicia 1.986.

Cadro Nº 4.4. : DISTRIBUCION PROVINCIAL DO MONTE VECIÑAL EN GALICIA SEGUNDO FORMAS DE MASA. 1.986. (Sup. en has.).

FORMACION	CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA
Monte arborizado	15.579	53.327	58.193	17.480	144.579
Monte oco, ribeiras	82	2.280	1.162	220	3.744
Matorrais	16.588	140.760	205.962	107.410	470.720
T O T A L	32.249	196.367	265.317	125.110	619.043

FONTE : Elaboración propia.

A maior extensión de montes veciñais dáse en Ourense, onde cobren case o 37% de toda a superficie provincial e a metade da superficie forestal. Lugo tamén ten unha gran superficie de monte veciñal, aínda que proporcionalmente menor. Os montes veciñais en Pontevedra representan o 44% da súa superficie forestal. En A Coruña, os montes veciñais son unha pequena parte da superficie provincial.

A superficie actualmente clasificada como veciñal en man común (619.000 has.) está xestionada a partes iguais polas comunidades propietarias e pola Administración Forestal autonómica.

A propiedade patrimonial do Estado ou da Comunidade Autónoma é simplemente testemuñal. Ademais das illas Cíes e Ons, as extensións forestais máis noto-

rias atópanse en Coruña na conca do río Eo, nos Ancares en Lugo e nos montes do Invernadeiro e San Mamede en Ourense. Apenas hai propiedade municipal consolidada.

4.2. ESTRUCTURA DAS MASAS FORESTAIS.

No conxunto do sistema monte, as masas arborizadas son as de maior relevancia funcional.

O 40% das masa arborizadas galegas son monoespecíficas de piñeiro, con claro predominio do *P. pinaster* e menor presenza de *P. radiata* e *P. Sylvestris*; a mestura de caducifolias e de caducifolias e coníferas teñen unha extensión aproximadamente igual ás anteriores, e neslas o *Q. robur* é a especie dominante. As masas de eucalipto, ben en masas puras ou ben mixturadas con coníferas, constitúen a quinta parte restante. Esténdese principalmente polas terras de menor cota e de maior produtividade e ocupan unha gran parte dos terreos non aptos para a agricultura dos vales inferiores e as peores estacións da meseta central.

As repoboacións, fundamentalmente de coníferas frugais, efectuadas polos servizos oficiais, estenderon as masas forestais ás serras interiores, antes poboadas de matorrais.

O tratamento como monte regular predomina nos montes de xestión pública, namentres que nos de particulares hai unha clara presenza de masas irregulares, aínda que con distinta proporción dunhas provincias a outras.

En canto ó diámetro medio, os montes particulares teñen un diámetro maior.

Respecto ás existencias por unidade de superficie, os montes particulares dan unha media en volume superior ós montes de xestión privada, se ben esta diferenza minórase en A Coruña. Polo contrario, unhas masas máis xuvenís e mellor poboadas, aínda cando están situadas en peores estacións, dan ós crecementos correntes anuais dos montes públicos unha contía maior que para os montes particulares.

Cadro Nº 4.5. : SUPERFICIES FORESTAIS POR ESPECIES DOMINANTES EN 1.986.
(Sup. en has.).

E S P E C I E	CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA
P. sylvestris	159	16.355	22.190	381	39.085
P. pinaster	129.798	41.723	79.328	41.136	291.985
P. radiata	10.489	10.823	311	1.487	23.110
Mesclas e outras coníferas(1)	6.867	18.990	110	3.268	29.235
TOTAL CONIFERAS	147.313	87.891	101.939	46.272	383.415
Q. robur	1.935	4.567	6.016	4.530	17.048
Q. pyrenaica	-----	6.584	24.873	2	31.459
C. vesca	21	2.078	9.664	148	11.911
Mesclas e outras frondosas(2)	17.648	79.766	31.862	2.675	131.951
TOTAL CADUCIFOLIAS	19.604	92.995	72.415	7.355	192.369
Eucaliptos	22.763	4.412	271	8.938	36.384
Piñeiros e eucaliptos	112.759	28.453	220	35.668	177.100
Eucaliptos e outras frondosas	3.613	1.361	228	3.376	8.578
TOTAL EUCALIPTOS E AS SUAS MESCLAS	139.135	34.226	17.719	47.982	222.062
Piñeiros e quercus	474	12.985	23.030	8.053	44.542
Piñeiros e outras frondosas	29.424	71.656	5.021	27.587	133.688
TOTAL MESCLAS PIÑEIROS E CADUCIF.	29.898	84.644	28.051	35.640	178.230
T O T A L	335.950	299.753	203.124	137.249	976.076

Inclúe: Monte alto, monte baixo, monte medio, repoboacións, monte oco e ribeiras. Non inclúe superficies de rexeneración en incendios.

(1) *P. pinea*, mesclas.

(2) *Q. ilex*, *Q. suber*, *Betula verrucosa*, *Alnus glutinosa*; árbores de ribeiras, outras frondosas.

FONTE : Mapa Forestal de Galicia 1.986.

4.3. OS PRODUCTOS DO MONTE.

Os produtos do monte evolucionaron a teor dos cambios da contorna socioeconómica galega e pasaron de ser subsidiarios para a agricultura, alimentación da gandería extensiva e provedor de leñas para os fogares, a sela materia prima dunha gran industria forestal, sostemento dunha gandería regresiva, e provedor de setas e froitos silvestres para factorías de alimentos de primor.

4.3.1. AS MADEIRAS.

As madeiras producidas en Galicia son, por orde de importancia segundo o volume, piñeiro galego, eucalipto globulus, piñeiro radiata, amieiro, bidueiro, castiñeiro e piñeiro silvestre; hai unha produción importante de leñas de carballo, que na súa maioría destínase a leñas de fogares.

A estadística máis fiable dos últimos anos corresponde a 1989, no que se estima unha corta de 6.614.000 m³. Teñen unha gran incidencia na produción o piñeiro galego (64%) e o eucalipto (25%). En canto a coníferas, o avellentamento xeralizado, as baixas densidades, o tratamento como monte irregular e a falta de repoboacións, fan que este mercado estea subministrado por árbores de diámetros medios de mala calidade. En cambio, os eucaliptais procedentes de plantación, que son os que abastecen o mercado, ó seren repoboados ó marco de corta, dan calidades máis adaptadas á demanda actual de madeira de trituración.

O valor en cargadoiro das madeiras producidas en Galicia estímase en 34.200 millóns de pesetas.

As cortas actuais superan en 850.000 m³ as posibilidades teóricas. Esta presión incide basicamente no piñeiro galego, masa na que se está producindo unha gran descapitalización e deterioro.

Unha comparación entre os inventarios forestais de 1972 e de 1986 amosa a desaparición dunhas 250.000 has. de coníferas, un lixeiro aumento do conxunto de caducifolias e as súas mesturas con piñeiros e un incremento de 90.000 has. das masas con presenza de eucaliptos. O que supuxo que a superficie arborizada galega diminuíse en perto de 150.000 has. nese período e que nalgunha provincia — Pontevedra— a diminución fose semellante á metade das superficies arborizadas actuais. Todo isto explica tanto as dificultades de aprovisionamento, especialmente en madeira de piñeiro, da industria como parte da crise do sector dos serradoiros. A madeira producida destínase na súa maioría á industria de serrar, a taboeiros (unha maioría de piñeiro, pero cunha parte significativa de eucalipto), á exportación ou trasvase sen transformar, a pasta de celulosa e a desenrolo ou chapa plana.

Cadro Nº 4.6. : PRODUCCION DE MADEIRA EN GALICIA EN 1.989. (Cortas en m³ c.c.).

E S P E C I E	Volume total		Distribuc. segundo categ. de diámetro %		
	m ³	%	7,5 / 17,5	17,5 / 37,5	> 37,5
Piñeiro galego	4.230.000	64	4	46	50
Piñeiro radiata	470.000	7	8	39	53
Piñeiro silvest.	100.000	2	53	47	--
Eucalipto	1.670.000	25	5	25	70
Fronosas	115.000	2	-	--	100
T O T A L	6.585.000	100	5	45	55

FONTE : *Estudio Sobre los Flujos Comerciales y Procesos Industriales de la Madera en Galicia.* Dirección Xeral de Montes e M.A.N. . 1.991.

Cadro Nº 4.7. : DESTINO DA MADEIRA PRODUCIDA EN GALICIA POR GRUPO DE ESPECIES EN 1.989.

Destino	GRUPOS DE ESPECIES			
	Coníferas	Eucalipto	O. Frondosas	T O T A L
Serradoiros	3.670	109	110	3.889
Taboeiros	1.018	177	---	1.195
Pasta	52	183	---	235
Desenrolo	3	95	5	103
Exportación	4	89	---	93
Trasvase	53	1.017	---	1.070
T O T A L	4.800	1.670	115	6.585

Unidades : 1.000 m³ c.c. .

FONTE : *Estudio Sobre los Flujos Comerciales y Procesos Industriales de la Madera en Galicia.* Dirección Xeral de Montes e M.A.N. 1.991.

Cadro Nº 4.8. : PRODUCCION DE MADEIRA POR PROVINCIAS EN 1.989. (m³ c. c.).

GRUPOS DE ESPECIES	CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA
Coníferas	2.016.000	1.296.000	768.000	720.000	4.800.000
Fronosas	18.400	60.950	21.850	13.800	115.000
Eucalipto	986.300	301.300	14.400	368.000	1.670.000
T O D A S	3.020.700	1.658.250	804.250	1.101.850	6.585.000

FONTE : Elaboración propia.

4.3.2. FROITOS, SETAS, MEL E PASTOS.

A castaña é o principal froito que producen os bosques galegos. A súa produción estímase nunhas 30.000 t./ano, que acadan un valor aproximado de 1.000 millóns de pesetas.

As setas son outro dos produtos do monte con importancia crecente en Galicia. Pese a ser produccions moi desiguais dun ano a outro, calcúlase que anualmente saen dos nosos montes entre 200 e 300 toneladas de seta fresca, que poden ter un valor na recolección próximo ós 300 millóns de pesetas.

O mel voltou a ter unha significativa importancia en Galicia como produto alimentario. Na actualidade, clasificada como mel de calidade prodúcese anualmente máis de 900 toneladas que xeran ó produtor máis de 900 millóns de pesetas.

A gandería extensiva existente nos montes galegos, en especial nos veciñais en man común, supón un capítulo importante dentro da actividade económica forestal. Estímase que a súa renda anual en carne, incluíndo o gando bovino, ovino, caprino e equino, é de 2.300 millóns de pesetas.

4.4. A INDUSTRIA FORESTAL.

Dentro de España, Galicia concentra unha das máis altas densidades de industria transformadora, en especial de madeira. Soamente a elaborada nos serradoiros galegos está arredor do 25% do total nacional.

4.4.1. AS INDUSTRIAS DA MADEIRA.

As factorías máis importantes da madeira no aspecto tecnolóxico e industrial son as de primeira transformación, aínda que existen un gran número de talleres e fábricas máis ou menos equipados e tecnificados dedicados á segunda transformación, que proporcionan unha gran cantidade de man de obra.

A industria de primeira transformación da madeira pode agruparse en serradoiros, esteladoras, industrias de taboeiros, industrias de chapa e taboeiro contrachapado e industrias da pasta. Dentro da segunda transformación da madeira, os grupos máis importantes son carpinterías e fábricas de mobles.

Os serradoiros.

Estímase que en 1989 había en funcionamento 701 serras das que o 41% están na provincia de A Coruña, o 18% en Lugo, o 15% en Ourense e o 26% en Pontevedra. Unha gran parte das factorías inclúen procesos de segunda transformación, xa sexa para producir táboa fina ou listón fino ou ben para elaborar caixas ou estela.

O conxunto daba emprego a unhas 5.858 persoas das que 1.250 estímase estarían empregadas en labores de explotación dependentes destas factorías.

O valor engadido por serradoiros e talleres anexos de táboa fina, elaboración de caixas e esteladores calcúlase en 7.930 millóns de pesetas, o que fai corresponder 1.354.000 pesetas por empregado e 2.021.000 de pesetas por m³ c.c. de torada.

Cadro Nº 4.9. : CONSUMO DE MATERIAS PRIMAS E PRODUCCION NOS SERRADOIROS. DISTRIBUCION POR PROVINCIAS.

	TOTAL EMPREGOS	CONSUMO			PRODUCCION	
		ROLLA m ³ c.c.	TABOA m ³ real	LEÑAS tm	ELABORADOS m ³	RESIDUOS m ³
CORUÑA	2.413	1.617.000	30.618	128.290	748.280	657.352
LUGO	1.048	702.000	13.289	55.739	328.512	285.608
OURENSE	899	601.000	11.391	47.779	273.760	244.807
PONTEVEDRA	1.498	1.003.000	18.960	79.628	474.520	408.011
GALICIA	5.858	3.923.000	74.258	311.436	1.825.072	1.595.778

Cadro Nº 4.10. : VALOR DAS MATERIAS PRIMAS CONSUMIDAS POLOS SERRADOIROS. DISTRIBUCION POR PROVINCIAS. (10⁶ Pts.).

	ROLLA	TABOA	LENAS	T O T A L
CORUÑA	9.447.758	426.116	388.000	10.261.874
LUGO	4.105.000	185.066	168.579	4.458.645
OURENSE	3.518.808	158.671	144.497	3.821.976
PONTEVEDRA	5.864.808	264.455	240.827	6.370.090
GALICIA	22.936.374	1.034.308	941.903	24.912.585

Cadro Nº 4.11. : VALOR DOS PRODUCTOS ELABORADOS NOS SERRADOIROS. DISTRIBUCION POR PROVINCIAS. (10⁶ Pts.).

	E L A B O R A D O S			SUBPRODUCTOS	T O T A L
	Piñeiro	Eucalipto	Fronzosas		
A CORUÑA	13.138.203	576.450	573.053	568.491	14.856.197
LUGO	5.709.110	220.040	248.980	246.803	6.424.933
OURENSE	4.894.109	188.606	213.413	211.295	5.507.423
PONTEVEDRA	8.155.237	314.344	355.688	352.626	9.177.895
GALICIA	31.896.659	1.229.440	1.391.134	1.379.215	35.966.448

Estas industrias absorben o 60% da produción dos montes galegos. A apertura dos mercados está incidindo negativamente en todo este subsector industrial. A situación vai obrigar a unha profunda reestructuración debido á falta de adaptación a esta nova realidade. Entre as causas que están na orixe desta crise pódense citar:

- Escaseza de materia prima de calidade e prezos comparativamente altos.
- Procesos de elaboración pouco competitivos.
- Diminución das exportacións, motivada pola revalorización da peseta e o baixo prezo do dólar.
- Concorrenza no mercado de madeira elaborada procedente de países como Portugal, Francia e Chile, con mellores calidades e prezos máis competitivos.

- Ausencia de procesos de segunda transformación. O 70% da produción dos serradoiros sae de Galicia sen sufrir ningunha transformación.

A industria do taboeiro.

Nos mercados internacionais a industria galega do taboeiro ten un peso específico importante. Dispón de suficiente capacidade tecnolóxica e bo nivel competitivo.

Na actualidade consume perto do 20% da produción de madeira dos montes galegos e unha parte substancial dos subproductos que xeran os serradoiros. A materia principal é a madeira de piñeiro, marítimo ou insigne, cun 85% do total consumido, namentres que o 15% restante corresponde á madeira de eucalipto.

Cadro Nº 4.12. : CONSUMO DE MATERIAS PRIMAS NA INDUSTRIA DE TABOEIROS.

TIPO DE TABOLEIRO	MADEIRA EN ROLLA m ³ c. c.	CASQUEIROS E LEÑAS m ³	ESTELA m ³	SERREDURAS m ³	EQUIVALENTE ROLLA m ³ s. c.
Fibra	121.378	31.155	31.378	45.000	190.000
Partículas	687.096	214.667	218.917	121.365	1.112.0455
MDF	190.743	62.276	68.561	---	305.698
Excedente	119.715	---	---	---	105.349
T O T A L	1.118.932	308.098	318.856	166.365	1.713.092

Equivalentes : 1 m³ c. c. de rolla equivalente a 0,88 m³ s. c. de rolla.
 1 m³ de casqueiros e leñas equivalente a 0,976 m³ s. c. de rolla.
 1 m³ de estelas equivalente a 1,124 m³ s. c. de rolla.
 1 m³ de serraduras equivalente a 0,427 m³ s. c. de rolla.

A elevada competencia que existe no mercado do taboeiro —no que están presentes industrias punta de numerosos países tanto europeos como americanos— e, quizais, un certo sobredimensionamento da oferta mundial, preocupa ós empresarios galegos. A meirande parte da produción das industrias galegas destínase á exportación, polo que se teme que as empresas menos competitivas poidan desaparecer.

Dada a estrutura das masas forestais galegas, que producen unha madeira de baixa calidade, as industrias de taboeiros non tiveron no pasado problemas de abas-

tecimentos. Sen embargo, a incidencia dos incendios, que fixeron desaparecer moi-ta superficie dedicada a piñeiral, e a escaseza de actividade repoboadora, que permita a recuperación da produción de coníferas, conforman un panorama a curto prazo preocupante.

Cadro Nº 4.13. : EMPREGO E PRODUCCION DA INDUSTRIA DE TABOEIROS.

TIPO DE TABOLEIRO	NUMERO DE LIÑAS DE PRODUCCION E EMPREGO		PRODUCCION m3	CUSTE MAD. EN FABRICA (millóns de pesetas)	GASTOS VARIOS (millóns de pesetas)	VALOR ENGADIDO (millóns de pesetas)	VALOR FINAL (millóns de pesetas)
Fibra	2	--	102.000	922	876	1.118	2.916
Partículas	6	--	694.600	3.882	4.522	1.709	10.113
MDF	2	--	165.000	1.316	1.509	2.155	4.980
T O T A L	10	1.450	961.660	6.120	6.907	4.982	18.009

FONTE : Elaboración propia a partir do *Estudio Sobre los Flujos Comerciales y Procesos Industriales de la Madera en Galicia*. Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural. 1.991.

A industria da pasta de papel.

Só hai ubicada en Galicia unha factoría de elaboración de pasta para papel. Durante o ano 1989 as importacións de eucalipto con destino a esta fábrica situáronse en 315.000 m³ c.c. Do total de madeira consumida nese ano, o 36% foi madeira de piñeiro e o 64% de eucalipto.

Desde mediados da década pasada e ata o ano 1990, esta industria obtivo bos resultados económicos. A partir deste exercicio, no que saíu ó mercado mundial un gran volume de pasta que provocou a caída dos prezos, os resultados económicos das industrias españolas do sector foron en xeral malos.

Cadro Nº 4.14. : RESUME DAS CARACTERISTICAS DE CONSUMO E PRODUCCION DA FABRICA DE PASTA DE PAPEL. DATOS DE 1.989.

PASTA DE	MADEIRA COMPRADA EN ROLLA m3 c. c.	ESTELA m3	PASTA PRODUCIDA tm.
PIÑEIRO	52.000	127.000	38.000
EUCALIPTO	500.000	---	150.000
T O T A L	552.000	127.000	188.000

Cadro Nº 4.15. : RESUME DE CUSTES DE PRODUCCION DA FABRICA DE PASTA DE PAPEL. DATOS DE 1.989. (En millóns de Pts.).

PASTA DE	IMPORTE MADEIRA	CUSTE XERAL	VALOR ENGADIDO	TOTAL IMPORTE
PIÑEIRO	1.183	767	1.350	3.300
EUCALIPTO	4.111	2.439	5.450	12.000
T O T A L	5.294	3.206	6.800	15.300

Outras industrias de primeira transformación da madeira.

Hai doce factorías de taboeiros contrachapados e de chapas así como unha fábrica de compoñentes de pezas para carrocería de automóbil de madeira reconstruída.

As industrias de chapa e taboeiros contrachapados son pequenas factorías que traballan eucalipto (desenrolo e contrachapado) ou ben piñeiro, carballo, castiñeiro (chapa á plana).

Cadro Nº 4.16. : EMPREGO, MATERIAS PRIMAS E PRODUCTOS DAS FACTORIAS DE CONTRACHAPADOS E COMPOÑENTES E CARROCERIAS. 1.989.

FACTORIAS	Nº DE EMPREGOS	CONSUMO DE MADEIRA m3	P R O D U C C I O N			ESTELA m3	ESPECIE
			Contrachapado m3	Chapas m3	Envase m3		
Chapa e contrachapado	100	83.000	13.833	2.421	415	48.416	En pino
Compoñentes carrocería	140	20.000	---	--	--	---	
T O T A L	240	103.000	---	--	--	---	

Cadro Nº 4.17. : IMPORTE MATERIAS PRIMAS, GASTOS E VALOR ENGADIDO POLA INDUSTRIA DE CHAPAS E CONTRACHAPADOS E DE COMPOÑENTES DE CARROCERIAS. (En millóns de Pts.).

FACTORIA	CUSTE MAN DE OBRA	GASTOS VARIOS	IMPORTE MATERIA PRIMA	EXCEDENTE DE EXPLOTACION	IMPORTE PRODUCTOS
Chapa e contrachapado	197	138	708	71	1.114
Compoñentes carrocería	400	300	127	150	977
T O T A L	597	438	835	221	2.091

Industrias de segunda transformación da madeira.

Os talleres de carpintería constitúen un capítulo importante dentro da industria da madeira galega. Ademais, integradas en serradoiros ou instaladas en plantas independentes, existen en Galicia un elevado número de industrias dedicadas á fabricación de parqués, molduras, recubrimentos, envases e utensilios variados, que utilizan a madeira como materia prima principal.

A título indicativo, as principais fábricas de mobles galegas (con facturación superior a 200 millóns de pesetas) efectuaron durante 1989 vendas por un valor aproximado de 7.200 millóns de pesetas (1).

Cadro Nº 4.18. : FABRICAS DE MOBLES E CARPINTERIAS. NUMERO DE INDUSTRIAS E EMPREGO.

PROVINCIAS	Nº DE INDUSTRIAS	EMPREGO
Coruña	377	---
Lugo	204	---
Ourense	160	---
Pontevedra	203	---
GALICIA	944	15.020

FONTE : Federación de Fabricantes de mobles, ebanistería e carpintería.

A utilización de madeira galega en segundas transformacións é relativamente baixa fronte ás súas posibilidades. Nos últimos anos produciuse un incremento notable das importacións de madeira para estes usos.

Outras industrias de segunda transformación son as dedicadas á fabricación de elementos estruturais de madeira para edificación e as fábricas de taboeiros alistonados. Do primeiro grupo hai dúas empresas instaladas en Galicia. Ata o momento non utilizan madeira galega no seu proceso. Respecto ó taboeiros alistonados, hai en funcionamento unha sóa planta en Galicia que consume piñeiro galego. A fabri-

(1) «A Economía galega. Informe 1989». Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia.

cación de vivendas de madeira ten escasa representación en Galicia, inda que existen dúas empresas dedicadas parcialmente a esta actividade.

Respecto á fabricación de papel, hai unha factoría que utiliza como materia prima pasta mecánica procedente de fóra de Galicia. Dá ocupación a 49 persoas e en 1.989 facturou 1.650 millóns de pesetas.

4.4.2. OUTRAS INDUSTRIAS FORESTAIS.

Agrúpanse neste apartado outras actividades industriais que utilizan de forma directa nos seus procesos de elaboración produtos forestais. É importante reseñar que este tipo de industrias comezan a ter unha certa relevancia económica. Un desenvolvemento forestal harmónico pode ser determinante para a expansión e consolidación de todas elas.

Podense citar, en primeiro lugar, as empresas que transforman residuos de serradoiros, de corta e material de rozas en produtos enerxéticos, das que só existen dúas en Galicia. Presentan algúns problemas de vendas pola competencia que exercen outros produtos enerxéticos de máis baixo prezo ou pola histérese do mercado. As posibilidades neste eido son moi amplas, tanto nos aspectos antes citados como na produción de substratos vexetais ou nas transformacións químicas.

Dedicadas á manipulación industrial da castaña atópanse ubicadas en Galicia tres industrias. Teñen problemas derivados da falta de homoxeneidade nos produtos e da insuficiente calidade. Nas súas perspectivas inciden negativamente o estado sanitario das masas de castiñeiro, moi afectadas actualmente polas enfermidades do cancro, de recente introducción, e a tiña, endémica en Galicia. A aplicación de material xenético mellorado e de novas técnicas selvícolas poderán mellorar notablemente estas situacións.

A produción de mel de calidade impulsou a instalación de 40 pequenas empresas envasadoras. A importancia da produción de mel desprazouse das zonas tradi-

cionais do interior de Lugo e Ourense a outras zonas onde a aparición de masas de eucalipto tivo unha especial incidencia. Hoxe a meirande produción está nos arredores de Valdeorras, Quiroga, Ferrol e Mondoñedo.

A transformación de setas dedícanse un total de cinco empresas distribuídas por todo o territorio.

4.5. AS EMPRESAS DE SERVICIOS FORESTAIS.

Para a explotación forestal hai distribuídas por toda Galicia un elevadísimo número de empresas de distintos tamaños. O carácter eventual da actividade dalgunha delas, e mesmo o traballo somerxido, fan difícil o dimensionamento deste colectivo. Moitas delas proporcionan servizos de transporte de madeira en bruto do monte ó parque de fábrica e unha pequena parte, ademais dos servizos de explotación, dedícanse á realización de traballos selvícolas (preparación de terreos, repoboacións, rozas, etc.). O mesmo tempo, moitas actúan como intermediarias na compra da madeira entre o propietario de montes e as industrias de transformación.

Estímase que este colectivo proporciona emprego directo a unhas 3.000 persoas. A elas habería que engadir as que con carácter máis ou menos eventual dedícanse ás actividades selvícolas: explotación forestal, traballos de prevención e extinción de incendios forestais e repoboacións, fundamentalmente. Directamente relacionado co incremento da actividade forestal e da mecanización dos traballos no monte, creáronse en Galicia numerosas empresas para a prestación de servizos forestais. Na produción de planta forestal instaláronse nos últimos dous anos dous viveiros forestais privados de alta capacidade.

No campo da enxeñería forestal e consultoría produciuse ó longo dos últimos cinco anos un aumento notable tanto no número de empresas como de profesionais.

Por último, no ramo do comercio da madeira nacional e de importación ó detalle existen en Galicia un total de 39 almacéns que proporcionan emprego a 633 persoas.

4.6. EMPREGO TOTAL DIRECTO.

Unha estimación do emprego total no sector forestal segundo a actividade dáse no cadro adxunto. Preténdese con este resumo dar unha orientación sobre o peso do sector forestal en Galicia, tal como é considerado na maioría dos países, é dicir, coma un circuito integrado de producións, transformacións industriais e servicios.

Cadro Nº 4.19. : ESTIMACION DO EMPREGO NO SECTOR FORESTAL SEGUNDO ACTIVIDADE.

S E C T O R	A C T I V I D A D E	Nº DE EMPRESAS OU INSTITUCIONS	E M P R E G O S
ADMINISTRACION FORESTAL AUTONOMICA	Servicios Centrais	---	102
	Servicios Provinciais de Montes e M.A.N.	---	965
	Servicio de Defensa Contra Incendios Forestais	---	193
	S U B T O T A L	---	1.260
INDUSTRIAS DE PRIMEIRA TRANSFORMACION DA MADEIRA	Serradoiros	701	5.858
	Fábricas de taboeiros	10	1.450
	Fábricas de pasta para papel	1	487
	Outras	12	240
	S U B T O T A L	824	8.035
INDUSTRIAS DE SEGUNDA TRANSFORMACION DA MADEIRA	Mobles, ebanistería e carpintería	944	15.020
	Fábricas de papel	1	49
	Outras	3	45
	S U B T O T A L	948	15.114
OUTRAS INDUSTRIAS FORESTAIS	Transformación de residuos, fritos, setas e mel	50	100
EMPRESAS DE SERVICIOS FORESTAIS	Transporte e explotación forestal	841	8.000
	Almacenistas de madeira	39	633
	Outras empresas (viveiros, con- sultorias, traballos selvícolas)	30	120
	S U B T O T A L	910	8.753
SELVICULTURA	Empregos individuais	---	7.000
ORGANIZACIONES PROFESIONAIS	Propietarios, industriais e outros	11	20
SECTOR FORESTAL	T O T A L	2.743	40.282

FONTE : Elaboración propia.

4.7. O COMERCIO E OS FLUXOS DA MADEIRA.

No sector da madeira galega hai un excedente neto de exportación de produtos nada ou pouco elaborados sobre as contías das importacións semellantes. En canto a produtos semiterminados ou terminados de madeira, non hai estadísticas fiables para avalia-lo balance.

No sector industrial rexional das primeiras transformacións da madeira hai un alto grao de integración de relacións comerciais e un complexo fluxo de materias primas, que valora o conxunto ó utilizar algunhas factorías como materia prima ou como fonte enerxética principal residuos dos procesos doutras transformacións. Non ocorre igual respecto da primeira coas restantes transformacións, onde existe unha patente falta de integración.

4.7.1. BALANCE EXTERIOR DE MADEIRA EN TORADA E SERRADA.

No cadro de importación e exportación da madeira en Galicia recóllese o detalle por especies e os produtos importados.

A análise do balance do comercio de torada e serrados amosa un claro predominio das importacións, que duplican o volume de exportacións. Só as exportacións de serrados de coníferas superan ó volume da madeira similar importada.

As circunstancias do comercio exterior español do eucalipto explican o volume importado deste xénero; en todo caso, as transaccións con Portugal pode que respondan ó comezo dunha meirande integración económica das rexións fronteirizas e á importancia da produción e do consumo industrial a un e outro lado do Miño. O predominio das importacións e o volume do comercio exterior indican, en calquera caso, a importancia da industria da madeira da rexión e as modas de consumo de madeiras tropicais, en gran medida substitutivas de madeiras de frondosas galegas —castiñeiro principalmente— que se atopan con dificultades engadidas polo abandono dos soutos e a crise da agricultura tradicional.

Cadro Nº 4.20. : IMPORTACION E EXPORTACION DE MADEIRA EN GALICIA DURANTE 1.989.

E S P E C I E	Forma	Importación tm.	Exportación tm.	Balance tm.
Coníferas	en rolla c.c. (*)	8.178	4.509	-3.669
Fronzosas	en rolla c.c. (*)	2.478	30	-2.448
F. tropicais	en rolla s.c.	47.204	---	-47.204
Eucalipto sp.	en rolla c.c. (*)	254.304	79.681	-174.623
P A R C I A L		312.164	84.220	-227.944
Coníferas	serrada (**)	45.238	62.294	+17.056
Tropicais	serrada (**)	57.826	59	-57.767
Fronzosas	serrada (**)	3.461	1.139	-2.322
P A R C I A L		106.525	63.492	-43.033
Equivalencia en rolla s.c.		488.689	198.278	-290.411

(*) para equivalencia en rolla sen casca, $\times 0,88$

(**) para equivalencia en rolla sen casca, $\times 1,9556$

FONTE : Elaboración propia a partir de *Estudio Sobre los Flujos Comerciales y Procesos Industriales de la Madera en Galicia*. Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural. 1.991.

No que se refire a madeira en torada, Galicia é lixeiramente deficitaria en madeira de coníferas, aínda que nos últimos anos crece progresivamente. Respecto do eucalipto, transvásanse ó resto de España perto de 900.000 m³ de madeira sen transformar.


A falta de integración entre as industrias de primeira e segunda transformación da madeira está moi clara na produción de pasta de papel, que na súa totalidade transvásase ó resto de España ou expórtase. No caso dos serradoiros galegos estímase que só o 29% da súa produción se consume ou sofre unha segunda transformación en Galicia.

4.7.2. O FLUXO INTERNO DE PRODUCTOS E SUBPRODUCTOS DA MADEIRA.

Entre a madeira en torada importada e a producida en Galicia destínanse á in-


dustria interior 5,755 millóns de m³ con casca. Os serradoiros coas segundas transformacións producen un importante volume de subproductos —1,750 millóns de m³—, unha parte deles son aproveitados en factorías integradas para transformar en estelas e outra parte destínase directamente como materia para a industria do taboero e de pasta. Tamén, serrín, casqueiros, e casca empréganse como material enerxético en diversas factorías industriais e, por último, unha pequena parte de casca de piñeiro emprégase na fabricación de substratos de cultivos.

Gráfico Nº 4.1.: Fluxo interior de produtos (madeiras).



4. O sector forestal galego.

Gráfico Nº 4.2.: Fluxo interior de valores.



5. CULTURA FORESTAL E OPINION PUBLICA.

Cada día é maior o número de persoas que se interesan, dunha ou outra forma, polo monte e que o consideran un ben colectivo, ó que todos temos algún dereito e ante o que compartímo-la obriga de coidalo e melloralo, porque a humanidade non ten porvir sen bosques.

Esta nova lóxica obriga a dedicar no Plan Forestal un capítulo específico á cultura forestal, entendendo por tal o mecanismo simbólico de integración consensuada das diferentes formas de se aproximar ó monte. Vén definida polos valores que representa o sector, as normas de comportamento que se adoptan para o logro dos obxectivos considerados valiosos, e o discurso que desenvolven ou adoptan os diferentes actores implicados nel.

Nunha sociedade democrática, as alternativas políticas aceptables en calquera campo teñen a un tempo que resultar economicamente viables e socialmente lexítimas. A vixencia deste postulado é tanto maior canto máis longo sexa o prazo que requira unha política para chegar ó seu obxectivo. De acordo con este postulado, unha política forestal pode resultar igualmente inviable tanto por falta de racionalidade económica como polo rechazo da sociedade, se esta chega a considerar que un dos seus patrimonios máis relevantes está sendo mal xestionado ou incluso dilapidado. Por esta razón, resulta imprescindible a harmonización das distintas funcións —ambiental, económica e social— que as sociedades modernas reclaman do monte.

Só a partir deste sistema común de crenzas e de representacións simbólicas sobre o monte será posible chegar á aceptación de regras lexitimadas de comportamento social e ó establecemento de medidas que fagan tecnicamente viable o desenvolvemento dun monte acorde coas novas e crecentes demandas sociais. Este postulado xeral de calquera política en contexto democrático suscita, no sector

forestal, algunhas cuestións específicas. A primeira é o longo prazo que esixe como horizonte calquera intervención sistemática no monte. Isto supón anticipa-las demandas sociais varias décadas, para o que resulta imprescindible un sistema regular de seguimento da opinión pública e de avaliación das políticas.

En segundo lugar, as transformacións no modo de produción agraria tenden a atribuír ó sector forestal unha grande autonomía e especificidade, que substitúe a súa antiga función primordial de recurso subsidiario da agricultura, sobre todo en áreas cunha alta presión demográfica. A especificidade do sector vese acrecentada polo rápido aumento da demanda social de produtos e servicios derivados do monte, e máis aínda polo carácter ineludible dalgúns destes. Entre estas demandas cabe destaca-la urxente necesidade de conservar importantes espazos particularmente sensibles e dos que depende a calidade do noso medio natural; o establecemento de áreas especialmente habilitadas para o descanso ou os tempos de lecer; o consumo de produtos de alta calidade ou elevado valor engadido, e que inclúen desde o mobiliario, o material de oficina, a construción ou a arte, ata valiosos produtos alimenticios.

En terceiro lugar, dado que a práctica totalidade do monte galego é de propiedade privada (particular ou veciñal) e que un de cada dous fogares galegos ten algunha propiedade forestal, os propietarios constitúen a panca obrigada para a transformación do monte.

Hai aínda poucos anos, a poboación xeral a penas asumía, fronte ó monte, un papel de simple espectador ante os actores directamente implicados. Nun curto espacio de tempo, e sobre todo nas sociedades máis avanzadas, maniféstase un grande interese polo monte, que aparece de repente como un dos principais patrimonios da humanidade, tal como subliñou en 1991 o X Congreso Forestal Mundial. O monte convértese así nunha das cuestións máis importantes da política internacional, porque a súa «xestión mantida e integral» constitúe, a un tempo, unha das principais fontes de riqueza e un dos determinantes básicos da calidade do noso hábitat. Por eso, «o verdadeiro reto consiste en concilia-lo uso económico dos recursos naturais e a protección do medio ambiental».

Neste contexto, o concepto de cultura forestal convértese na ferramenta básica para o tratamento desta nova situación, e o desenvolvemento dun proceso de socialización na estratexia a seguir para a súa consolidación nos diferentes ámbitos implicados. Só cun alto nivel de profesionalización e de consenso será posible mante-la paz no monte e desenvolve-los programas á longo prazo que require este sector.

5.1. A CULTURA PROFESIONAL DO MONTE.

O obxectivo dunha Cultura Profesional do monte é conseguir para a xestión do medio natural, para as industrias transformadoras dos produtos forestais e para as empresas capaces de xerar servizos unha lexitimidade similar á que acadaron a agricultura e as industrias agroalimentarias.

Xunto ós profesionais e o seu discurso técnico desenvólvese, sobre todo arredor dos puntos controvertidos, outra linguaxe máis aberta e menos precisa, que carga de xuízos de valor ó primeiro. As adherencias valorativas fanse máis intensas nos campos ós que cada sociedade atribúe unha importancia estratéxica. O peso que para a calidade da nosa existencia adquiriu o bosque convérteo nun dos ámbitos privilexiados, nos que a linguaxe valorativa tende a substituír á linguaxe técnica e a convicción intenta, incluso, subrogarse á razón. Canto máis profundo sexa este proceso e máis rápido o cambio tecnolóxico máis urxente resulta evita-la confusión entre ambos discursos, difundindo o antes posible os conceptos técnicos que serven de soporte á nosa cultura forestal e que permiten desenvolve-los instrumentos indispensables para conseguir un monte que responda ás novas esixencias. Polo contrario, córrese un alto risco de caer nun discurso dualista, con tendencia a desenvolver unha especie de maniqueísmo forestal, que divide as árbores en boas e malas, as especies en nobres e innobres e fai do silvicultor un simple deforestador.

Entre as aportacións dos profesionais destaca a noción de xestión forestal, que requiren tódalas masas forestais e máis aínda os ecosistemas singulares; a concep-

ción dos bosques como poboacións que seguen ciclos vitais e procesos de renovación; a necesidade de dispoñer de bosques «artificiais» ou de produción, xustamente para poder fornecernos, sen detrimento de capital, materias primas renovables con demanda expansiva, para nos permitir conservar espazos singulares de especial valor, para acondicionar bosques periurbanos como áreas de recreo e para contribuír dun modo específico á fixación do CO₂ atmosférico. En fin, a importancia do bosque como patrimonio, que cómpre capitalizar mediante investimentos sostidos e a aplicación de tecnoloxías específicas. Estes principios profesionais teñen que substituí-la vixencia de certos prexuízos —tales como que o bosque medra de seu ou que a silvicultura non respecta a natureza—, similares ós que aínda non hai moitos anos tivo que enfronta-la modernización da agricultura.

Á hora de deseñar un Plan Forestal que pretende responder ás esixencias dos estándares técnicos e ás demandas da sociedade, resulta estratexicamente imprescindible desenvolver unha cultura forestal, baseada a un tempo en fundamentos científicos correctos e nas novas demandas sociais. É obvio, polo demais, que o predominante peso que o Sector Forestal Galego ten en España e as expectativas que lle abre o horizonte comunitario reclaman para Galicia un liderato neste campo. Tal liderato é imposible de exercer sen o fundamento dunhas bases simbólicas —esto é, dunha Cultura que permita o recoñecemento das súas esixencias.


5.2. A CULTURA FORESTAL NA SOCIEDADE GALEGA.

Podería sorprender, a primeira vista, que, dado o ton polémico que parece reinar no debate sobre o monte, exista un masivo consenso entre a poboación galega respecto á gran maioría dos temas fundamentais e á singular importancia que para Galicia representa este recurso. Ata agora, sen embargo, este amplo consenso veu adoptando máis a forma dun inconsciente social cá dunha conciencia manifesta. Esto débese á recorrencia cíclica do problema dos incendios forestais.

O dato máis sobresaliente, e que ofrece un fundamento sólido a este consenso, é o feito de que a práctica totalidade da poboación galega estima que o monte e os bosques teñen que cumprir unha triple función —ambiental, económica e social—, e que estas tres funcións son compatibles entre si. (Gráfico Nº 5.1.).

De acordo con esta opinión unánime, os incendios forestais constitúen o principal problema de degradación do medio natural, polo que a poboación reclama que non se deixe o monte nas condicións de abandono e deterioro xeneralizado nas que se atopa. Para a inmensa maioría, o bosque constitúe un dos recursos con maiores potencialidades de futuro, achegándose a súa importancia actual á da carne ou a enerxía hidroeléctrica, recursos cos que comparte tamén o carácter de renovable. Pero un monte rendible esixe investimentos sostidos por parte sobre todo das industrias, que son as únicas que parecen obter rendibilidade del. Tanto os propietarios como a sociedade en xeral non parecen obter beneficios significativos, encontrándose nunha situación de equilibrio á baixa, en consonancia coa actitude xeneralizada de abandono. Neste punto cómpre subliñar que os propios industriais non só comparten esta opinión senón que se amosan dispostos a investir, pero reclaman ó mesmo tempo unhas condicións mínimas que fagan viable o investimento no monte, en condicións similares ás de calquera outro tipo de empresa. Resulta tamén significativo que entre a poboación xeral, máis da metade amose unha actitude favorable a participar nalgún investimento no monte e que a gran maioría o considere un lugar privilexiado para desenvolver nel actividades de lecer. Esta práctica unanimidade da opinión galega convértese no principal punto de referencia para o desenvolvemento dunha cultura forestal moderna e nunha base sólida para o deseño e a posta en marcha dun Plan Forestal á longo prazo.

En estreita relación con este valor fundamental e como punto de arranque da toma de conciencia colectiva sobre a importancia deste patrimonio, está a dramática experiencia dunha poboación que se viu forzada a convivir de cerca e durante décadas cos incendios forestais, polo que non pode sorprender que a inmensa maioría perciba que os montes galegos están sometidos a un elevado risco de incendio, derivado do estado xeneralizado de abandono tanto por parte do propietario como das

Gráfico Nº 5.1. : COMPATIBILIDADE DAS FUNCIÓNS DO MONTE.

FONTE : Dirección Xeral de Montes e M.A.N. . Xunta de Galicia. *Encuesta de Cultura Forestal. ALEF-MB, SESFOR. Santiago de Compostela, 1991.*

Administracións Públicas que non os dotan das infraestructuras necesarias. (Gráficos Nº 5.2. e 5.3.).

Estes feitos permiten comprender que a poboación sexa consciente da urxente necesidade de realizar un esforzo investidor para capitalizar uns montes abandonados pola perda da súa función de apoio ás actividades tradicionais agrogandeiras.

Fronte á herdanza dunha xeneralizada actitude de impotencia ante a «praga» dos incendios forestais, esta nova actitude xeral, que cre posible e esixe acabar con eles, pode considerarse o punto de arranque —punto cero dunha nova cultura forestal moderna, que reconece o valor ecolóxico, social e económico do monte como patrimonio colectivo.


5.3. AS FORMAS DO DISCURSO FORESTAL.

De acordo co planeamento do apartado 5.1., a análise do discurso forestal ten de diferenciar, en primeiro lugar, entre o discurso profesional e o discurso valorativo. A análise de contido da prensa e dos libros de texto dos ciclos básicos do sistema escolar revela un predominio do discurso valorativo de carácter polémico e un importante déficit profesional.

É máis que posible que esto se deba á dramática experiencia dos incendios. É lóxico imaxinar que, na medida en que a crecente intervención profesional consolide o control do lume, tenda a diminuí-la dimensión polémica e aflore o alto nivel de consenso sobre a necesidade de xestionar dun xeito equilibrado a triple función do monte. O mellor indicador do déficit de profesionais é a opinión case unánime de que os montes galegos están mal ou moi mal coidados, así como a consecuencia lóxica do seu enorme risco de incendio.


En consonancia con esta situación que reflicte un baixo nivel de desenvolvemento profesional no tratamento do monte galego, a poboación xeral, e máis aínda os docentes, estiman que son as organizacións ecoloxistas as que amosan maior interese polo monte e as que teñen un máis elevado nivel de coñecementos. Neste punto resultan de interese as opinións dos docentes dos niveis non universitarios. En primeiro lugar, atribúen un maior grao de interese e incluso de coñecementos ós ecoloxistas cá propia Universidade no ámbito forestal. En segundo lugar, poñen de manifesto unha dobre disonancia. Se na Universidade parecera haber algo máis de competencia profesional que de interese, anque ambos valores se sitúan en limiares baixos, respecto ós ecoloxistas, os ensinantes opinan que o nivel de coñecementos destes grupos é sensiblemente inferior ó seu grao de interese polos temas forestais, o que se traduciría nunha importante disonancia entre o que en realidade parecen saber e o que falan. En suma, estes datos sinalan que no ámbito forestal as organizacións ecoloxistas exercen hoxe en Galicia un liderato claramente máis significativo cá institución universitaria, a Administración e os profesionais. (Cadros Nº 5.1. e Nº 5.2.).

Gráfico Nº 5.2. : RISCO DE INCENDIOS QUE SOPORTAN OS MONTES GALEGOS. (Poboación xeral).



FONTE : Dirección Xeral de Montes e M.A.N. Xunta de Galicia. *Encuesta de Cultura Forestal.* ALEF-MB, SESFOR. Santiago de Compostela, 1991.

Gráfico Nº 5.3. : FACTORES DE RISCO DE INCENDIO MAIS RELEVANTES NA ZONA DE RESIDENCIA. (Poboación xeral).



FONTE : Dirección Xeral de Montes e M.A.N. Xunta de Galicia. *Encuesta de Cultura Forestal.* ALEF-MB, SESFOR. Santiago de Compostela, 1991.

Cadro Nº 5.1. : GRAO DE INTERESE E DE COÑECEMENTO SOBRE O MONTE DE DISTINTOS COLECTIVOS SEGUNDO A OPINION DA POBOACION XERAL. (N = 2.570).

C O L E C T I V O S	INTERESE	COÑECEMENTO
Organizacións ecoloxistas	7,7	7,3
Poboación rural	6,8	6,1
Propietarios de montes	6,7	6,3
Administración Autonómica	6,2	6,2
Empresas de transformación da madeira	6,2	6,6
Medios de comunicación	6,0	5,6
Poboación urbana	4,4	4,0
Partidos políticos	4,1	4,3

Valoración media nunha escala de 1 a 10.

FONTE : Dirección Xeral de Montes e M.A.N. Xunta de Galicia. *Encuesta de Cultura Forestal*. ALEF-MB, SESFOR. Santiago de Compostela, 1991.

Este déficit profesional aparece igualmente nos libros de texto dos primeiros niveis de ensino (EXB, BUP/COU e FP). En xeral, en todos eles o monte e o bosque tenden a estar ausentes. Cando se mencionan, é en referencia ós bosques de moi lonxe, en particular das zonas tropicais, e os conceptos empregados translocen un descoñecemento da silvicultura, e a terminoloxía utilizada reflicte unha óptica exclusivamente conservacionista cara ó monte.

Respecto ó interese e a competencia da Administración Autonómica polo sector forestal, a poboación xeral atribúelle un aprobado alto fronte a un notable alto ós ecoloxistas, repetíndose unha dobre disonancia similar á que se observaba entre os profesores respecto destas organizacións e a Universidade.

Todo isto pon de manifesto un dramático retraso no equipamento de recursos profesionais, en particular no ámbito universitario, e na divulgación dos conceptos básicos que permiten á poboación comprende-los programas de intervención. A fuxida cara a adiante dos grupos sociais que lideran o discurso valorativo e o establecemento dos obxectivos socialmente lexítimos ou aceptables sen un soporte profesional sólido poden ter consecuencias graves á hora de intentar implementa-lo Plan Fores-

tal. A situación resulta máis alarmante na medida en que os partidos políticos manteñan un nivel de interese e de coñecemento do sector claramente deficientes.

Cadro Nº 5.2. : GRAO DE INTERESE E DE COÑECEMENTO SOBRE O MONTE DE DISTINTOS COLECTIVOS SEGUNDO A OPINION DOS PROFESORES. (N = 350).

COLECTIVOS	INTERESE	COÑECEMENTO
Organizacións ecoloxistas	8,6	7,7
Poboación rural	6,2	5,5
Administración Autonómica	6,1	6,0
Medios de comunicación	6,1	5,1
Profesorado	5,9	5,1
Empresas de transformación da madeira	5,9	6,2
Propietarios de montes	5,8	5,3
Universidade	5,3	5,5
Partidos políticos	4,3	3,9
Poboación urbana	3,4	2,9

Valoración media nunha escala de 1 a 10.

FORTE : Dirección Xeral de Montes e M.A.N. Xunta de Galicia. *Encuesta de Cultura Forestal. ALEF-MB, SESFOR. Santiago de Compostela, 1991.*

Máis alá do xeneralizado —e nos temas centrais unánime— consenso sobre o valor do monte e a compatibilidade das súas funcións, existe un tema no que se centra o discurso valorativo e que tende a acompañar sistematicamente nos medios de comunicación, sobre todo na prensa, a información sobre os incendios. Trátase das características prexudiciais do eucalipto e das fábricas de pasta para papel.

O excesivo retraimento a labores administrativos dos escasos profesionais forestais de alto nivel e o desinterese da Universidade por un dos principais recursos do país, xunto coa ineludible necesidade de dar sentido ó grave e premente problema dos incendios, introduciu no sector un discurso simplificado, mistificador e polémico, no que grupos minoritarios asumen o protagonismo da defensa do país e do monte.

A carencia dunha cultura profesional sólida facilita o recurso a unha visión dualista, que supón detrás dos incendios unha trama de culpables ou incluso unha conxura, en lugar de presenta-lo problema da catástrofe nos términos técnicos apropiados dos excesivos niveis de risco, derivados da falta dun tratamento profesional adecuado e do abandono xeneralizado do monte.

De novo a subordinación do campo á cidade opera aquí como clave hermenéutica, que acaba reducindo ós propios campesiños a unha simple parte integrante do medio físico, negándolle-lo dereito a introducir nas súas propiedades a tecnoloxía que fai posible os altos niveis de vida da cidade. A propiedade forestal, en lugar de constituír un patrimonio, acábase convertendo, por efecto deste discurso, nunha simple servidume.

Esta linguaxe polémica, que predomina claramente nos medios de comunicación, fai difícil a entrada de novos actores e a emerxencia dun novo discurso máis profesionalizado e que acepta o reto de facer compatibles a diversidade de especies e as diferentes funcións do bosque.

O instrumento básico para conseguir estes obxectivos é, sen dúbida, o desenvolvemento dunha cultura forestal altamente profesionalizada, que permita reduci-lo ton polémico do discurso e as disonancias entre o grao de interese polo monte e o nivel de coñecementos dos diferentes grupos. Nun contexto profesionalizado, o discurso valorativo obrigará a mante-la atención nos obxectivos e contribuirá a evita-los riscos de reduci-la envergadura das diferentes funcións do monte.

6. O MODELO DE MONTE E O SECTOR FORESTAL DERIVADO.

Desde unha perspectiva de manexo do sistema rural ou desde a simple consideración económica, o núcleo do sector forestal é o monte. Segundo sexan as súas características así serán as funcións que renda á sociedade e as actividades industriais que del se deriven. Así pois, a parte esencial do Plan Forestal de Galicia consiste en deseñar un modelo de monte que satisfaga os requerimentos sociais e económicos actuais e que dispoña da suficiente flexibilidade para permitir un axuste sucesivo segundo a evolución das demandas e os resultados que se vaian acadando no transcurso do tempo.

6.1. DEFINICION DO MODELO DE MONTE.

O modelo sinala sobre o territorio as especies forestais axeitadas ás distintas funcións do monte de acordo coas condicións estacionais de cada lugar. Prevé e toma en consideración as decisións da propiedade, as esixencias sociais de conservación, de uso e de espaxamento nos espazos naturais e as tendencias na demanda tanto de produtos forestais como de usos do chan.

O carácter indicativo das especies forestais e da vexetación que aparecen no modelo manifesta a flexibilidade con que foi elaborado. Non se trata, pois, de fixar os usos do chan galego, tampoco é o obxectivo impoñer un tipo de vexetación en cada lugar —que na meirande parte do territorio dependerá da vontade do propietario—, senón que se pretenden configurar un proxecto que no seu conxunto marque un horizonte harmónico e, desde esta visión, simula a realidade a longo prazo.

6.2. METAS OPERATIVAS DO MODELO DE MONTE.

O modelo de monte responde ás seguintes metas operativas:

- a) Manter na condición de espazos protexidos aqueles que na actualidade fosen calificados como tales. Incorporar a esta condición os espazos forestais que se consideran esenciais para a protección da natureza ou sexan representativos da diversidade natural galega, a fin de conseguir un conxunto equilibrado co resto dos usos forestais. A todo este conxunto de espazos denomínanelles «*espacios sensibles obxecto de planificación especial*», xa que se considera que estas grandes unidades disporán dunha xestión específica e diferenciada.
- b) Indica-los espazos urbanos e periurbanos que terán o medio natural sometido á demanda crecente de usos sociais e de recreo e a unha elevada presión humana.
- c) Destinar ó aproveitamento cinxético, pastoreo extensivo e ó desenrolo da vida silvestre os espazos forestais con condicións estacionais desfavorables.
- d) Establecer un monte que teña a capacidade de incrementar substancialmente a produción actual de madeira nos espazos forestais para que a súa función preferente sexa a productiva. En concreto preténdese chegar a acada-las seguintes producións anuais:
 - 2.000.000 m³ de madeira de frondosas caducifolias.
 - 7.000.000 m³ de madeira de coníferas.
 - 5.000.000 m³ de madeira de eucalipto.

6.3. METODOLOXIA DE ELABORACION DO MODELO DE MONTE.

O primeiro paso para a elaboración do modelo de monte foi diferencia-los territorios que polas súas condicións fitoxeográficas teñen características homoxéneas.

Deste xeito, distinguíronse sete comarcas xeoforestais en Galicia: Costa Norte, Costa Atlántica, Meseta Central, Montaña Nororiental, Interior Sur, Vales Interiores e Montaña Suroriental.

O seguinte paso foi elaborar para cada comarca xeoforestal unha matriz de interacción de cinco parámetros físicos (altitude, profundidade do chan, pendente, exposición e disgregabilidade da rocha nai) a cal aplicada sobre o territorio, xunto coa información socioforestal disponible de cada comarca, indícanos o tipo de vexetación máis axeitada. Estas matrices reciben o nome de «*Matriz de especies índice*». Cada matriz acompáñase dunha serie alternativa de especies que se adaptan ó mesmo territorio e a súa elección, en definitiva, dependerá dos criterios que aplique a propiedade.

Antes de aplicar estas matrices sobre o territorio separáronse cartográficamente os seguintes espazos:

- As masas de auga continentais: Ríos, encoros e lagos.
- Os espazos sensibles obxecto de planificación especial.
- Os espazos urbanos e periurbanos.
- As superficies poboadas por frondosas caducifolias con fracción de cabida cuberta superior ó 50%.

O resto do territorio só comprende usos agrícolas e forestais. A partir do Mapa de Cultivos e Aproveitamentos de Galicia asignáronse os terreos ó uso agrícola e ó forestal tendo en conta por comarca condicións de pendente, profundidade do chan e produtividade potencial.

Todo este proceso, executado a través de sucesivas segregacións, permitiu identificar as superficies do territorio galego que son consideradas de uso forestal e que a partir de aquí identifícanse como «monte». Sobre esta base territorial constrúese o modelo de monte aplicando ós terreos unha matriz de interacción, específica para cada comarca xeoforestal, que asigna a estes espazos o seu destino e informa sobre as especies forestais adaptadas en cada lugar.

A aplicación dos algoritmos de explotación definidos polas matrices para cada comarca xeoforestal determina o destino das superficies de monte, identifica os es-

pacios de función predominantemente productiva e os dedicados á vexetación espontánea. No monte productivo sinala, tamén, as especies forestais consideradas índice en cada lugar; no monte de vexetación espontánea especifica a súa posible evolución.

6.4. OS RESULTADOS DO MODELO.

Inclúense neste apartado os resultados obtidos mediante a aplicación sobre o territorio das condicións e algoritmos anteriormente expostos. Primeiramente fanse constar as superficies dos usos do territorio resultantes. A continuación, preséntanse os resultados do monte, superficies e produción, diferenciando o monte de función productiva dos restantes terreos forestais.

Por último, faise unha análise dos resultados mediante o seu contraste cos obxectivos que marcan as bases de elaboración do Plan Forestal.

6.4.1. OS USOS DO TERRITORIO SEGUNDO O MODELO.

O dimensionamento superficial das grandes unidades territoriais, espazos urbanos e periurbanos, terreos agrícolas, monte, augas continentais e espazos sensibles obxecto de planificación especial, permítenos dispoñer dunha visión de conxunto de Galicia. Os resultados do modelo en canto a usos ofrécense no Cadro Nº 6.1.

Cadro Nº 6.1. : USOS DO TERRITORIO SEGUNDO O MODELO. (has.).

U S O S	CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA
Augas continentais e outros	3.360	1.948	5.065	492	10.865
Urbano e periurbano	47.480	2.837	6.562	18.620	75.499
Agrícola	275.440	289.399	163.783	124.277	852.899
Espacios sensibles obxecto de planificación especial	30.960	92.766	165.255	52.540	341.521
Monte	438.040	595.744	382.005	255.462	1.671.251
T O T A L	795.280	982.694	722.670	451.391	2.952.035

FONTE : Elaboración propia.

Na interpretación dos datos é preciso considerar que, tanto nos espazos urbanos e periurbanos coma nos sensibles obxecto de planificación especial, existen terreos forestais e agrícolas. Considérase que tales usos harmonizaranse con outros usos sociais e recreativos e coas funcións medioambientais.

6.4.2. O MONTE SEGUNDO O MODELO.

O sistema informático utilizado para a construción do modelo de monte fai posible presenta-los resultados agregados en función das variables físicas ou das unidades territoriais que se cartografiaron. Co fin de situar e interpretar con facilidade os resultados considerouse oportuno emprega-las unidades administrativas provinciais para presentalos.

A efectos deste Plan «o monte» comprende todos aqueles territorios forestais sobre os que se aplicou a matriz de especies índice e destinos da vexetación. Fóra deste concepto de monte quedan, por tanto, os terreos forestais incluídos nos espazos periurbanos e nos espazos sensibles obxecto de planificación específica.

A aplicación das matrices sobre o espazo que chamamos «monte» diferencia dous tipos de terreo. Un, que ten como destino predominante o productivo e que se caracteriza porque as súas masas forestais van xerar rendas económicas, e outro, que ten como destino o desenrolo dunha vexetación espontánea, se non existe intervención humana e, se a houbese, o seu destino sería o aproveitamento extensivo de gando ou o cinexético. Noutras palabras, que o posible arboredo existente non tería unha función económica preferente.

Así pois, preséntase en primeiro lugar os resultados do modelo segundo estes dous tipos de monte resumidos por provincias. En segundo lugar, e tamén agrupados por provincias, ofrécense os resultados do modelo de monte de función productiva indicando as superficies que ocupa cada especie índice.

Cadro Nº 6.2. : O MODELO DE MONTE: RESULTADOS SUPERFICIAIS SEGUNDO DESTINOS. (has.).

DESTINOS	CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA
Vexetación espontánea	50.640	108.245	69.714	53.688	282.287
Función productiva	387.400	487.499	312.291	201.774	1.388.964
T O T A L M O N T E	438.040	595.744	382.005	255.462	1.671.251

FONTE : Elaboración propia.

Cadro Nº 6.3. : O MODELO DE MONTE DE FUNCION PRODUCTIVA. RESULTADOS SUPERFICIAIS POR ESPECIES INDICE. (has.).

E S P E C I E	CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA
Pinus pinaster	113.320	64.975	80.943	74.894	334.132
Pinus radiata	55.360	105.581	41.145	29.121	231.207
Pinus sylvestris	760	27.377	42.767	5.537	76.441
Pinus uncinata	---	34	99	---	133
P. laricio corsicana	---	239	22.157	---	22.396
Pseudotsuga menziesii	7.600	34.179	22.631	5.824	70.234
Eucalyptus globulus	130.080	66.376	6.337	42.861	245.654
Castanea sativa	55.000	74.819	54.968	34.166	218.953
Outras caducifolias	25.280	113.919	41.244	9.371	189.814
T O T A L	387.400	487.499	312.291	201.774	1.388.964

FONTE : Elaboración propia.

6.4.3. A PRODUCCION DO MODELO.

A estimación das distintas produccions que poderían obterse a través das etapas de execución do Plan Forestal presenta algunhas dificultades derivadas, fundamentalmente, da falta de datos actuais sobre algúns aproveitamentos. Desde esta perspectiva, a única produccion forestal que pode cuantificarse con certa precisión é a madeirable.

A metodoloxía empregada para calculala parte da avaliación do Índice Bioclimático Libre, tal como é definido por *Montero de Burgos*, para todo o territorio galego. Os valores deste índice para cada estación permiten estima la productividade potencial de todo o territorio galego independentemente do uso que lle fose asignado.

O sistema permite obter datos agrupados por calquera recinto. Para calcula-la produción de madeira no monte de función productiva transfórmase o valor do Índice Bioclimático Libre, expresado en unidades bioclimáticas, en metros cúbicos con cortiza por hectárea de crecemento corrente anual, suposta unha masa forestal ordenada. A transformación efectúase de acordo coa seguinte táboa:

<u>E S P E C I E</u>	<u>E Q U I V A L E N C I A</u>
Pinus pinaster	1 u.b.c. = 1,0 m ³ c.c./has.
Pinus radiata	1 u.b.c. = 1,5 m ³ c.c./has.
Pinus sylvestris	1 u.b.c. = 0,6 m ³ c.c./has.
Pinus uncinata	1 u.b.c. = 0,6 m ³ c.c./has.
Pinus laricio corsicana	1 u.b.c. = 1,15 m ³ c.c./has.
Pseudotsuga menziesii	1 u.b.c. = 1,25 m ³ c.c./has.
Eucalyptus globulus	1 u.b.c. = 2,0 m ³ c.c./has.
Castanea sativa	1 u.b.c. = 0,8 m ³ c.c./has.
Outras caducifolias	1 u.b.c. = 0,4 m ³ c.c./has.

O cadro seguinte indica a produción anual de madeira nas superficies de función productiva.

Cadro Nº 6.4. : A PRODUCCION DE MADEIRA NO MONTE PRODUCTIVO. (m³ c.c.).

ESPECIES INDICE DO MODELO	CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA
Pinus pinaster	1.119.080	508.335	630.673	669.809	2.927.897
Pinus radiata	724.940	1.328.826	496.481	425.683	2.975.930
Pinus sylvestris	3.252	115.322	131.939	26.602	277.115
Pinus uncinata	---	133	150	---	283
Pinus laricio corsicana	---	688	155.019	---	155.707
Pseudotsuga menziesii	85.150	342.137	175.459	59.985	662.731
Eucalyptus globulus	2.825.860	1.548.239	131.298	862.887	5.368.284
Castanea sativa	447.040	508.939	350.198	269.559	1.575.736
Outras caducifolias	95.024	390.010	110.965	19.935	615.934
TOTAL ESPECIES	5.300.346	4.742.629	2.182.182	2.334.460	14.559.617

FONTE : Elaboración propia.

6.5. CONSIDERACIONES SOBRE OS RESULTADOS DO MODELO.

Para avalia-los resultados do modelo é preciso efectuar un contraste coas metas operativas definidas ó comezo deste apartado. Nelas faise referencia, en primeiro lugar, á necesidade de conserva-los espacios protexidos xa catalogados na actualidade e de incorporar outros que polas súas características de ubicación, paisaxe ou fragilidade deben ser preservados e mellorados. O modelo sinala que 341.000 has. de territorio galego están comprendidas neste tipo de espacio. Isto supón que case un 12 % da superficie galega terá ó final do período de execución do Plan Forestal, unha planificación especial. O seu obxectivo principal será a conservación e mellora da fauna, flora e paisaxe que alberguen. O seu tratamento legal e o seu manexo e xestión dependerán, en consecuencia, dos plans específicos que para eles será preciso establecer.

En segundo lugar, o modelo deseñado inclúe 75.000 has. de espacios urbanos e periurbanos. Deles un 24 %, é dicir 18.000 has., prevíronse como parques periurbanos dos principais núcleos de poboación de Galicia, co fin de dar resposta viable á crecente demanda de usos sociais do monte nos arredores das cidades. A recuperación dos ríos e dos regatos que rodean as cidades galegas inscribense nesta mesma meta operativa.

O desenrolo de vida silvestre (espacios nos que se considera que o home non vai ter interese económico), o modelo de monte destina 282.000 has., é dicir, case o 17 % das superficies de monte considérase que van ser abandonadas. Esta circunstancia, se se logra un control afectivo sobre os incendios, propiciará a aparición de importantes superficies (o 9,7 % do territorio galego) cubertas con vexetación espontánea. As características de chan e estación condicionarán a súa evolución cara a formacións de matorral, quercíneas ou outras frondosas. Así mesmo estas superficies poderan dar refuxio á caza ou ser empregadas como pastoreo extensivo. Os resultados que ofrece o modelo amosan un reparto equilibrado destes terreos nas catro provincias galegas.

Respecto á produción madeirable, o modelo deseñado supera lixeiramente os obxectivos prefixados. A produción de madeira foi estimada soamente nas superfi-

cies de monte consideradas de función productiva (1.389.000 has.) onde se espera que a aplicación da selvicultura poida chegar a xerar perto de 14,5 millóns de metros cúbicos de madeira. A esta cifra deben sumarse os posibles aproveitamentos que se realicen nos espazos periurbanos e nos espazos sensibles.

O volume de madeira que se estimou indica a produción unha vez se realicen os traballos de repoboación e transformación. Acadarase a cifra horizonte cando remate o ciclo productivo das especies forestais de crecemento máis lento, período de tempo que, obviamente, será máis longo có prazo de execución do Plan Forestal. E conveniente destacar que a colleita de madeira no futuro efectuarase, fundamentalmente, nunha superficie forestal que non sobrepasa o 47% do territorio galego. Na actualidade o monte considerado productivo ocupa aproximadamente 1.000.000 de has., é dicir, o 34% da superficie galega e soamente produce 6,5 millóns de metros cúbicos.

Por último, as cifras globais dos usos do territorio, distribución dos espazos sensibles e os periurbanos e os asignados ás distintas especies, presentan un cadro equilibrado acorde coas características naturais de Galicia.

6.6. TRANSFORMACIONES NECESARIAS PARA ACADA-LO MODELO.

O modelo de monte elexido diferencia claramente os espazos de función productiva preferente, un conxunto de espazos calificados como sensibles, nos que hai tódolos usos agrarios e onde a función preferente do monte será a protectora, e os espazos forestais periurbanos, con función preferente de recreo.

A avaliación das transformacións faise comparando os resultados do modelo de monte futuro coa situación actual, da que a súa expresión máis obxectiva pódese deducir do Mapa Forestal de Galicia de 1986.

Para isto simplificáronse os datos do Mapa Forestal por provincias adaptando os usos actuais ós manexados no modelo futuro, previa concordancia das superficies totais provinciais ás que contén este.

As producións no monte de función productiva.

O monte con función productiva terá unha superficie de 1.388.964 has., das que unha parte está hoxe ocupada xa por monte arborizado, outras 472.263 has. son actualmente matorrais e por último, 68.654 has. son terreos agrícolas marxinais.

En canto ós terreos arborizados, para que a función productiva se cumpra satisfactoriamente, tódalas masas forestais deberán ser regulares, monoespecíficas e con densidade suficiente. Medida ésta como fracción de cabida cuberta, debe superalo 50% para masas de menos de 3 metros de altura e para o resto debe superalo 75%.

Con estas esixencias, poderanse conservar ou manter unhas 335.000 has., das que mais da metade son masas de *P. pinaster*.

Cadro Nº 6.5. : GALICIA: PROCEDENCIA DAS SUPERFICIES NO MODELO DE USOS DESEÑADO.

M O D E L O D E S E Ñ A D O		U S O A C T U A L E S U P E R F I C I E S			
Uso	Superficie	M. arboriz.	Matorral	Agrícola	Augas e outros
M. vexetación espontánea	282.287	14.724	267.573	---	---
Espacios sensibles	341.521	62.856	254.658	24.007	---
M. urbano e periurbano	75.499	21.974	14.854	30.671	8.000
Agricultura	852.899	37.891	16.273	798.735	---
Augas e outros	10.865	---	---	---	10.865
M. función productiva	1.388.964	848.047	472.263	68.654	---
	2.952.035	985.482	1.025.621	922.067	18.865

Case tódolos montes de xestión pública teñen condición de especie, regularidade e densidade para non precisar, inicialmente, transformación.

A meirande superficie de actuación corresponde a transformacións en monte

Cadro Nº 6.6. : AVALIACION DAS SUPERFICIES DE ACTUACION NO MONTE DE FUNCION PRODUCTIVA.

ESPECIE	SUPERFICIE SEGUNDO MODELO	SUPERFICIE DE MONTE A MANTER	SUPERFICIE DE ACTUACION
P. pinaster	334.132	196.000	138.132
P. radiata	231.207	25.800	205.407
P. sylvestris	76.441	36.410	40.031
P. uncinata	133	---	133
P. laricio c.	22.396	---	22.396
Ps. menziesii	70.234	179	70.055
E. globulus	245.654	48.000	197.654
C. sativa	218.953	3.100	215.853
O. caducifolias	189.814	26.051	163.763
T O T A L	1.388.964	335.539	1.053.425

arborizado de propiedade particular, seguindo en importancia, con superficies semellantes, as repoboacións de matorrais en montes particulares e veciñais.

Cadro Nº 6.7. : GALICIA: DISTRIBUCION DA SUPERFICIE DE ACTUACION SEGUNDO O USO ACTUAL E TIPO DE PROPIEDAD.

FORMACION	SUPERFICIE	TIPO DE PROPIEDAD		
		Particular	Vecinal	C. A. e M.
Matorral	472.263	221.364	233.223	17.676
Arborizada	512.508	483.285	19.961	9.262
Agrícola	68.654	68.654		
T O T A L	1.053.425	773.303	253.184	26.938

Actuacións no monte de vexetación espontánea.

As actuacións a realizar no monte de vexetación espontánea limitaranse a pequenas intervencións de restauración forestal puntuais, realización de áreas cortalumes e á dotación de infraestructuras de comunicación —camiños para a xestión e de devasas para a protección.

Actuacións previstas nos espazos sensibles de planificación específica.

O conxunto de espazos que se incluíron baixo o calificativo de «*sensibles*» comprenden unha variedade de situacións, de estruturas e de morfoloxías que recomendaron transferir a documentos posteriores de planificación, xa individualizados ou ben por grupos, tanto os obxectivos de cada espazo como a figura xurídica, o modelo de xestión e as intervencións a realizar en cada caso.

A efectos de avaliación de recursos, as inversións contabilizaranse a partir das necesarias para o monte arborizado.

Actuacións forestais nos espazos urbanos e periurbanos.

Para as principais aglomeracións urbanas prevese unha asignación de 75.500 has. de terreos nos que as normas de planeamento urbano municipal asignan os usos do territorio. Nestas áreas, cos espazos forestais e cos sensibles nelas incluídos deberá formarse unha rede de espazos públicos en tratamento de parque forestal.

As cinco grandes áreas urbanas de Galicia que se contemplaron no modelo de monte teñen na actualidade arredor do 50% da poboación galega. Se a tendencia de crecemento nos próximos anos fose parecida á deste momento, é dicir, unha poboación rexional estabilizada, e se mantivese de forma semellante á actual a concentración nas áreas urbanas, é previsible que no ano 2032, é dicir, ó final do prazo de execución do Plan, a poboación destas áreas podería estar perto do 70% da poboación galega.

Considerar unha dotación de 100 m² de parque por habitante para as áreas urbanas galegas parece unha dotación suficiente. Resultaría con isto unhas 18.000 has. de parques urbanos visitables. Quedarían excluídas desta superficie as zonas húmidas, as brañas e a praias.

Dentro destes espazos hai que facer distintas intervencións tanto pola orixe, a utilización ou os usos dos terreos na actualidade, como pola variedade e a intensidade de utilización posterior.

As actuacións forestais nos terreos agrícolas.

Nos terreos agrícolas, as actuacións forestais terán por obxectivo manter unha certa diversidade de nichos ecolóxicos, a conservación da vexetación ripícola e das marxes arborizadas, etc. e restaura-la vexetación arborizada cando as transformacións agrarias, as infraestructuras ou as explotacións as deteriorasen ou destrúisen.

Actividades de reposición no monte non transformado.

No monte arborizado non transformado continuaranse realizando as inversións de reposición propias da selvicultura productiva, tales como rexeneración das masas que chegaron a sazón, tratamentos selvícolas, mantemento de infraestructuras, etc.

Suponse que nestes montes hai unha dotación suficiente de camiños.

6.7. EVOLUCION DO SECTOR FORESTAL DERIVADO.

Aínda que o sector forestal definiuse coma o monte como medio natural, as transformacións industriais, a súa comercialización, os servicios, a ensinanza e a investigación, aquí cuantifícanse a evolución do monte e a produción madeirable, prognostícase un modelo de industria de primeira transformación, entre os moitos posibles, e establécese unha cuantificación global dos procesos posteriores de transformación.

6.7.1. EVOLUCION DO MONTE.

Para facer unha predicción da evolución do monte hai que establecer-lo prazo de transformación, que se fixa en corenta anos (véxase «*Inversión, financiación e balance económico*»). Ademais, hai que simula-los criterios de preferencia que se-

guirán os inversores potenciais —propietarios, empresarios, comunidades veciñais— para realiza-las transformacións. Tamén hai que establece-las prioridades que deben orienta-las liñas de actuación da Administración Forestal.

Como esquema xeral, a Administración realizará as actuacións en infraestruturas en tódolos territorios e a maioría das actuacións forestais no monte de vexetación espontánea, nos espazos sensibles, nos espazos urbanos e priurbanos e nos terreos agrícolas. En canto ó monte productivo, correspóndenlle as transformacións nos de menor capacidade de produción —parte dos montes veciñais— e nos montes públicos. Tamen será da súa competencia a promoción de estímulos á iniciativa privada que incidan na transformación do monte. Esta actividade estará orientada a potencia-las tendencias que se observan na iniciativa privada, evitando en todo caso o dirixismo, pero condicionando a estrutura e dimensión das explotacións auxiliares.

Seguindo as conclusións da enquisa de opinión pública sobre cultura forestal, pode resumirse que a iniciativa privada actuará basicamente nas transformacións do monte de función productiva, xa que o factor principal que explica en gran medida as súas motivacións é o de rendabilidade de inversión.

Cadro Nº 6.8. : EVOLUCION DO MONTE DE FUNCION PRODUCTIVA O LONGO DO PRAZO DE EXECUCION DO PLAN.

QUINQUENIO OU ANO	SUPERFICIE DE MONTE CON F. PRODUCTIVA O TERMINA-LO QUINQUENIO	RITMO QUINQUENAL DE INCORPORACION DE MONTE RASO Y T. AGRICOLAS	RITMO QUINQUENAL DE REPOBOACION E TRANSFORMACION	SUPERF. DE MONTE REGULAR	
				has.	%
1.992	848.047	—	—	335.539	40
1.993/97	982.982	134.935	256.686	592.225	60
1.998/02	1.139.803	156.821	295.273	887.498	78
2.003/07	1.238.101	98.298	183.295	1.070.793	86
2.008/12	1.319.721	81.620	161.072	1.231.865	93
2.013/17	1.349.180	29.459	77.635	1.309.500	97
2.018/22	1.369.571	20.391	33.618	1.343.116	98
2.023/27	1.388.494	18.923	32.149	1.375.267	99
2.028/32	1.388.964	470	13.692	1.388.964	100
2.033	1.388.964	540.917	1.053.425	1.388.964	100

Prevese que a transformación teña un ritmo máis forte nos primeiros quinquenios como consecuencia da maior actividade repoboadora.

A produción do monte, tendo en conta os turnos medios de corta de cada especie e supoñendo tamén que a metade da superficie de castiñeiro destínese a froito, resulta por decenio a que figura no cadro Nº 6.9.

Como se ve nel, o monte no seu conxunto acadará, superando as diferencias de decenio a decenio derivadas dos supostos iniciais, 11,5 millóns de m.c. por ano ó cabo de 40 anos, e 14 millóns de m.c. por ano ó cabo de oitenta, tendendo despois cara a 15/16 millóns de m.c.

Cadro Nº 6.9. : ESTIMACION DA PRODUCCION MADEIRABLE POR DECENIOS DESDE O COMENZO DA EXECUCION DO PLAN. (Unidades: 1.000 m³ c. c.).

DECENIO	CORTAS EN MONTE SEN FUNCION PRODUCTIVA	PRODUCCION EN MONTE DE FUNCION PRODUCTIVA NON TRANSFORMADO	PRODUCCION EN MONTE CON FUNCION PRODUCTIVA TRANSFORMADO		TOTAL CORTAS
			Cortas finais	Cortas intermedias	
1.993/2.002	8.580	42.460	---	---	51.040
2.003/2.012	8.580	34.204	33.435	6.867	83.086
2.013/2.022	8.580	25.346	51.319	14.166	99.411
2.023/2.032	8.580	22.336	106.470	13.707	151.093
2.033/2.042	8.580	20.100	78.601	10.946	118.227
2.043/2.052	8.580	20.100	105.160	11.464	145.304
2.053/2.062	8.580	20.100	127.042	12.430	168.152
2.063/2.072	8.580	20.100	113.123	14.883	156.686
2.073/2.082	8.580	20.100	94.972	8.723	132.375
2.083/2.092	8.580	20.100	123.559	14.131	166.370
2.093/2.102	8.580	20.100	104.719	11.945	145.340
2.103/2.112	8.580	20.100	74.832	12.259	115.771

6.7.2. EVOLUCION DA INDUSTRIA.

Desde a perspectiva actual, a industria de primeira transformación evolucionará por vías de difícil predicción dentro de 20, 40 ou máis anos.

A efectos de cuantifica-los inputs xerados, faise unha avaliación da produción, dos valores engadidos e do emprego que xerará a industria forestal derivada. A estes efectos fanse os seguintes supostos:

- A industria de primeira transformación procesa toda a madeira producida en Galicia a partir do ano 2002.
- O destino da madeira ós grupos industriais é semellante á actual, pero a medida que entran en produción as novas masas forestais, haberá unha maior porcentaxe de madeira de serra e de chapa. O destino industrial do eucalipto será cada vez máis diversificado.
- Os rendementos por m.c. de madeira en torada mellorarán levemente.
- A produtividade por emprego mantense semellante á actual.
- O aproveitamento de subproductos medra paseniñamente.

Da industria de segunda transformación só se poderá estima-lo valor engadido e o emprego, relacionándoo co xerado pola selvicultura.

Cadro Nº 6.10. : EVOLUCION DO VALOR ENGADIDO BRUTO E EMPREGO NA INDUSTRIA DE PRIMEIRA TRANSFORMACION.

QUINQUENIO	PRODUCTO	ROLLA EMPREGADA 1.000 m3	Nº EMPREGOS	VALOR ENGADIDO Mpts.
1.998/2.002	Chapas	1.090	3.430	10.290
	Serrados	17.625	26.508	47.147
	Taboeiros	4.325	5.973	20.699
	Pasta	2.930	3.220	45.037
	Subproductos	—	910	1.638
T O T A L		25.970	40.041	124.811
2.028/2.032	Chapas	7.600	23.917	71.744
	Serrados	25.399	38.200	67.942
	Taboeiros	10.689	14.761	51.157
	Pasta	21.553	23.687	331.291
	Outros	759	1.141	2.030
Subproductos	—	1.980	3.564	
T O T A L		66.000	103.686	527.728
2.058/2.062	Chapas	9.544	30.035	90.095
	Serra	31.355	47.158	83.874
	Taboeiros	11.225	15.501	53.723
	Pasta	21.703	23.851	333.597
	Outros	1.173	1.764	3.138
Subproductos	—	4.050	2.250	
T O T A L		75.000	122.359	566.677
2.112/2.117	Chapas	10.001	31.473	94.409
	Serra	33.825	50.873	90.482
	Taboeiros	11.764	16.246	56.303
	Pasta	22.145	24.337	340.391
	Outros	1.265	1.903	3.384
Subproductos	—	4.266	2.370	
T O T A L		79.000	129.098	587.339

A industria de primeira transformación caracterizada polos parámetros de tipo de produto, madeira consumida, número de empregos e Valor Engadido Bruto (V.E.B.) poderá ter nos quinquenios máis significativos as dimensións que se indican no cadro Nº 6.10.

Estímase que ata o quinquenio 1988/2002 a relación entre o VEB total no sector forestal e o correspondente á selvicultura permanecerá igual ó actual. O desenvolvemento xeral e forestal esperado para Galicia debe facer elevar progresivamente este coeficiente para acadar contías semellantes ás doutras rexións ou nacións cun máis alto nivel de vida.

Baixo este suposto a evolución do VEB e do emprego preséntase no cadro Nº 6.11. separando os tres chanzos productivos:

- a) Madeira posta en fábrica: Selvicultura, explotación e transporte.
- b) Industria de 1ª transformación: Chapas, taboas, taboeiros e pasta para papel.
- c) Industria de 2ª transformación: Carpintería, mobles, estruturas de madeira, molduras, portas, fiestras, compoñentes para outros sectores, etc.

Cadro Nº 6.11. : EVOLUCION DA PRODUCCION FORESTAL E INDUSTRIAL DERIVADA POR QUINQUENIOS.

QUINQUENIO	PRODUCCION DE MADEIRA (*)	VALORES ENGADIDOS BRUTOS (1.000 Mpts)				Nº DE EMPREGOS - ANO POR QUINQUENIO			
		MADEIRA POSTA EN FABRICA	I N D U S T R I A		TOTAL	MADEIRA POSTA EN FABRICA	I N D U S T R I A		TOTAL
			1* Transf.	2* Transf.			1* Transf.	2* Transf.	
1.993/1.997	26	137	108	150	395	60	35	75	170
1.998/2.002	30	158	125	171	454	69	40	86	195
2.028/2.032	66	349	528	556	1.433	152	104	278	534
2.058/2.062	75	397	566	1.157	2.120	172	122	578	872
2.113/2.117	79	418	587	1.396	2.401	182	129	698	1.009

* Millóns de m³ c.c. .

7. OS INSTRUMENTOS DE EXECUCIÓN DO PLAN FORESTAL DE GALICIA.

Unha vez analizada a situación do sector forestal galego, estudadas as demandas sociais e económicas e establecido o modelo de monte futuro, cómpre establecer e deseña-las accións e elementos necesarios para aseguralo cumprimento dos obxectivos do Plan, isto é, os instrumentos que garanten a súa execución.

Así, considéranse instrumentos fundamentais a adecuación dos órganos administrativos autonómicos ás necesidades do Plan, o desenvolvemento da mellora xenética, unha nova concepción e formas de intervención no territorio forestal e o perfeccionamento dos servizos de defensa contra incendios forestais. Tamén se consideran imprescindibles a potenciación da investigación forestal, a implantación de ensinanzas forestais adaptadas á dimensión futura do sector e o desenvolvemento dunha cultura forestal na sociedade galega a través de plans de comunicación e divulgación.

A execución do Plan Forestal de Galicia e a evolución do sector esixen igualmente a creación de novos incentivos que fagan atractivo o investimento no monte. Como accións clave para o futuro do sector establécense liñas de apoio específicas para a xestión dos montes veciñais en man común, para a industria e o comercio de produtos forestais e para as organizacións profesionais.

As demandas sociais e ambientais sobre o monte, a necesidade de recuperar ou conservar determinados ecosistemas e a de equipara-lo nivel de vida das poboacións neles asentadas ó resto da sociedade galega xustifican o establecemento dunha rede de parques periurbanos e das bases para realizar unha adecuada xestión dos espazos sensibles.

Por último, recoméndase proporcionar ó Plan Forestal de Galicia un soporte xurídico que lle confira unha alta lexitimidade e sinálanse mecanismos de seguimento para avalialo e axustalo ó longo da súa execución.

7.1. MODERNIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN FORESTAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA.

A Comunidade Autónoma de Galicia mantivo desde o seu comezo, en maior ou menor grao segundo os sucesivos gobernos, unha certa diferenciación na estrutura administrativa forestal, que se aumentou co último axuste efectuado en 1990 ó se incorporar unha organización específica e comarcalizada de defensa contra incendios forestais e un servizo de industrias forestais.

Sen embargo, aspectos claves como a investigación ou a formación forestal continúan na actualidade funcionalmente afastados da organización sectorial e con obxectivos pouco adecuados ás necesidades do sector.

No mesmo sentido un feito novo influíu notablemente nos novos criterios da política, a administración e a lexislación forestais. Trátase da aparición das organizacións que agrupan ós distintos actores involucrados no sector. Hoxe, nos países máis avanzados, non se concibe unha administración que poida liderar unha política sectorial sen te-la posibilidade institucional de dar participación ós compoñentes privados do sector. É, pois, crucial conseguir un marco institucional forestal adecuado ás características de cada rexión.

Esta filosofía, apoiada na urxente necesidade de prestar unha xestión próxima ó medio que responda ás demandas diferenciadas das distintas comarcas galegas, conforma o criterio básico co que se deseñou a reforma da Administración forestal que aquí se presenta.

Os obxectivos do Plan Forestal de Galicia, definidos polos problemas cruciais que afectan ó monte e polas novas funcións que del reclama a sociedade, xunto coa crecente importancia estratéxica do sector forestal, demandan unha Administración máis complexa e máis integrada.

Obxectivos da reforma da Administración Forestal da Comunidade Autónoma.

Desde unha perspectiva teórica, coa reforma preténdense os seguintes obxectivos:

- 1) Dotar á Administración Forestal dos Organos necesarios para conseguir un tratamento integrador do sector. Soamente así será posible exercer un liderato coherente con capacidade suficiente para acometelas transformacións que esixe a nova importancia do sector.
- 2) Consegur un modelo organizativo que responda ás esixencias do Plan Forestal de Galicia.

Na orde operativa establécense as seguintes metas:

- 1) Adapta-las prestacións da Administración ás características dos diferentes ámbitos socioforestais galegos, mediante unha organización comarcal e unha estrutura funcional acorde.
- 2) Exercer de xeito eficaz os labores de policía nos campos do medio natural, forestal, caza e pesca continental.
- 3) Integra-la investigación silvícola e dos produtos forestais na organización do sector.
- 4) Atender de forma preferente a mellora xenética das especies forestais.
- 5) Dispoñer dos recursos humanos necesarios para a xestión dos espazos sensibles.
- 6) Formar un equipo altamente cualificado para efectuar unha xestión idónea da fauna e, en concreto, da caza e da pesca fluvial.
- 7) Crea-las condicións necesarias para que os montes veciñais en man común teñan unha xestión axeitada as súas características socioeconómicas e estacionais. Prestarase particular atención ás comunidades propietarias para que exerzan as súas funcións.
- 8) Lograr unha estrutura organizativa que elabore, coordine e realice o seguimento dos programas de divulgación e de cultura forestal.

- 9) Contar con servizos específicos para o desenvolvemento das funcións máis estratéxicas do Plan.
- 10) Conseguir que os órganos administrativos teñan a capacidade de facer participar ós distintos actores do sector na elaboración de programas e no desenvolvemento da política forestal, desde a unidade comarcal ata os máis altos niveis da Administración.
- 11) Involucrar á sociedade galega na mellora dos montes e na valoración e respecto do medio natural.

Criterios básicos para a reforma da Administración Forestal.

A introducción de innovacións fortes dentro dunha organización amplamente consolidada esixe busca-lo máximo de eficiencia nun prazo breve, tratando de minimiza-las tensións, único xeito de evitar que a organización establecida deforme os novos obxectivos.

O recoñecemento social e os resultados obtidos no tratamento dos incendios forestais coa posta en marcha dunha organización administrativa profesional e comarcalizada, marcan dalgunha forma a liña a seguir na modernización da Administración Forestal galega.

Inspirados por este modelo seguíronse os seguintes criterios básicos para deseñala nova administración forestal galega:

- a) Establecer órganos especializados para as funcións consideradas estratéxicas no Plan Forestal de Galicia, ou aquelas consideradas específicas polo contido do labor a realizar.
- b) Diferenciar nitidamente os órganos con funcións xestoras daqueles que fan labores de planificación, de estudo ou de avaliación e seguimento.
- c) Considera-lo Distrito Forestal como a unidade básica de administración e xestión. De acordo con este criterio adáptanse as restantes unidades comarcais (comarcas de incendios e de actuación da policía forestal) ó ámbito te-

territorial do Distrito. A configuración do Distrito defínese en función da estrutura do territorio, os parámetros forestais e as características socio-culturais. As cabeceiras dos Distritos Forestais fanse coincidir coas capitais de comarca sinaladas polo proxecto oficial de comarcalización de Galicia.

- d) Establece-lo número de Distritos Forestais atendendo á posibilidade de asumir-lo incremento de custos, á existencia de equipos eficientes de xestión e á proximidade dos servicios ós cidadáns.
- e) Asigna-las funcións de policía a unha unidade especializada que preste ese servizo ás unidades xestoras —incendios, monte, medio ambiente, caza e pesca— con dependencia directa da Dirección Xeral ó obxecto de dotala do máximo prestixio e lexitimidade.
- f) Apoia-la acción da iniciativa privada. De acordo coas directrices da Comunidade Europea débese de prestar un apoio especial ó desenvolvemento das organizacións profesionais do ámbito forestal. A intervención da Administración debe dirixirse a aqueles campos nos que a iniciativa privada non entre.
- g) Dar participación, nos diferentes graos da Administración, ós axentes profesionais e sociais involucrados, mediante órganos de consulta ou dirección.

7.1.1. CATEGORÍA PROFESIONAL E NÚMERO DE FUNCIONARIOS.

Polo carácter estratéxico da súas funcións de planeamento e coordinación, nos Servizos Centrais débese intensificar ó máximo a presenza de facultativos do máis alto nivel profesional. En cambio, nos Distritos Forestais, débese incrementa-la proporción de técnicos dos niveis intermedios.

Os cadros Nº 7.1. e Nº 7.2. presentan o número e os Corpos de funcionarios agrupados por servizos. A súa comparación facilita unha análise da organización actual e da proxectada, a cal a penas representa un 25% de incremento de cadro de persoal, aínda que implica unha notable intensificación profesional do capital humano.

Cadro Nº 7.1. : RESUME DA ORGANIZACION ACTUAL.

Organo	Total	CORPOS ESPECIAIS					CORPOS XERAIS					Lab.
		S	M	A	A	E	S	G	A	AA	S	
Servicios Centrais	102	30	1	1	7	-	1	8	10	11	-	33
Servicios Provinc.	965	46	38		496	-	-		61	41	4	281
S.D.C.I.F.	193	--	45		89	-	-	-	--	30		29
T O T A L	1.260	76	84	1	592	-	1	8	71	82	4	343


NOTA : Os Axentes Forestais dos servizos do Medio Ambiente inclúense nos servizos provinciais. Inclúense nos Servizos Centrais o persoal do Centro de Investigacións Forestais de Lourizán e da Escola de Capataces Forestais de Lourizán, a pesar de dependeren doutra Dirección Xeral, para poder comparar este cadro co seguinte.

Cadro Nº 7.2. : RESUME DA NOVA ORGANIZACION PROXECTADA.


Organo	Total	CORPOS ESPECIAIS					CORPOS XERAIS					Lab.
		S	M	A	A	E	S	G	A	AA	S	
Servicios Centrais	434+V	54	21	90	148	19	8	2	16	44	2	30+V
Servicios Provinciais	192	32	4	38	12	---	-	-	12	40	12	42
S.D.C.I.F. e Distritos For.	943	49	79	107	325	132	11	-	42	106	19	73
T O T A L	1.569+V	135	104	235	485	151	19	2	70	190	33	145+V

NOTA : V corresponde ó persoal laboral adscrito na organización actual a viveiros e secadoiros.

Gráfico n.º 7.1.: ORGANIGRAMA ACTUAL DA ADMINISTRACION FORESTAL AUTONOMICA



SITUACION DOS DISTRITOS FORESTAIS



Coruña

- I** Ferrol-Ortigueira
- II** Mariñas Coruñesas
- III** Santiago-Meseta Interior
- IV** Barbanza/Mahía-Barcala
- V** Bergantiños-Fisterra

Lugo

- VI** Mariña Lucense
- VII** Os Ancares
- VIII** Terra de Lemos
- IX** Lugo-Sarria
- X** Terra Cha

Ourense

- XI** Ribeiro-Arenteiro
- XII** Ourense
- XIII** Valdeorras-Trives
- XIV** Monterrei-O Bolo
- XV** A Limia

Pontevedra

- XVI** Deza-Tabeirós
- XVII** O Condado-O Rosal
- XVIII** Pontevedra
- XIX** Arousa-Salnés

7.2. PLAN DE MELLORA XENÉTICA.

O cambio dunha silvicultura de recolección a unha de produción é un paso imprescindible no monte para que o sector forestal galego poida alcanza-las cotas de competitividade que impoñen a internacionalización dos mercados da madeira e dos produtos forestais. A produtividade e eficiencia dalgúns países con producións forestais similares ás nosas fai que a súa oferta resulte moi agresiva nos mercados. Eso obriga a introducir novos métodos silvícolas, a unha mellora das estruturas e a cambios nas actitudes para poder obter rendementos da alta potencialidade productiva do monte galego.

Así pois, o Plan Forestal de Galicia considera prioritario dispoñer de planta de viveiro de calidade e conseguir unha produción adaptada á demanda. Isto obriga a garanti-la calidade xenética da planta forestal.

A precariedade de medios instrumentais e de recursos humanos dedicados a este labor en Galicia aconsella a creación de dous órganos ben diferenciados entre si. Por un lado, a *Sección de Certificación e Rexistro de Sementes e Plantas*, que sería un órgano facultativo dependente da Subdirección de Montes e Industrias Forestais e que exercería as competencias da Administración Autonómica en materia de Rexistro de Viveiros Forestais, Elaboración de Normas de Calidade de Planta e de Sementes, Control e Certificados de Calidade. Tería ó seu cargo a custodia, identificación e mantemento de viveiros de clons.

Por outro, o *Servicio de Mellora Xenética, Sementes e Viveiros Forestais*, con funcións que serían a mellora xenética das árbores forestais, a produción de semente en hortos sementeiros, a provisión de semente a viveiros oficiais e privados e a xestión directa dos viveiros oficiais.

7.3. PLAN DE COMUNICACIÓN E DIVULGACIÓN FORESTAL.

Un dos ámbitos ós que a Administración dos países forestalmente máis relevantes tende a dedicar unha crecente e máis prolongada atención é o da *cultura forestal*,

deseñando e poñendo en marcha proxectos sistemáticos de comunicación e de divulgación forestal, dirixidos por un lado ós grupos en idade escolar, ós educadores e á poboación xeral e por outro ós silvicultores e ós empresarios do sector.

Xúntanse dous tipos de factores para reclamar con urxencia proxectos similares para Galicia. En primeiro lugar, a importancia estratéxica que o sector está alcanzando en Galicia e o prometedor horizonte de futuro que representa, tanto pola súa crecente dimensión económica como polo seu singular peso na ordenación do territorio, aínda rural de máis, e no que tenden a crece-los espacios abandonados. En segundo lugar, o Proxecto de Comunicación resulta á súa vez urxente, porque no sector forestal galego se introduciu un desproporcionado nivel de conflictividade difusa.

Por estas razóns, e porque a implementación do Plan Forestal necesita un alto grao de lexitimidade e de consenso social, o Proxecto de Comunicación constitúe unha das primeiras accións estratéxicas a emprender. O seu deseño ha de seguir moi de cerca os obxectivos e as estratexias do Plan Forestal. Tres ámbitos permiten e reclaman unha actuación de inmediato: os profesionais do sector, os creadores de opinión e a poboación xeral.

Cómpre emprender accións coas asociacións de propietarios de montes, rematantes, serradores e empresas de transformación mecánica ou química, que fagan compatible o rendemento económico coa calidade ambiental e os usos sociais do bosque.

O feito de que a estrutura da Administración tenda a responder ás diversas funcións do bosque con Servicios diferenciados fai necesario implementar tamén dentro dela programas específicos de comunicación, que permitan a comprensión das diferentes esixencias.

Mención á parte merece, por encontrarse a súa inmensa maioría nunha situación de escasa profesionalidade dentro do campo forestal, o colectivo de propietarios de montes e comunidades de montes veciñais. Por isto, un dos programas básicos do Proxecto de Comunicación ten que se dirixir a este enorme colectivo que afecta a unha de cada dúas familias galegas. Entre os temas específicos deste programa,

a difusión das técnicas da silvicultura, a promoción do valor do monte e a viabilidade de formas asociativas teñen que ocupar un lugar prioritario.

Os datos que proporciona a enquisa sobre cultura forestal en Galicia subliñan a necesidade de establecer programas específicos para os profesionais dos medios de comunicación, os ensinantes e os grupos en idade escolar. Neste sentido, urxe realizar unha programación sistemática para incluí-la cultura forestal dentro das ensinanzas reguladas en E.X.B., F.P., B.U.P e C.O.U.

O desenvolvemento dunha política forestal moderna e en concreto a implementación dun plan a longo prazo non se pode realizar sen un alto grao de apoio social. En termos operativos esta afirmación leva implícita a necesidade dun seguimento rigoroso da opinión pública. Por esta razón, a poboación xeral ha de constituí-lo obxecto central de referencia do Proxecto de Comunicación. Os contidos a difundir virán definidos en función da fase en execución e dos instrumentos a aplicar, establecidos no Plan Forestal.

7.4. PLANS COMARCAIS DE INTERVENCIÓN.

Nos apartados deste Plan Forestal nos que se recollen as opinións e demandas dos distintos axentes socioeconómicos, aparece expresada con claridade e unanimidade a idea de que un dos estrangulamentos básicos do monte galego son as deficiencias en infraestructuras, o desaxuste das formas de propiedade e a mala estruturación das masas forestais.

A proposta de creación dos Distritos Forestais que este Plan Forestal presenta ten moito que ver con estas deficiencias e coas actuacións integrais sobre o territorio. A posibilidade de análise e planificación contemplando unidades comarcais e o seguimento próximo e continuo das intervencións derivadas, obxectivos esenciais da xestión nos Distritos Forestais, permitirán simultanear dúas finalidades: mellorar no seu conxunto grandes superficies e obter resultados palpables a curto prazo que provoquen un efecto difusor inmediato.

Estes supostos condicionan e xustifican a proposta de establecer proxectos de intervención comarcal por parte da Administración autonómica. No ámbito forestal dúas liñas de actuación aparecen como prioritarias: a dotación de infraestructuras no monte e as accións de mellora da estrutura da propiedade forestal.

7.4.1. DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS FORESTAIS.

A carencia dun inventario actualizado sobre as infraestructuras do monte galego impide avaliar con precisión as necesidades nun capítulo trascendental para o desenvolvemento forestal. Non obstante, estudos recentes realizados pola Consellería de Agricultura sobre distintas áreas forestais amosan cifras preocupantes sobre as deficiencias nesta materia.

Un aspecto importante a ter en conta é a ausencia de criterios homologados na planificación e construción de camiños forestais, vías de saca, cargadoiros de madeira, áreas corta lumes, etc. Neste sentido, e dun xeito sintético, os factores a considerar son os seguintes: a falta de claridade nos obxectivos da dotación, a multiplicidade e a disparidade de persoas e institucións que executan as obras sen control facultativo, o carácter localista das obras e as dificultades de conservación e mantemento.

Factores todos eles que poñen de manifesto a urxente necesidade dunha perspectiva profesional e unha planificación comarcal na dotación de infraestructuras. Este debe ser un dos cometidos fundamentais da xestión dos Distritos Forestais.

7.4.2. A MELLORA DA ESTRUCTURA DA PROPIEDAD FORESTAL: CONCENTRACIÓN PARCELARIA E ASOCIACIONISMO FORESTAL.

Os poucos datos dispoñibles sobre a estrutura da propiedade forestal serven,

non obstante, para percibi-la gravidade dos problemas principais: o grao de fraccionamento das explotacións e o tamaño da propiedade.

O sistema tradicional de intervención pública para reordena-lo territorio agrario e mellora-la estrutura da propiedade é o da concentración parcelaria. A Lei de Concentración Parcelaria foi proxectada con obxectivos claros de mellora do tamaño das explotacións agrícolas. Con similares presupostos e cos mesmos servizos administrativos fíxose a intervención sobre os espazos forestais. As primeiras concentracións de montes en Galicia realizáronse hai vintecinco anos e desde aquela ata á actualidade interveuse en preto de 50.000 has. de terreos forestais. Consecuencia non prevista da aplicación á propiedade forestal desta técnica, deseñada para as explotacións agrícolas, foi a desaparición do monte e o cambio de uso destes terreos. Os datos da enquisa de cultura forestal indican que a superficie media por propietario de montes en Galicia varía entre 1,62 has. no suposto que estima o maior número de propietarios, e 2,32 has., o menor. Prescindindo do grao de fraccionamento da propiedade, o tamaño medio da propiedade en Galicia indica a imposibilidade de levar a cabo unha explotación e xestión forestal viable con tales dimensións.

O avance do novo Censo Agrario de 1990 amosa que é necesario realizar actuacións de mellora da estrutura da propiedade en aproximadamente 773.000 has. de montes particulares. O 74% desta superficie non alcanza un tamaño de propiedade suficiente para ser considerada unha explotación viable (medias entre 1,65 e 4,31 has.)

A análise destes problemas conduce á conclusión de que o sistema tradicional de concentración parcelaria non pode ser contemplado como solución única ó problema do tamaño das explotacións forestais galegas. Cómpre, pois, buscar solucións que o complementen e axusten para obter resultados satisfactorios.

Noutros países europeos, e en especial nos máis meridionais, existe o mesmo problema de fraccionamento da propiedade. Entre os modelos ensaiados para acometelo destaca, pola súa rapidez e relativo baixo custo, o do asociacionismo forestal. Este concepto, utilizado con profusión en Francia, no campo da xestión e manexo forestal, baséase en conseguir unidades de explotación viables sen varia-los límites da propiedade.

Cadro Nº 7.3. : ESTIMACION DA DISTRIBUCION DA SUPERFICIE DE MONTE PARTICULAR ONDE SE DEBE INTERVIR SEGUNDO O TAMAÑO MEDIO DA PROPIEDAD.

TAMAÑO MEDIO DA PROPIEDAD (has.)	SUPERFICIE A INTERVIR (has.)	% SOBRE SUPERFICIE TOTAL
1,65	136.940	21,2
4,31	412.170	53,3
54,00	197.190	25,5
--	773.303	100,0

FONTE : Elaboración propia a partir do Avance Censo Agrario 1990.

En Italia intentouse resolve-lo problema fomentando, por un lado, o intercambio de terras entre veciños e, por outro, realizando o Goberno expropiacións de fincas seguidas de reorganización da propiedade e posterior venda a particulares. Ambas fórmulas non tiveron éxito no ámbito forestal. Na actualidade inténtanse desenvolver fórmulas asociativas de xestión en común e utilizar instrumentos fiscais para incentivar ós herdeiros de terras forestais na creación de sociedades de xestión dos seus patrimonios.

En Galicia téñense realizado con éxito ensaios deste modelo en bisbarras que presentan diferentes estruturas forestais e socioeconómicas. As figuras xurídicas que regularizan a actividade destas agrupacións son variadas. O inconveniente máis grave detectado ten a súa orixe na inercia do propietario a infravalorar proxectos novos fronte a modelos xa coñecidos.

O modelo mixto «asociacionismo forestal - concentración parcelaria».

A análise da estrutura da propiedade forestal en Galicia e dos resultados e perspectivas das actuacións de concentración parcelaria xunto coa avaliación dos ensaios efectuados sobre asociacionismo forestal, permiten concluír que non é viable economicamente nin posible a curto prazo propoñer un cambio substancial manexando un só instrumento de mellora. A proposta baséase nunha aplicación conxunta

de ambos sistemas apoiada no desenvolvemento de instrumentos auxiliares que cooperarán no logro do obxectivo.

O obxectivo do modelo é conseguir un tamaño de explotación forestal viable asegurando a instalación de masas forestais con estruturas silvícolas axeitadas. O punto de partida consiste en realizar un labor previo de asociacionismo forestal a calquera actuación de concentración parcelaria no monte. O modelo condiciona os investimentos públicos de mellora da estrutura da propiedade á existencia de obxectivos de desenvolvemento forestal viables. Simultaneamente, é posible aplicar instrumentos auxiliares que contribúan a aumenta-lo tamaño das explotacións.

7.4.3. CONDICIONANTES PARA O ÉXITO DOS PLANS COMARCAIS DE INTERVENCIÓN.

A estratexia de execución do Plan Forestal de Galicia está moi condicionada, especialmente nas súas primeiras etapas, ó efecto que produzan os investimentos públicos no monte. Así pois, a realización dos proxectos de intervención débese axustar sen disonancias ós obxectivos do Plan Forestal. Neste sentido cítanse a continuación unha serie de recomendacións que se consideran básicas para o logro destes obxectivos:

- a) A elección das comarcas debe coincidir con aquelas onde se instalen os primeiros Distritos Forestais.
- b) A concentración de investimentos dos distintos servicios públicos é imprescindible para lograr resultados recoñecibles e provocar un efecto difusor que os multiplique.
- c) A coordinación a escala comarcal dos programas de actuación das distintas políticas sectoriais é igualmente imprescindible para conseguir unha mellora integral do territorio sen desequilibrios e para impedir impactos negativos sobre o medio natural.

- d) A relación cos axentes sociais e económicos locais e a súa participación no deseño e desenvolvemento dos plans comarcais é igualmente fundamental para evitar conflitos, actuar con rapidez e promove-lo desenvolvemento integral da comarca.
- e) As actuacións sobre o monte deben responder a obxectivos claros de política forestal.
- f) As comarcas de intervención, nas primeiras etapas de execución do Plan Forestal, deben ser seleccionadas atendendo simultaneamente e de forma preferente a áreas representativas das seguintes características:
- Unidades nas que a mellora do medio natural e o desenvolvemento rural sexan obxectivo principal.
 - Unidades onde a produción de madeira para a industria galega sexa o obxectivo principal.
 - Unidades onde sexa posible mellora-la organización e aproveitamento de montes veciñais en man común.

7.5. A DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS.

A partir do ano 1990, en que se crea en Galicia unha organización específica e comarcalizada de defensa contra incendios forestais (S.D.C.I.F.), que leva realizado un eficiente labor en dous anos de existencia, parece que se encontrou unha solución a parte deste problema. Os esperanzadores resultados obtidos nos últimos dous anos parecen indicar que cómpre continua-la política iniciada neste sentido. Non obstante, sinálanse algúns aspectos problemáticos que cómpre corrixir:

- a) As instalacións comarcais do Servicio de Defensa Contra Incendios Forestais (S.D.C.I.F.) aínda son precarias. Parece conveniente crear estruturas permanentes en cada cabeceira de comarca adaptadas ás necesidades deste servicio e que aseguran uns servicios mínimos ó longo de todo o ano.

- b) A formación continua dos membros do S.D.C.I.F. é imprescindible para mellora-la súa eficacia.
- c) As actividades de extinción de incendios forestais que realizan outras institucións sen estrutura profesionalizada estable deben ser paulatinamente trasladadas ó S.D.C.I.F.
- d) A relación e comunicación dos responsables comarcais do S.D.C.I.F. cos propietarios de montes, comunidades de montes veciñais e axentes sociais involucrados debe potenciarse e regularizarse.
- e) Cómpre garantir fondos públicos destinados á dotación de infraestrutura de prevención, á realización dos traballos estratéxicos de prevención, así como ó establecemento de infraestructuras de vixilancia e ó equipamento de servizos de defensa.
- f) O interese do estamento xudicial polo delicto ecolóxico.
- g) A organización de defensa contra incendios forestais debe prestar unha especial atención e planifica-la comunicación coa sociedade e realizar un seguimento sistemático da opinión pública a este respecto.

7.6. A INVESTIGACIÓN E AS ENSINANZAS FORESTAIS.

A importancia da produción forestal de Galicia, as dimensións das súas industrias de transformación, a situación crítica que atravesan moitas delas, en particular as de serra, os ambiciosos proxectos pendentes de novas implantacións industriais e a crecente demanda de profesionais que esixirá a xestión de trescentas cincuenta mil hectáreas de espazos sensibles contempladas no Plan Forestal, requiren con toda urxencia a inmediata posta en marcha dunha Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Montes.

Nos niveis intermedios abonda, polo momento, con potencia-las dúas Escolas de Enxeñería Técnica recién creadas e definir especialidades que respondan ás demandas do modelo de monte e ás necesidades da industria e os servizos forestais.

En consonancia cun sector que ofrece pouco valor engadido ás segundas e terceiras transformacións dos produtos forestais, Galicia carece, practicamente, dunha oferta específica de Formación Profesional, proporcional á relevancia do recurso forestal e ás posibilidades industriais que este ofrece. Urxe deseñar unhas ensinanzas profesionais especializadas, que permitan o desenvolvemento do sector. Para isto resulta imprescindible un estudo específico das necesidades actuais e da súa evolución estimada en función do grao de implementación do Plan Forestal.

Na actualidade, e máis aínda nunha comunidade pequena e cun baixo nivel de desenvolvemento, tanto por razóns técnicas coma por razóns de economía de escala, é recomendable relacionar ensino superior e investigación. Neste sentido, o Plan Forestal inclúe na súa nova organización da Administración Forestal unha Subdirección de Investigación, que entre os seus cometidos principais ten o de planificación e coordinación das liñas de investigación neste campo.

O mal estado dos nosos montes, os graves efectos de erosión derivados dos incendios repetidos, así como a falta dunha silvicultura moderna, requiren con urxencia promover a investigación forestal. Neste sentido urxe potenciar como Institución de referencia o Centro de Investigacións Forestais de Lourizán, que pola súa historia constitúe, sen dúbida, o maior capital de Galicia neste campo.

O Centro Técnico da Madeira que cómpre crear á maior brevidade posible, de acordo coas demandas do sector e as prioridades que establece o Proxecto de Lei para o Fomento da Investigación e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia, terá ó seu cargo dúas funcións básicas. En primeiro lugar, poñer a punto as tecnoloxías que necesitan as empresas e establecer canles para a súa transferencia ou difusión áxil; en segundo lugar, presta-los servicios e a asistencia técnica complementaria.

Tal e como a experiencia doutros países aconsella, o Centro Técnico da Madeira debe ser unha entidade dotada dunha estrutura organizativa flexible e vencellada ó sector privado. As dificultades de xestión e a excesiva burocracia que rodean ós centros oficiais fan moi difícil responder con axilidade e eficacia ás demandas das empresas do sector.

7.7. INCENTIVOS O INVESTIMENTO NO MONTE.

O volume das actuacións a emprender no monte galego, xunto coas características da propiedade forestal galega, obrigaron a establecer como unha das estratexias fundamentais do Plan Forestal de Galicia a atracción de capitais cara ó monte. O éxito desta estratexia está altamente condicionado pola existencia dun sistema equitativo de incentivos no que a Administración e o investidor privado poidan beneficiarse de iguais vantaxes e estímulo. Neste sentido hai que revisar a filosofía que informa a aplicación de convenios entre a Administración e particulares para o fomento da produción forestal.

De acordo con estes supostos xerais, parece hoxe necesario propoñer novos incentivos ó investimento forestal. A curto prazo resulta imprescindible substituí-lo concepto tradicional de subvencións polo xa coñecido de «accións ou actuacións forestais concertadas coa Administración».

As subvencións interprétanse na actualidade como unha axuda pública a fondo perdido destinadas á realización dun traballo puntual. Desta forma non existen garantías sobre a permanencia das actuacións ou o logro de obxectivos. Máis aínda, en xeral fixeron valorar máis o conseguir-lo importe da subvención có logro do obxectivo para o que foi establecida. A situación do bosque galego demostra que esta liña de actuación non conduciu a unha mellora estrutural significativa.

As «accións ou actividades concertadas» defínense a efectos deste Plan Forestal como acordos a un prazo establecido, nos que a Administración axuda ó particular na consecución dunha meta coincidente coas súas liñas programáticas e das que o investidor participa co compromiso de reintegrar-lo incentivo se o obxectivo non se cumpre. Os acordos tómanse á vista dun plan ou proxecto que garanta a súa viabilidade.

Este tipo de estímulo considéranse moito máis axustados ás necesidades do Plan Forestal por canto se condicionan a alcanzar obxectivos cuantificables. O seu carácter específico permite adaptar, sen trabas, a acción ás características peculiares de cada comarca ou ás distintas estacións forestais galegas. A igualdade de orza-

mento, non resulta equitativo que se conceda igual subvención á repoboación cunha mesma especie en lugares de moi distinta produtividade.

Este cambio no tratamento dos incentivos fai necesario propoñe-la elaboración a curto prazo dunha normativa legal sobre incentivos forestais acorde cos novos planeamentos e que proporcione estabilidade á situación.

Por último, dentro da estratexia de atraer capitais ó monte e de introducir unha xestión racional mantida que reclama unha perspectiva empresarial, resulta necesario involucrar á banca e ás entidades financeiras neste labor. O Plan Forestal asume que, garantido un horizonte forestal estable e controlado o risco dos incendios, estas entidades verán no monte un importante recurso para o aproveitamento do cal resulta rendible deseñar produtos financeiros específicos. Nesta mesma liña de garantía, as industrias forestais poderían asumir que, en orde a dispoñer dun subministro estable de materias primas necesitan, dunha maneira directa ou indirecta, dedicar parte dos seus recursos á capitalización do monte.

Características básicas dos novos incentivos para o investimento no monte.

- a) Estabilidade das liñas estratéxicas a incentivar a través dunha normativa con permanencia á longo prazo.
- b) Axilización na tramitación administrativa mediante a presentación de proxectos e certificacións de obra visados con aval dun profesional. Esta existencia tende ó mesmo tempo a supera-lo grave problema da atomización das axudas, promovendo a agrupación dos pequenos propietarios.
- c) Priorización e adaptación dos incentivos ós plans comarcais de intervención.
- d) Establecemento de condicións técnicas precisas para a concesión de incentivos.
- e) Mantemento dos incentivos ó longo do período de vixencia previsto no contrato da acción concertada.

- f) Supervisión dos traballos incentivados e responsabilidade dos beneficiarios en caso de incumprimento.
- g) Avaliación sistemática do grao de cumprimento dos seus obxectivos.

7.8. APOIO ÁS COMUNIDADES VECIÑAIS E Á XESTIÓN DOS MONTES EN MAN COMÚN.

Este tipo de propiedades poden chegar a constituír para moitas comunidades propietarias un importante recurso de desenvolvemento rural. A descapitalización destes montes e a carencia dunha xestión correcta e mantida, unidos á precaria falta de institucionalización das comunidades como entidades de dereito, constitúen o seu principal problema. Por esta razón, os instrumentos de apoio ós Montes Veciñais en Man Común teñen que se orientar á constitución de entidades comunitarias sólidas e cunha base xurídica clara, así como a establecer para cada un deles unha xestión viable, no amplo sentido do termo, e a resolve-la súa capitalización.

Na actualidade, a maioría das comunidades non contan coa organización necesaria para levar unha administración eficiente nin unha xestión profesional dos aproveitamentos do monte. Esta situación agrávase se se teñen en conta os conflitos derivados en moitos casos da falta de deslindes e dos aproveitamentos abusivos (ganadería extensiva, roubos de madeira, usurpación de terreos, explotación de canteiras, etc.), a solución do cales ocupa boa parte da actividade das Xuntas Veciñais e supón un desvío estéril, innecesario e ás veces superfluo dos recursos económicos.

Por estas razóns, urxe desenvolver un programa específico de apoio que, por un lado, consolide institucionalmente estas comunidades e as dote dun órgano estable de administración, ofrecéndolles ó mesmo tempo servizos eficientes, estables e profesionais de xestión.

Alí onde sexa posible, será necesario establecer formas viables de xestión privada, mediante o apoio á creación dos servizos técnicos apropiados. Ademais deste instrumento central, débese apoia-la dotación de infraestructuras e abrir liñas axus-

tadas de financiamento que favorezan a capitalización destes montes. Para as comunidades máis deprimidas é razoable pensar nunha xestión tutelada pola Administración a prazos máis ou menos longos.

Dada a diversidade de aspectos, será preciso realizar un estudio que permita coñecer a situación institucional das diversas comunidades e a situación dos montes e dos seus aproveitamentos. De acordo con isto, as actuacións de apoio a realizar por parte da Administración a curto prazo son as seguintes:

- a) Concluí-los traballos de deslinde nos montes veciñais en man común nun prazo máximo de quince anos.
- b) Implementar fondos específicos destinados á dotación de infraestructuras nos montes veciñais.
- c) Destinar fondos especiais para financiar o establecemento de servizos técnicos de xestión mancomunados.
- d) Institucionalizar unha figura xurídica para as Comunidades, en relación coas entidades de poboación que conforman o seu soporte social.
- e) Arbitrar recursos públicos a fondo perdido para a capitalización destes montes, cando non haxa concorrencia de capital privado para facelo.

7.9. APOIO Á INDUSTRIA E COMERCIO DOS PRODUCTOS FORESTAIS.

A expansión das industrias forestais reclama actuar en varias liñas. Unhas dirixidas a superar os estrangulamentos que padecen na actualidade e outras a prestar apoio ó seu desenvolvemento cara ó futuro. Indícanse a continuación unha serie de medidas a curto prazo, destinadas a provocar unha dinamización das industrias forestais galegas, entre as que se inclúen algunhas específicas en determinados sectores que pola súa situación actual requiren intervencións decididas.

- a) A deficiente estrutura industrial de moitos serradoiros galegos, a imposibilidade de competir cos seus produtos no mercado e as escasas posibilidades de mellorar tal situación requiren implementar unha liña de axudas para incentiva-lo cerre dalgunhas destas empresas. Ao mesmo tempo, parece conveniente apoia-la asociación de serradoiros e a incorporación de procesos de segundas e terceiras transformacións ás que presenten proxectos viables.
- b) E urxente a creación dun Centro Técnico da Madeira para desenvolver e incorporar ó sector novas tecnoloxías.
- c) A Administración Autonómica debe actuar con decisión liderando a promoción dos produtos forestais galegos e fomentando o seu consumo. Neste sentido propóñense as seguintes accións que poden resultar altamente eficaces:
- A utilización masiva e prioritaria da madeira galega e os seus produtos derivados nas obras e instalacións que execute a propia Administración galega.
 - A difusión dos produtos do monte galego en exposicións, foros ou demostracións de carácter institucional.
 - A recomendación de utilizar produtos derivados da madeira en substitución doutros materiais. Especialmente interesante pode resulta-lo uso da madeira para envasa-los produtos agroalimentarios de calidade e o emprego do papel como envase e envoltorio multiuso.
 - A disposición de fondos públicos —preferentemente a través do futuro Centro Técnico da Madeira—, destinados a desenvolver novas utilizacións e usos da madeira de eucalipto. Igualmente debe procederse para apoia-lo desenvolvemento de deseños e estilos do moble a partir de madeira galega. Mención á parte merece o impulso da investigación aplicada e do deseño sobre elementos de madeira con fines estruturais. A promoción e fomento da construción de vivendas de madeira e o uso de estruturas de madeira na construción deben ser considerados de alto interese pola súa calidade e economía.

d) A comercialización dos produtos forestais constitúe un capítulo estratéxico na mellora do sector forestal galego. Neste sentido cómpre procurar:

- O apoio público para difundi-los nosos produtos noutros países.
- A presenza de institucións galegas nos foros onde se discute o establecemento das normas de calidade para os produtos forestais.
- O establecemento de normas de calidade para os produtos elaborados en Galicia.

7.10. APOIO ÁS ORGANIZACIÓNS DO SECTOR.

A complexidade do sector forestal en países como Suecia, Finlandia, Francia..., é un dos mellores indicadores do seu dinamismo e peso específico. Malia un certo incremento no número e actividade das organizacións non gubernamentais existentes en Galicia, as do sector forestal privado son aínda precarias. O volume de servizos que prestan ós seus respectivos colectivos dista moito de se parecer ó destas organizacións noutros países ou rexións con similar peso do sector.

O seu papel dentro da Comunidade Europea é cada día máis importante. As autoridades comunitarias consideran que moitas das atribucións que a Administración exerce poden ser desenvolvidas con maior eficiencia polos propios axentes involucrados.

No ámbito forestal e en concreto en Galicia, esta orientación é especialmente decisiva posto que o estrangulamento fundamental do sector reside na atomización da propiedade e a falta de integración entre os distintos grupos do sector. O altísimo número de pequenos propietarios de montes, de comunidades de montes veciñais e de pequenas e medianas industrias forestais, fai moi difícil que poidan dispoñer individualmente de asistencia técnica profesionalizada e de representación institucional. Resultado desta situación é a dificultade para establecer fluxos de materias

primas, produtos e servizos homologados que permitan garanti-la súa obtención regular.

As asociacións profesionais de silvicultores constitúen unha vía obrigada para lle facer chegar á enorme poboación de propietarios de montes as técnicas e os servizos necesarios para a transformación e mellora do monte galego. De acordo con esta formulación, o instrumento básico é o apoio institucional a proxectos concretos no campo da divulgación forestal, o asociacionismo e a prestación de servizos técnicos.

Respecto ás organizacións de industriais cómpre distingui-la pequena e mediana empresa dos grandes grupos industriais. As primeiras presentan unha situación en boa medida similar á dos silvicultores. Requiren por tanto un apoio institucional para se dotaren dos servizos profesionais que lles permitan abordar con éxito os problemas estruturais comúns.

Cos grandes grupos industriais, a Administración debe compartir proxectos de envergadura especialmente no campo das infraestructuras, a promoción de grandes liñas de investigación e a capitalización do monte. O papel fundamental dos grupos sociais interesados na conservación e goce da natureza é a promoción e mellora do medio natural mediante a información e educación da poboación en xeral.

Pola súa especial e crecente incidencia no medio natural, é urxente acometer accións deste tipo cos distintos colectivos que agrupan a cazadores e pescadores.

As mesas sectoriais.

Como xa se ten sinalado repetidas veces, dous dos principais factores dos que depende o éxito dun proxecto das dimensións do Plan Forestal son o grao de integración do sector e o seu nivel de aceptación social. Neste sentido cómpre subliñala importante contribución da Mesa Forestal. A pesar do seu curto período de andadura, está constituíndo un excelente lugar de encontro e incluso de incipiente plataforma de negociación entre os distintos actores implicados.

A Mesa Forestal constitúe un importante órgano para a definición dos obxectivos programáticos do sector, a detección dos seus principais problemas e das liñas prioritarias de actuación, así como para a promoción de vías de cooperación para a execución de grandes proxectos e o desenvolvemento equilibrado das diferentes funcións do monte.

Se a Mesa Forestal aparece como a plataforma central do Sector, é necesario, ó mesmo tempo, promover outros foros ou mesas sectoriais que articulen de forma específica outras ramas de actividade.

Esta estratexia débese facer extensiva ó ámbito das actuacións nos Distritos Forestais porque a súa viabilidade e permanencia dependen en gran medida da participación dos axentes e poboacións implicadas.

7.11. REDE DE PARQUES PERIURBANOS E ESPACIOS SENSIBLES.

Un dos espazos de urxente promoción en Galicia son os montes periurbanos dos que se deben dotar tódalas grandes áreas urbanas. Neste campo, as Administracións Públicas han de instrumentar unha crecente diversificación das actividades de ocio no monte, artellándoas nunha rede que cubra as diferentes necesidades e facilite a súa conservación e, incluso, segundo o tipo de uso, non desatenda o eventual aproveitamento productivo. A promoción destas actividades ha de ser utilizada, de forma directa ou indirecta, para desenvolver un dobre labor informativo e educativo respecto ó monte e o sector forestal.

A condición indispensable para que estes espazos sexan viables a longo prazo, tal como requiren os investimentos a efectuar, é que a súa utilización resulte rendible, sexa pola intensidade das actividades de lecer ou por outros aproveitamentos.

Por outra parte, no contorno dos principais núcleos de poboación galegos estanse a producir graves deterioros que afectan moi directamente ó monte e ó medio natural. Entre outros, pódense observar terreos dedicados a monte que se utilizan como vertedeiros de lixo sen ningún control, marxes de ríos e arroios que se ven

continuamente agredidos e canteiras que unha vez explotadas se abandonan sen recuperar. Todo esto estase convertendo nun problema de gran envergadura polo que parece recomendable iniciar un amplo programa de recuperación destes lugares a fin de crear cinturóns verdes no arredor das cidades. Un dos instrumentos idóneos para iniciar este labor pode se-lo desenvolvemento de actuacións coordinadas entre as autoridades municipais, os Servicios Forestais e os Servicios correspondentes de Ordenación do Territorio.

Os espacios sensibles obxecto de planificación específica.

A complexidade destes espacios, unida ó seu alto nivel de fraxilidade, esixe un tratamento integral e sostido. En tal sentido, a estratexia fundamental é a vinculación a eles dun continxente de poboación que os considere, dunha ou outra forma, o seu patrimonio e que obteña deles unha das súas principais fontes de riqueza.

Tal como se sinalou, estes espacios requiren ante todo unha xestión altamente profesionalizada. O punto de partida é a elaboración de plans de ordenación específicos, que necesariamente han de ser consensuados coas poboacións implicadas. Para eso, o labor inicial e ineludible dos Servicios dos Distritos Forestais onde estean enclavados debe ser analizar, ademais das características estacionais, as condicións socioeconómicas e as demandas das poboacións, en orde a poder establecer modelos de cooptación.

O obxectivo destes plans específicos é defini-las posibilidades deses territorios, establece-las prioridades de intervención e regula-la súa implementación, ademais de propoñe-las figuras institucionais que aseguren de forma viable a protección destes espacios.

Outro dos instrumentos, do que o principal efecto deixarase sentir a medio e longo prazo, é a constitución dun patrimonio forestal da Comunidade Autónoma mediante a compra paulatina e sistemática dos espacios máis fráxiles. Fórmulas es-

peciais de intervención e de tutela poderían chegar a facilitar este labor permitindo unha mellora rápida destes espacios e un alto nivel de aceptación social.

A medio ou longo prazo os grandes espacios sensibles tenderán a ser dotados con servizos propios capaces de lles prestar unha xestión especializada.

7.12. SOPORTE XURÍDICO E MECANISMOS DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN FORESTAL DE GALICIA.

As intervencións a longo prazo sobre sectores estratéxicos requiren dúas condicións básicas para resultaren viables: lexitimidade social e eficiencia técnica. O deseño do Plan Forestal intenta, principalmente, responder dun xeito directo á consecución da segunda.

Se o axeitado soporte xurídico do Plan busca garanti-la lexitimidade de partida e a obrigatoriedade da súa realización, a validez técnica do Plan ó longo do tempo esixe, á súa vez, unha supervisión continua e un axuste periódico, que adapte o seu contido á evolución das demandas socioeconómicas, á incidencia das novas tecnoloxías e ós efectos xerados polas actuacións do Plan. Soamente a súa eficiencia poderá mante-la súa validez a longo prazo. Por isto, un dos instrumentos de maior valor estratéxico para o éxito do Plan é dispoñer de capacidade suficiente de seguimento e avaliación e contar coas ferramentas de análise adecuadas.

Soporte xurídico.

Con este dobre plantexamento, parece obrigado estimar, en primeiro lugar, que o Plan Forestal de Galicia debería contar co máximo de legitimidade, isto é, cunha base legal acorde coa envergadura e o horizonte do proxecto.

Tal lexitimidade resulta necesaria para acomete-la implementación por etapas dos diferentes obxectivos do Plan, así como para a posta en marcha dos instrumentos deseñados para facelo. Unha vez sometido a proba, e despois dun prazo medio razoable de vixencia, será posible dispoñer de información suficiente para elaborar

unha lei marco para o monte galego que articule os diferentes espazos, que manteña o equilibrio entre as súas diversas funcións e que garanta tanto a súa capitalización coma a constitución dun Patrimonio Forestal propio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Outra dimensión de crucial importancia, que require un tratamento similar pero que sen embargo necesita unha regulamentación máis urxente, é a dos incentivos ó investimento forestal. Os incentivos teñen que substituí-lo seu carácter puntual e inconexo por unha articulación entre sí e dispoñer da suficiente estabilidade no tempo para que poidan conseguirse as metas operativas que o Plan especifica.

Por outra parte, certas áreas específicas e determinados aspectos con algún grao de conflictividade demandan un apoio legal concreto e máis a curto prazo, como as referentes a caza e a pesca. Similar consideración reclama o estatuto xurídico das Comunidades propietarias de montes veciñais en man común e en particular a súa relación coas entidades menores de poboación, que serven de soporte á súa configuración.

Por último, tamén merece unha pronta atención a adopción de fórmulas xurídicas axustadas ás características dos diferentes espazos sensibles que se contemplan no Plan Forestal.

Mecanismos de avaliación e seguimento do Plan.

Na proposta de modernización da Administración Forestal créase o Gabinete de Estudos e Planificación coa función básica de promover e coordina-los estudos e instrumentos necesarios para avalia-los resultados da política forestal e máis en particular do Plan Forestal de Galicia. As súas aportacións e o material xerado deben permiti-la revisión periódica do Plan e, en consecuencia, facilita-la redifinición das políticas a seguir.

A súa función é dobre: en primeiro lugar, garantir un alto nivel de eficiencia do Plan, evitando as deformacións organizacionais que tenden a converte-los me-

dios en fins, co esquecemento das metas operativas e do seu horizonte. En segundo lugar, incrementa-la lexitimidade social, que require unha intervención de grande envergadura, mediante a coordinación do Plan de Comunicación.

O Plan Forestal ten de se concibir, en consecuencia, como un instrumento capaz de promover e regula-los procesos de interacción entre os propietarios de montes, as empresas de transformación e a sociedade civil, polo que o seu obxecto é, xustamente, non só facer compatibles os intereses dos diferentes grupos senón promover entre eles efectos de sinerxia.

8. INVERSIONS, FINANCIACIÓN E BALANCE ECONÓMICO.

Os inversións necesarios para a transformación do monte desde o seu estado actual ata o modelo futuro deben ser dirixidos tanto a crear un capital idóneo forestal e territorial como a implementar unha serie de instrumentos que fagan posible as modificacións necesarias. Na industria transformadora, xa sexa polo incremento da produción, xa sexa polas dotación substitutivas, son necesarias cuantiosas inversións que é necesario contabilizar para facer unha globalización dos recursos económicos que a execución do Plan Forestal supón.

O mantemento da produción nas masa forestais que non van ser transformadas e o mantemento dos servicios de protección conlevan uns gastos periódicos que tamén deben avaliarse para facer unha cuantificación dos fluxos de gastos.

A partir da evolución da produción forestal proxectada faise unha cuantificación dos ingresos directos que se obterán do conxunto do sector forestal. O fluxo de inversións e gastos, os datos de capital e os ingresos serven de base para facer un balance financeiro do Plan Forestal e estimala viabilidade da financiación. Por último faise unha xustificación do prazo de execución elexido para o Plan Forestal de Galicia.

8.1. RESUME DOS INVERSIONS PREVISTOS.

As inversións a realizar durante o período de vixencia do Plan resúmense por conceptos, tipo de inversión e quinquenios nos cadros Nº 8.1. e Nº 8.2.

Cadro Nº 8.1. : RESUME DE INVESTIMENTOS POR CONCEPTOS.

CONCEPTO	INV. REPOSICION	INV. REAL	TOTAL
1. Inversións reais no monte:			
1.1. Monte de función productiva.			
1.1.1. Capital forestal	---	244.905	244.905
1.1.2. Capital territorial	127.068	52.060	179.128
1.2. En montes de vexetación espontánea.	2.078	7.540	9.618
1.3. En espazos sensibles.			
Dotación de infraestructuras	8.628	8.419	17.047
1.4. Espazos forestais periurbanos.			
Dotacións	---	12.972	15.685
Conservación	2.713	---	
1.5. Terreos agrícolas.	1.520	3.044	4.564
2. Inversións de reposición:			
2.1. Monte arborizado de función productiva non transformado.			
2.1.1. Selvicultura monte a manter	73.736	---	73.736
2.1.2. Selvicultura monte antes da transformación.	978	---	978
2.2. Monte arborizado de función productiva transformado, unha vez realizada a corta do primeiro turno (ata o ano 32).	44.414	---	44.414
3. Outras inversións de reposición:			
3.1. En prevención de incendios.	130.000	---	130.000
3.2. Noutras actividades.	49.000	---	49.000
4. Inversións reais en medios instrumentais:			
4.1. Plan de Mellora Xenética	1.600	1.705	3.305
4.2. Plan de Comunicación e de Cultura Forestal.	---	5.000	5.000
4.3. Plans de intervención comarcal.	---	60.000	60.000
4.4. Apoio ás comunidades e á xestión de montes veciñais.	56.480	---	56.480
4.5. Apoio ás organizacións profesionais.	6.000	---	6.000
4.6. Apoio ó comercio de produtos forestais.	---	---	---
4.7. Rede de espazos sensibles.			
. Selvicultura	15.360	---	15.360
. Xestión	40.000	---	40.000
4.8. Protección legal de montes públicos e veciñais.	---	4.000	4.000
4.9. Tecnoloxías selvícolas e industriais.	---	112.319	112.319
4.10. Servicios administrativos varios.	---	25.577	25.577
4.11. Viveiros forestais da iniciativa privada.	---	420	420
5. Inversións en terreos.	---	39.500	39.500
6. Custos dos servicios administrativos.	188.800	---	188.800
7. Inversións en capital instalado da industria.	---	596.730	596.730
T O T A L	748.375	1.174.191	1.922.566

Cadro Nº 8.2. : RESUMEN DE INVESTITENTOS POR CONCEPTOS E POR QUINQUENIOS.

CONCEPTO	QUINQUENIO								TOTAL
	1º	2º	3º	4º	5º	6º	7º	8º	
1. Inversións reais no monte:	33.070	46.248	40.617	41.021	29.817	22.014	18.923	13.195	244.905
1.1. Monte de función productiva.	9.644	9.644	9.353	9.353	5.025	5.025	2.008	2.008	52.060
1.1.1. Capital forestal	3.706	9.372	13.001	16.902	18.827	20.876	21.835	22.549	127.068
1.1.2. Capital territorial	711	712	1.246	1.246	1.365	1.366	1.486	1.486	9.618
1.2. En montes de vexetación espontánea.	1.034	1.035	2.170	2.170	2.555	2.555	2.764	2.764	17.047
1.3. En espazos sensibiles.	665	1.940	2.290	2.342	2.185	2.153	2.221	1.889	15.685
1.4. Dotación de infraestructuras									
1.4.1. Espacios forestais periurbanos.									
1.4.2. Dotacións									
1.5. Conservación	456	457	532	533	608	609	684	685	4.564
1.5.1. Terreos agrícolas.									
2. Inversións de reposición:									
2.1. Monte arbolado de función productiva non transformado.	9.217	9.217	9.217	9.217	9.217	9.217	9.217	9.217	73.736
2.1.1. Selvicultura monte a manter									
2.1.1.1. Selvicultura monte antes da transformación	390	252	167	88	40	27	14	0	978
2.1.1.2. Selvicultura monte antes da transformación									
2.2. Monte arborizado de función productiva transformado, unha vez realizada a corta do primeiro turno (ata o ano 2.032).									
2.2.1. Monte arborizado de función productiva transformado, unha vez realizada a corta do primeiro turno (ata o ano 2.032).									
2.2.2. Monte arborizado de función productiva transformado, unha vez realizada a corta do primeiro turno (ata o ano 2.032).									
3. Outras inversións de reposición:	16.250	16.250	16.250	16.250	16.250	16.250	16.250	16.250	130.000
3.1. En prevención de incendios.	6.125	6.125	6.125	6.125	6.125	6.125	6.125	6.125	49.000
3.2. En outras actividades.									
3.3. En outras actividades.									
4. Inversións reais en medios instrumentais:	700	905	700	200	200	200	200	200	3.305
4.1. Plan de Mellora Xenética.	1.000	1.000	1.000	500	500	500	500	500	5.000
4.2. Plan de Comunicación e de Cultura Forestal.	10.000	10.000	8.000	8.000	8.000	8.000	8.000	8.000	60.000
4.3. Plans de intervención comarcal.									
4.4. Apoio ás comunidades e á xestión de montes veciñais.	7.060	7.060	7.060	7.060	7.060	7.060	7.060	7.060	44.500
4.5. Apoio ás organizacións profesionais.	750	750	750	750	750	750	750	750	56.480
4.6. Apoio ó comercio de produtos forestais.									
4.7. Rede de espazos sensibiles.	4.670	5.670	6.170	6.670	6.670	7.170	8.670	9.670	6.000
4.7.1. Selvicultura									
4.7.2. Xestión									
4.8. Protección legal de montes públicos e veciñais.	1.000	1.000	2.000	2.000					4.000
4.9. Tecnoloxías selvícolas e industriais.	5.938	6.812	9.666	13.742	16.187	18.225	20.263	21.486	112.319
4.10. Servicios administrativos varios.	1.750	2.019	2.491	3.164	3.567	3.904	4.240	4.442	25.577
4.11. Viveiros forestais da iniciativa privada.	200	100	120						420
5. Inversións en terreos.	4.000	5.000	5.500	6.000	8.000	11.000			39.500
6. Coste dos servicios administrativos.	23.600	23.600	23.600	23.600	23.600	23.600	23.600	23.600	188.800
7. Inversións en capital instalado da industria.	27.426	27.426	90.313	90.313	90.313	90.313	90.313	90.313	596.730
T O T A L	169.362	192.594	257.838	265.246	261.298	263.847	259.582	252.800	1.922.566

8.2. DISTRIBUCIÓN DOS INVESTIMENTOS ENTRE INICIATIVA PÚBLICA E INICIATIVA PRIVADA.

INVESTIMENTOS E GASTOS DA INICIATIVA PÚBLICA.

1. Inversións reais no monte.....	261.742 MPts.
2. Inversións de reposición.....	43.832 MPts.
3. Outras inversións de reposición.....	179.000 MPts.
4. Inversións reais en medios instrumentais.....	271.881 MPts.
5. Inversións en terreos.....	39.500 MPts.
6. Servicios administrativos.....	188.800 MPts.
TOTAL INICIATIVA PÚBLICA.....	984.775 MPts.

INVESTIMENTOS DA INICIATIVA PRIVADA.

1. Inversións reais no monte.....	284.501 MPts.
2. Inversións reais en medios instrumentais.....	56.580 MPts.
3. Inversións na industria.....	596.730 MPts.
TOTAL INICIATIVA PRIVADA.....	937.811 MPts.

TOTAL GASTOS E INVESTIMENTOS..... 1.922.566 MPts.

8.3. INCENTIVOS O INVESTIMENTO PRIVADO.

1. Para a creación de masas novas:	
60% da inversión privada.....	125.523 MPts.
2. Para selvicultura:	
50% dos gastos de reposición.....	37.648 MPts.
3. Para a instalación de viveiros:	
50% da inversión.....	120 MPts.
4. Para a inversión industrial:	
15% do importe.....	89.509 MPts.
TOTAL INCENTIVOS.....	252.800 MPts.

8.4. FONTES DE FINANCIACIÓN.

A financiación das inversións que se establecen no Plan representan unhas cifras moi importantes no panorama económico de Galicia. En conxunto, a financiación media anual está arredor dos 48.000 millóns de pesetas, variando entre 33.872 MPts. como media do primeiro quinquenio e un máximo de 53.049 MPts. para o cuarto.

No ano 1.991, sen contar cos gastos de administración e de investigación, o sector invertiu no monte e na industria de primeira transformación uns 17.300 MPts., dos que un 42% corresponden ós Presupostos da Comunidade Autónoma.

Se se considera que as aportacións da Administración do Estado e dos Fondos europeos son na actualidade meramente simbólicos, cabe esperar que a formulación deste Plan poida recibir un apoio financeiro decidido por parte da Comunidade Europea (CE) e por parte do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA). Cunha idónea asignación de recursos propios por parte da Comunidade Autónoma, dada a rendabilidade socioeconómica deste Plan e a rendabilidade tanto do monte como das industrias forestais para a iniciativa privada, pode completarse satisfactoriamente as necesidades. A modo de avaliación de recursos, expónse o modelo seguinte:

FINANCIACIÓN	INVESTIMENTO OU GASTOS	
	PÚBLICOS	PRIVADOS
Comunidade Autónoma	400.000	63.200
Presupostos do Estado	292.377	63.200
Fondos C. E.	292.378	126.400
Capital privado	_____	685.011
	984.755	937.811

É dicir, do total de recursos necesarios, a aportación relativa poderá ser:

Presupostos da C. A. de Galicia.....	24,09%
Presupostos do Estado.....	18,49%
Fondos da CE.....	21,78%
Capital privado.....	35,69%

Con estes supostos, a aportación anual media dos presupostos da Comunidade Autónoma galega a este Plan Forestal, 11.580 millóns de pesetas, estaría arredor do 3% do Presuposto de 1991, porcentaxe que se considera perfectamente asumible e lixeiramente superior á aportación actual en materia forestal. A mesma aportación pública anual media suporía o 4 por mil do PIB galego do ano 1992.

Respecto ó Aforro Neto da Comunidade Autónoma galega, estimado en 1992 en 400.000 millóns de pesetas, a media anual da inversión do Plan, 48.050 millóns de pesetas, representa o 12%. Esta porcentaxe diminúe ó 8% ó considera-la inversión total do primeiro ano de vixencia do Plan Forestal. Se se ten en conta a aportación exterior de fondos e se mantén o nivel económico galego actual, non parece esaxerado pensar que, entre os presupostos da Comunidade Autónoma e a iniciativa privada, sexa ésta interior ou exterior ó seu territorio, se poda invertir no sector forestal un 7% da capacidade de aforro de Galicia.

8.5. BALANCE ECONÓMICO.

O balance económico do Plan pode realizarse seguindo diversos indicadores; as amortizacións a longo prazo das inversións forestais así coma os diferentes conceptos de gastos que entran na súa realización fai difícil o deseño de bos indicadores. A análise dos beneficios está dificultado, ademais, pola produción de bens e servizos non medibles en termos económicos, tales como as funcións de protección, o ocio, a caza, a conservación de áreas sensibles, etc.

Se nos gastos non se contabilizan as inversións en terreos (39.500 MPts.), por ser capital que se conserva, as inversións reais en montes de vexetación espontánea (9.618 MPts.), en espazos sensibles (17.047 MPts. e 55.360 MPts.), en espazos forestais periurbanos (15.685 MPts.) e en terreos agrícolas (4.564 MPts.) por non obter deles produtos económicos cuantificables, e se só se contabiliza o 75% dos gastos en servizos administrativos para desconta-lo importe dedicado a servizos

de caza, pesca e espazos sensibles, ó remeta-lo prazo de execución os ingresos superarían lixeiramente ós gastos, segundo se contabiliza no cadro Nº 8.3.

Nesta situación hai que engadi-lo valor do capital creado ó remata-lo prazo, sexa forestal, territorial ou industrial, para facer un cómputo máis completo. O capital forestal e territorial en monte de función productiva creado sería 424.033 MPts. O capital das instalacións industriais estímase en 180.626 MPts. Co que, o balance final tería un superávit de 615.000 MPts. que, comparado coa cantidade total contabilizada de 1.719.000 MPts. invertida, representa o 36%.

Cadro Nº 8.3. : BALANCE ENTRE INVERSIONS EN MONTES DE FUNCIÓN PRODUCTIVA E INDUSTRIAS FORESTAIS E BENEFICIOS. (En miles de millóns de Pts.).

QUINQUENIO	INVERSIONS		BENEFICIOS ANTES DE IMPUESTOS	DIFERENCIA
	Quinquenio	Acumulado	A c u m u l a d o	
1.993/1.997	150	150	107	-43
1.998/2.002	170	320	230	-90
2.003/2.007	232	552	388	-164
2.008/2.012	239	791	583	-208
2.013/2.017	232	1.023	816	-207
2.018/2.022	231	1.254	1.084	-170
2.023/2.027	236	1.490	1.389	-101
2.028/2.032	229	1.719	1.729	+10

Se se compara á súa vez o capital invertido co valor engadido bruto xerado nos 40 anos de vixencia, avaliado en 7.312.000 MPts., resulta unha relación de 1 a 4,25. Non obstante, o beneficio da capitalización do monte derivado da realización do Plan tenderá a unha estabilización a partir do quinquenio 2.057/2.062; entón, o VEB sería superior nun 48% ó do 2027/2032 e máis de 5 veces o do quinquenio inicial.

Estes indicadores dan unha valoración moi favorable do conxunto de accións contempladas e amosan a alta rendabilidade do conxunto do Plan.

8.6. PRAZO DE EXECUCIÓN DO PLAN FORESTAL DE GALICIA.

O período de duración do Plan Forestal de Galicia depende dunha serie de parámetros.

O primeiro é o tempo necesario para a regularización de cada unha das especies, os límites dos cales virán definidos polos turnos correspondentes ó máis curto e ó máis longo.

O turno menor é o do eucalipto —15 anos—; polo tanto o período non será inferior a este tempo, pois se así fose non habería regularidade na produción. Pola súa parte, as especies de turno máis longo (carballos, 150 anos) teñen unha incidencia moi pequena na produción, polo que a súa influencia, baixo este aspecto, na delimitación do prazo de execución é escasa. Se ademais se ten en conta que entre o eucalipto, o piñeiro radiata (turno de 25 anos) e o piñeiro pinaster (turno de 35 anos) están o 77% da produción, cun prazo de 40 anos conséguese regularizar máis de tres cuartas partes da produción madeirable.

O segundo parámetro a ter en conta é a disponibilidad de recursos humanos, institucionais e financeiros. Parece claro que ó longo de 40 anos non resulta problemático conseguir un número suficiente de profesionais cualificados nos diferentes niveis. Igualmente resulta viable crear unha rede institucional adecuada e garanti-lo suministro de planta mellorada da maioría das especies.

Este punto resulta ademais de crucial importancia, porque a regularización das producións nun prazo demasiado curto aumentaría enormemente os riscos, suporía unha aposta demasiado grande por unhas tecnoloxías restrinxidas e non permitiría un nivel de control suficiente das variacións biolóxicas cruzadas coas estacionais.

Suposta a viabilidade técnica do modelo de monte no período de 40 anos, é preciso contemplar se é posible dispoñer dos recursos financeiros necesarios. A análise deste tema require ter en conta os diferentes axentes implicados no monte e que, polo tanto, están dispostos a investir nel. Entre os axentes públicos é preciso contar coa Comunidade Autónoma, o Estado e a CE. Estes dous últimos proclaman, xustamente, un alto interese por conseguir vías alternativas á crise agrogan-

deira. En canto á iniciativa privada, é preciso contar cos propietarios de monte e as empresas transformadoras, que necesitan asegura-lo suministro de materias primas. Para o primeiro quinquenio estímase necesaria unha inversión anual de trinta e catro mil millóns de pesetas. A distribución asignada dun 25% á CE, un 24% o Goberno Central, un 32% á Comunidade Autónoma e un 19% ós propietarios e as empresas representan cantidades realistas e asumibles. Esta estrutura reflexa un apoio moi pronunciado na inversión pública. A este propósito é preciso notar que se trata, basicamente, de inversións de choque en infraestruturas, que provoquen o despegue do sector. Na medida en que a aproximación do modelo de monte incrementa a confianza no valor da súa capitalización é altamente probable que a inversión privada aumente, ó tempo que a Administración Pública comezará a ter retornos a través dos impostos derivados das diferentes actividades.

Os corenta anos resultan, así mesmo, un prazo razoable para establecer un manexo adecuado dos espazos sensibles, así como para promover unha nova cultura forestal que permita provocar entre a poboación as actitudes e comportamentos que require o coidado do monte.

E preciso sinalar, por último, que fixar un prazo de execución do Plan Forestal de Galicia equivale a entrar no ámbito dunha racionalidade limitada, que ten como horizonte a toma dunha decisión satisfactoria, non necesariamente a óptima. Esta última pertence tan só ó reino do teórico.

9. PLAN ESPECIAL PARA O QUINQUENIO 1993-1997

9.1. INTRODUCCIÓN.

Á hora de poñer en marcha o Plan Forestal —o mesmo que calquera outro plan xeral de intervención— o primeiro paso obrigado é selecciona-las accións capaces de inducir efectos multiplicadores sobre todo o sector e de darlle consistencia institucional. Concreta-lo esforzo —tal como se fixo co problema dos incendios— en puntos neurálxicos constitúe a estratexia obrigada na fase de despegue.

En segundo lugar, a eficacia destas primeiras intervencións depende da definición precisa do seu alcance e do período de execución. Neste sentido parece razoable establece-lo Plan Especial a cinco anos, porque, ademais de constituir un prazo abarcable por un programa de política forestal, resulta suficiente para poñer en funcionamento os principais instrumentos a través dos que se implementará a transformación do monte e do sector.

Posto que o primeiro obxectivo do Plan Forestal de Galicia é a estrutura e a capitalización dos espazos forestais (96% privados) e a unidade central de actuación para chegar ó modelo de monte deseñado é o Distrito Forestal, a primeira esixencia será defini-lo ritmo de implantación dos 19 Distritos. Especial importancia ten a selección dos primeiros, nos que se porá a proba o novo modelo organizativo en condicións altas de viabilidade.

9.1.1. ACTIVIDADES PRELIMINARES: ANO 1992.

A posta en marcha real do Plan Forestal de Galicia prevese para comezos do ano 1993. Con este horizonte é preciso sinalar algunhas actuacións estratéxicas

a desenrolar con antelación a fin de establece-las condicións mínimas para a súa implantación.

O primeiro paso obrigado é elixi-lo procedemento administrativo que dote ó Plan do soporte xurídico adecuado ó nivel de lexitimidade que require unha actuación a longo prazo. Este proceso deberá estar ultimado durante o ano 1992.

Enuméranse a continuación as tarefas preliminares imprescindibles para que o Plan poida resultar operativo a partir de 1993:

- a) Difusión do Plan Forestal de Galicia.
- b) Elaboración da normativa de incentivos.
- c) Iniciación do Plan de Mellora Xenética.
- d) Os presupostos da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural para 1993 deben contemplar especificamente as cantidades precisas para a posta en marcha do Plan Forestal.
- e) Proposta de creación da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Montes de Galicia.
- f) Elaboración do Plan de Comunicación e divulgación de cultura forestal. Urxe iniciar un labor de comunicación liderada pola Administración que transmita á opinión pública os puntos comúns e os obxectivos consensuados do Plan Forestal de Galicia.
- g) Apoio á industria forestal actual. Unha primeira liña relacionada coa industria de serrar. No ano 1992 debe implementarse un fondo orzamentario extraordinario para revitalizar este sector. En segundo lugar parece necesario establecer con urxencia conversacións co sector industrial involucrado para crea-lo Centro Técnico da Madeira. Por último, e dadas as expectativas que sobre este asunto xurdiron, é preciso realizar un esforzo para conseguir que se desenrolen en Galicia proxectos industriais. Urxe completar ciclos de transformación e, en particular, o do papel.
- h) Establecemento de mecanismos de seguimento do Plan. O rigor da execución do Plan a longo prazo esixe o establecemento dun mecanismo de seguimento capaz de analizar de cerca as actuacións e avalia-los resultados.

A importancia destas accións preliminares aconsellan a formación dun equipo técnico *ad hoc* neste ano 1992 para a realización destas funcións.

9.2. PLAN ESPECIAL 1993-1997.

O obxectivo fundamental do Plan Especial para o quinquenio 1993-1997 é establecer e poñer en marcha os instrumentos estratéxicos que permitan desenrolar con éxito as restantes fases do Plan Forestal de Galicia. E, por tanto, un período crucial para o futuro do Plan no que, dentro dun marco de viabilidade, é preciso acertar na identificación das actuacións a acometer.

A este respecto, as intervencións sobre o monte, o medio natural, e en xeral sobre todo o sector, requiren apoiarse en criterios sólidos que faciliten a determinación dos obxectivos operativos a lograr durante estes cinco anos. O primeiro, acorde coa visión integradora do sector que o Plan sostén, é desenrolar tódolos instrumentos estratéxicos deseñados, aínda que non todos teñan que acadalo mesmo nivel de eficiencia neste primeiro prazo. A necesidade de producir un efecto dinamizador de despegue e capaz de abrir expectativas de futuro esixe ó mesmo tempo concreta-la acción destes instrumentos en metas ben definidas.

O segundo criterio considera fundamental, para acadalos obxectivos do Plan, dotar á Administración Forestal dunha estrutura organizativa que lle permite liderar-la política forestal e levala á práctica con eficacia. Neste sentido resulta prioritaria a implantación paulatina dos Distritos Forestais e executar Plans Comarcais de Intervención apropiados e dotados dos recursos precisos.

A partir destes criterios sinálanse a continuación as accións estratéxicas a desenrolar nos primeiros cinco anos de vixencia do Plan Forestal. Non obstante, ó establece-lo presuposto para este Plan Especial contabilízanse o resto de actividades que veñen desenrolándose na actualidade, aínda que adquirirán unha nova dimensión.

9.2.1. ACTUACIÓNS ESTRATÉXICAS 1993-1997.

Modernización da Administración Forestal Autonómica.

Das propostas que presenta este Plan Forestal deben estar concluídas en cinco anos as seguintes actuacións:

- a) A implantación de tódolos Distritos Forestais.
- b) Inicia-lo Plan de Mellora Xenética en 1993 coas instalacións e servizos principais constituídos.
- c) Os Organos Administrativos Centrais de nova creación deben estar operativos en 1993. Os restantes dotaranse en función dos recursos disponibles.
- d) Creación do Servizo de Policía Forestal. Estímase que en 1994 debe ser operativo o Servizo en toda Galicia.
- e) Os Corpos Técnicos Auxiliares deben ser creados en 1993 e seren dotados a partir de 1994.
- f) Completa-la dotación de instalacións nas sedes comarcais do Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais.

Plans Comarcais de Intervención.

Cun desfase dun ano respecto á creación de cada Distrito Forestal, propónse que no prazo de cinco anos se poñan en marcha un total de 14 Plans Comarcais.

Plan de Comunicación e Cultura Forestal.

Durante 1992 debe estar elaborado o Plan de Divulgación. No quinquenio, executaranse as actividades que nel se establezan.

Creación da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Montes.

No curso académico 1994-1995 deben comezar a impartirse as ensinanzas desta carreira.

Programas de apoio á xestión de Montes Veciñais.

Nos Distritos Forestais con maior peso de Montes Veciñais en Man Común débese apoiar a creación de servizos de xestión mancomunados a un ritmo de cinco por ano.

Os novos incentivos.

A partir da publicación do documento regulador en 1992, as prioridades na dedicación dos incentivos serán:

- a) Creación de viveiros privados con dimensión e tecnoloxía suficiente para a súa viabilidade.
- b) Creación de masas regulares e estruturación dos montes de función productiva.
- c) Facilita-la dotación de tecnoloxías ás empresas de explotación e servizos forestais.
- d) Apoio ós programas de formación e divulgación promovidos polas asociacións profesionais.
- e) Apoio ó deseño de novos produtos industriais e ó desenrolo de prototipos.
- f) Apoio á reestruturación e mellora da industria de serrar.
- g) Desenrolo de proxectos industriais de segundas e terceiras transformacións innovadoras.

Creación do Centro Técnico da Madeira.

En 1993 debe estar en funcionamento o Centro Técnico da Madeira.

Formación profesional.

O longo de 1993 deben deseñarse os programas de formación profesional forestal e das industrias da madeira que se implantarán progresivamente.

Institucionalización da Mesa Forestal e promoción das Mesas Sectoriais.

Nos dous primeiros anos do Plan Especial deben institucionalizarse a Mesa Forestal, Comisións e Mesas Sectoriais.

Adquisición de terreos en espacios forestais.

Habilitarase un fondo público para a formación dun patrimonio forestal autónomo co fin de garantir sobre todo a conservación dos ecosistemas máis fráxiles.

9.3. PRESUPOSTO PARA O PLAN ESPECIAL 1993-1997.

A elaboración do presuposto para o primeiro quinquenio segue o esquema empregado para cuantificar as inversións e os gastos do presuposto xeral. (Véxase «*Investimentos, financiación e balance económico*»).

Polo tanto cuantifícanse tódalas inversións e gastos da Administración e tódalas inversións privadas no monte e a industria forestal.

A avaliación máis precisa das actuacións dentro do primeiro quinquenio fai que non coincidan os seus resultados cos que figuran no presuposto xeral, para o mesmo período, xa que neste seguíuse para a cuantificación de certas partidas o conxunto de accións por decenios, atribuíndose despois a partes iguais entre os quinquenios que o compoñen.

Unha vez realizada a cuantificación global, pásase a facer unha distribución entre inversións públicas e inversións privadas, gastos de funcionamento da Adminis-

tración e, despois, estímase os importes que poden acadalos incentivos. Por último propónse un modelo de financiación seguindo o esquema realizado xa para o orzamento xeral.

Presuposto.

1. INVERSIÓNS REAIS NO MONTE.....	14.024 MPts.
1.1. De función productiva.....	11.822 MPts.
1.2. De vexetación espontánea.....	385 MPts.
1.3. En espazos sensibles.....	595 MPts.
1.4. En espazos forestais periurbanos.....	690 MPts.
1.5. En terreos agrícolas.....	532 MPts.
2. INVERSIÓNS DE REPOSICIÓN NO MONTE.....	9.607 MPts
3. OUTRAS INVERSIÓNS DE REPOSICIÓN.....	22.112 MPts.
3.1. En defensa contra incendios forestais.....	16.250 MPts.
3.2. Noutras actividades forestais.....	5.862 MPts.
4. INVERSIÓNS REAIS EN MEDIOS INSTRUMENTAIS...	24.557 MPts.
4.1. Plan de Mellora Xenética.....	1.048 MPts.
4.2. Plan de Comunicación.....	1.000 MPts.
4.3. Plans de intervención comarcal.....	10.420 MPts.
4.4. Apoio ás comunidades e á xestión de montes veciñais	1.031 MPts.
4.5. Apoio ás organizacións profesionais.....	750 MPts.
4.6. Apoio ó comercio de produtos forestais (Incluído no 4.2.).	
4.7. Rede de espazos sensibles.....	1.920 MPts.
4.8. Protección legal dos m. p. e veciñais.....	500 MPts.
4.9. Tecnoloxías selvícolas e industriais.....	5.938 MPts.
4.10. Servicios administrativos varios.....	1.750 MPts.
4.11. Inversións en viveiros forestais.....	200 MPts.

5. INVERSIÓN EN ADQUISICIÓN DE TERREOS.....	4.000 MPts.
5.1. Adquisición en zonas periurbanas.....	3.000 MPts.
5.2. Adquisición en espacios sensibles.....	1.000 MPts.
6. SERVICIOS ADMINISTRATIVOS XERAIS.....	23.600 MPts.
6.1. Dotación oficinas Distritos Forestais.....	1.520 MPts.
6.2. Custos de persoal.....	18.712 MPts.
6.3. Custos de func. dos servicios.....	3.368 MPts.
7. INVERSIÓN NA INDUSTRIA FORESTAL.....	27.426 MPts.
7.1. Reestructuración de serradoiros.....	7.000 MPts.
7.2. Inversión na industria.....	20.426 MPts.
TOTAL INVERSIÓN PLAN ESPECIAL 1993-1997.....	125.326 MPts.

9.4. DISTRIBUCIÓN DE INVESTIMENTOS E GASTOS ENTRE A INICIATIVA PÚBLICA E A PRIVADA NO PLAN ESPECIAL 1993-1997.

Os criterios que se seguen para a distribución entre iniciativa privada e iniciativa pública do orzamento do Plan Especial son os mesmos que se seguiron para a distribución do Presuposto Xeral do Plan Forestal, agás as inversións en industria forestal, para o que se seguiu o exposto no número 7 do apartado anterior.

No cadro Nº 9.1. recóllese a distribución entre iniciativa pública e iniciativa privada dos principais capítulos presupostarios que se inclúen no Plan Especial.

Por parte da Administración, os conceptos máis importantes son as inversións reais, en especial a dotación de infraestructuras, así como os gastos en defensa contra incendios forestais, os Plans Comarcais de Intervención e os gastos de funcionamento dos servicios.

Cadro Nº 9.1. : DISTRIBUCION DE INVESTIMENTOS E GASTOS NO PLAN ESPECIAL.

CONCEPTO	INICIATIVA PUBLICA	INICIATIVA PRIVADA	TOTAL
1. Inversións reais no monte:			
1.1. Monte de función productiva.			
1.1.1. Creación e cultivo de novas masas forestais: 14,58%, públ.; 85,42%, priv.	685	4.013	4.698
1.1.2. Dotación de infraestructuras: 100%, públ.	6.172	---	6.172
1.1.3. Conserv. de infraestructuras: 100%, públ.	952	---	952
1.2. En montes de vexetación espontánea: 100%, públ.	385	---	385
1.3. En espacios sensibles: 100%, público.	595	---	595
1.4. En espacios forestais periurbanos: 100%, públ.	690	---	690
1.5. En terreos agrícolas: 100%, público.	532	---	532
2. Inversións de reposición no monte:			
2.1. Monte arborizado de función productiva:			
2.1.1. Selvicultura monte a manter: 50%, público; 50%, privado.	4.608	4.609	9.217
2.1.2. Selvicultura monte antes da transformación: 50%, público; 50%, privado.	195	195	390
3. Outras inversións de reposición: 100%, público.	22.112	---	22.112
4. Inversións reais en medios instrumentais:			
4.1. Plan de Mellora Xenética: 100%, público.	1.048	---	1.048
4.2. Plan de Comunicación e de Cultura Forestal: 100%, público.	1.000	---	1.000
4.3. Plans de intervención comarcal: 100%, público.	10.420	---	10.420
4.4. Apoio ás comunidades e á xestión de montes veciñais: 100%, público.	1.031	---	1.031
4.5. Apoio ás organizacións profesionais: 100%, público.	750	---	750
4.6. Apoio ó comercio de produtos forestais.	---	---	---
4.7. Rede de espacios sensibles: 100%, público.	1.920	---	1.920
4.8. Protección legal de montes públicos e veciñais: 100%, público.	500	---	500
4.9. Tecnoloxías selvícolas e industriais: 50%, público; 50%, privado.	2.969	2.969	5.938
4.10. Servicios administrativos varios: 100%, público.	1.750	---	1.750
4.11. Viveiros forestais da iniciativa privada: 100%, privado.	---	200	200
5. Inversións en adquisición de terreos: 100%, público.	4.000	---	4.000
6. Costes dos servicios administrativos: 100%, público.	23.600	---	23.600
7. Inversións en capital instalado de la industria.	7.000	20.426	27.426
T O T A L	92.914	32.412	125.326

Por parte da iniciativa privada, os conceptos presupostarios de maior contía son as inversións en creación de novas masas forestais, os gastos de selvicultura dos montes non transformados e as inversións da industria forestal de transformación.

9.5. INCENTIVOS PÚBLICOS O INVESTIMENTO PRIVADO.

Os criterios que se seguen para avalia-lo importe dos incentivos á inversión privada son os que se recollen en *Investimentos, financiación e balance económico*.

Segundo eles, o importe dos incentivos durante os cinco anos de duración do Plan Especial será o seguinte:

Para a creación de masas forestais:	2.408 MPts.
Para a selvicultura de reposición:	2.401 MPts.
Para a instalación de viveiros:	100 MPts.
Para investimento industrial:	3.064 MPts.
Total Incentivos:	7.973 MPts.

9.6. FINANCIACIÓN.

Seguindo o mesmo modelo de financiación que o proposto en «*Investimentos, financiación e balance económico*», resulta:

FINANCIACION	INICIATIVA	
	Pública	Privada
Comunidade Autónoma	37.770	1.993
Presupostos do Estado	27.572	1.993
Fondos C.E.	27.572	3.987
Capital privado	—	24.439
TOTAL	92.914	32.412

E dicir, do total de recursos necesarios, a aportación relativa sería:

Presupostos da C. A. de Galicia.....	31,73%
Presupostos do Estado.....	23,59%
Fondos da C.E.....	25,18%
Capital privado.....	19,50%

SANTIAGO DE COMPOSTELA, XANEIRO DE 1992.